

# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35 | CINEUROPA.GAL
FACEBOOK - INSTAGRAM - TWITTER | SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021



# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35 | CINEUROPA.GAL
FACEBOOK - INSTAGRAM - TWITTER | SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021

Volver ao cine, volver a reencontrarnos coa gran pantalla, recuperar a rutina do mes de novembro para gozar do pracer de encher, de novo, as salas. Non temos máis que deixarnos levar pola intuición e achegarnos con ilusión renovada a unha nova edición do festival internacional de cinema Cineuropa.

Aprendemos que todo pode cambiar de forma moi rápida, aprendemos da fraxilidade e da importancia que ten que a urda do tecido cultural non se deteriore. Non esquezamos que o cine é cultura, pero tamén é economía e sustentabilidade.

Xa non cortamos as entradas, agora dispárase sobre un código QR, a tecnoloxía manda, e a tecnoloxía puxo á nosa disposición pantallas de pequeno formato polas que vimos cine. Nada comparable a entrar no Teatro Principal, no Auditorio de Galicia, no Salón Teatro, no Museo das Peregrinacións, en Multicines Compostela ou na sala Numax, acomodarse na butaca, ver como se apagan as luces e esperar, expectantes, polo que vai acontecer.

E neste acto de ir ao cine, que é tamén de resistencia, está a contribución que todas e todos facemos para que cineastas, actores e actrices, directores e directoras artísticas, de fotografía, de guión, de iluminación, de produción, de programación, de son, de edición, de dobraxe, de animación, compositores e compositoras de bandas sonoras, críticos e críticas, persoal técnico, de acomodación... e cantos dedican tempo e coidado a esta arte, poidan traballar e seguir contribuíndo a facer cultura desde o cinema.



Trinta e cinco edicións avalan un festival no que os públicos son máis que nunca protagonistas, satisfeitos de volver constatar que o nivel de esixencia da programación lles permitirá gozar do mellor do cinema non comercial, dos circuítos alternativos e dos filmes premiados nos festivais de todo o mundo. Tamén compartiremos a emoción da entrega dos nosos galardóns anuais a Verónica Forqué, Nadav Lapid e a Alberte Pagán. Parabéns a estas figuras imprescindibles que pasan a engrosar a xa extensa lista de laureados de Cineuropa

Despois dun 2020 atípico, volvemos en 2021 a sentarnos no Teatro Principal para pasar a noite do Maratón, tendo en conta aínda as restricións vixentes. E de novo teremos o catálogo impreso, para consultar, anotar ou subliñar. Ocupará o seu espazo nas nosas librarías.

Esta edición trae como novidade que o festival sexa competitivo, cun xurado oficial que seleccionará o mellor das e dos directores emerxentes que presentan primeiros traballos na sección Novas/os Cineastas, e que se suma ás seccións oficiais xa coñecidas: Sección Oficial Europea, Panorama Internacional, Panorama Audiovisual Galego e Docs Cineuropa. Ademais, un montón de seccións paralelas entre as que atopamos a que leva o lema do festival este ano: Cinema e totalitarismo.

A todas e todos aqueles que traballan con paixón para que novembro sexa sinónimo de cinema en Compostela, o noso agradecemento, que facemos extensible a entidades públicas e privadas que suman para que Cineuropa continúe a ser festival de referencia.

**Xosé A. Sánchez Bugallo**
Alcalde de Santiago de Compostela

**Un Cineuropa reinventado: cara ao Festival Internacional de Cinema de Galicia**

Está a ter lugar nestes meses de outono unha batalla xorda da que todo quen precisa do cinema para vivir debe ser ben consciente. Este período de tempo que comezou en setembro é a probeta coa cal os donos do negocio –os produtores, os donos de complexos de salas comerciais, pero tamén os distribuidores e os creadores do cinema libre e autoral– están testando o medio ambiente para comprobar se o noso estado de ánimo –despois da pandemia– permite condicións para a permanencia da exhibición desta arte na pantalla grande. Cada entrada que se vende, cada decisión que de modo individual tomamos cada un de nós ao decidir acudir a unha sala de proxección, é unha sorte de voto afirmativo nestes comicios da democracia da cultura, pola supervivencia do cinema tal e como naceu. E como debe seguir latexando.

Non é ningunha frivolidade. Se os datos destes meses non fosen positivos, asistiríamos a un progresivo repregamento dos grandes estudos cara á seguridade lánguida e inerte das plataformas de cinema para consumo doméstico. Naturalmente, se Pixar, Disney ou o próximo James Bond van fuxindo das salas, con eles caerán como fichas de dominó todas as producións do cinema máis sensible e fráxil, as obras con firma deses autores imprescindibles que saben removernos e facernos mellores. Os que conformaron o panorama emocional de Cineuropa nestas tres décadas e media.

Máis que nunca, asistimos a un tempo de resistencia. Ese foi, desde sempre, o estado propio do noso festival. Por iso, o pasado novembro, o Principal –e as demais salas do certame– abriron as súas portas (ou mellor dito, as entreabriron; somos conscientes de cantos de vostedes quedaron forzosamente fóra) nun acto que os responsables municipais e o equipo do festival entendemos como de necesaria simboloxía da cultura que se mantiña en pé mentres fóra todo era comesto polo silencio dunha paisaxe desoladora e case desertizada que todos precisamos deixar atrás.

Foi un acto de fortaleza civil da cultura desenvolver unha edición, celebrar cerimonias de tributo a cineastas e proxectar a colleita dese ano raro con só 30 butacas ocupadas de máis de 400 neste Teatro Principal. Tratouse en grao sumo parecido a un estado de guerra ambiental –porque iso é o que, dalgún xeito, todos vivimos-, sen saber se o pano soportaría eses rigores e deixaríanos concluír esa 34 edición.

Por iso, agora que volveu o son e a vida ás rúas, podemos dicir que regresamos aínda que nunca marchamos de todo.

Como sinal de respecto a quen non se lles puido facer habitable ese Cineuropa do 2020, recuperamos na programación deste novembro algúns dos títulos imprescindibles da pasada edición que non coñeceron estrea comercial e, por tanto, aí permanecen, inéditos, só para os seus ollos.

E traémoslles todas esas ondas de emoción que percorreron os festivais internacionais ao longo destes meses. Que desexos de presentarlles nestas semanas de festival obras da sensibilidade e magnitude do Oso de Ouro de Berlín para o romanés Radu Jude por *Bad Luck Banging or Loony Porn*, ou do León de Ouro veneciano da francesa Audrey Diwan e *L'événement;* ou de que gocen do palmarés case ao completo do pasado Cannes, cos filmes do iraniano Asghar Farhadi, o xaponés Ryusuke Hamaguchi, o danés Joachim Trier, o tailandés Apichatpong Weerasethakul, o israelí Nadav Lapid ou o finés Juho Kuosmanen.

No caso de Nadav Lapid, de modo moi singular. Porque o autor do panorama internacional máis premiado deste tempo (Oso de Ouro en Berlín 2019 por *Sinónimos* e Gran Premio do Xurado en Cannes por *O xeonllo de Ahed*, filme que viviremos como primicia) é o noso Premio Cineuropa Internacional desta edición. Tiña que

ser o premio de 2021 un autor de forza indomeable, á altura da intensidade desta *rentrèe* nos tempos que nos toca vivir. E Lapid e o seu cinema están a forxar –desde a disidencia coas políticas indesexables que o seu país exerce sobre os máis débiles e o clima de asfixia de liberdades civís– una das páxinas máis innegociables e humillantes do cinema como instrumento de arte subversivo e de insubmisión desde a razón da intelixencia. E da exasperación fronte o intolerable.

Celebraremos á actriz española máis laureada na historia do noso cinema: os catro goyas de Verónica Forqué miran cara os novísimos proxectos dunha carreira relanzada. E tamén rememoran que Verónica estivo no primeiro Cineuropa celebrado no Principal, o de 1988, cunha película titulada Caín. Recoñecer a traxectoria inclaudicable de Alberte Pagán como Premio Cineuropa Galego é reencontrarnos coa forza mineral sobre a cal logo se foron construíndo as sendas do Novo Cinema Galego. Pagán, que filma e respira (ou ao revés) como o cineúrgo orgánico deste país.

Como esta ten que ser –por tantas razóns como desexos de mudar de pantalla todos atesouramos– unha edición distinta a todas as anteriores, Cineuropa reinvéntase como festival internacional competitivo. Inauguramos a nosa sección a concurso, moi poderosa, con películas recentemente terminadas de autoras e autores que presentarán aquí a súa primeira ou segunda película. E un xurado oficial que nos dará o primeiro palmarés dos 35 anos dun Cineuropa que, por cifras de espectadores e volume e calibre de programación, non teme presentarse como o Festival Internacional de Cinema de Galicia. E xa o estabamos necesitando.

Nesa liña, gozaremos dun desembarco de cineastas presentando as súas películas en sala en número nunca coñecido no festival. Porque –tamén máis ca nunca– , despois de tanta soidade, necesitamos conversar, debater. Mergullarnos no cinema máis aló do cinema. Ah, entre as presenzas xa anunciadas, a dun Premio Cineuropa como o gran Miguel Gomes.





A menos dun ano da dantesca toma do Capitolio polas hostes trumpistas –e con todos os trumpismos que desfilan tan lonxe e tan preto–, un ciclo sobre cinema e totalitarismos parece unha boa idea. Tamén botamos contas para comprobar que hai 50 anos, en 1971, xurdían simultaneamente dúas películas –*A laranxa mecánica*, de Kubrick e *Cans de Palla,* de Sam Pekinpah, que marcaron cimas de ultraviolencia e controversia de modo ben singular. Tirando dese fío, descubrimos que 1971 deu para unha eclosión de cinema extremo en case todo o mundo, talvez ecos de Vietnam ou raíces da década das loitas armadas, dos terrorismos de variado signo e da estratexia da tensión, Foi –en todo caso– o ano das armas. Non se perdan o regueiro de pólvora.

A carta branca a Suíza como país convidado permitiranos descubrir o máis recente da súa fecunda produción. Un cinema que non adoita chegar a nosas salas pero que lles amosará a súa vitalidade e o seu interese como crisol de culturas. E tamén ese prato forte que supón poder revisitar a filmografía dun dos últimos grandes clásicos vivos da orixe do cinema de autor europeo: o inconmensurable Alain Tanner.

Con todo isto e moito máis queremos retornar á invitación que lles faciamos na primeira liña. Tomen os mandos, aposten por salvar o cinema, ocupen moitas butacas. As persoas de certa idade, porque despois dunha vida xa non entenderiamos esta arte se non é en pantalla grande. E as persoas máis novas, para que non teñan que contarlles a experiencia do que é compartir nunha sala escura a viaxe ao fin da noite das luces longas e mesmerizantes de *Drive my car*. Conduzan con prudencia pero sen dúbidas. Todos os roteiros salvaxes van levar a Cineuropa.

**José Luis Losa**
Director de Cineuropa35

**PROGRAMA POR DÍAS**
pax. 11-18

**PREMIOS CINEUROPA 2021**
pax. 20-27

**LISTADO DE PELÍCULAS DAS SECCIÓNS OFICIAIS**
pax. 28-31

**PELÍCULAS DE SECCIÓNS OFICIAIS**
Proxeccións especiais
(inauguración e clausura)
pax. 32-34

Novas/os Cineastas
pax. 36-43

Sección Oficial Europea
pax. 44-57

Panorama Internacional
pax. 58-63

Panorama Audiovisual Galego
pax. 64-71

Docs Cineuropa
pax. 72-77

**XURADOS**
Xurado Oficial
pax. 80-81

Xurado Novo
pax. 82

**LISTADO DE PELÍCULAS DAS SECCIÓNS PARALELAS**
pax. 84-89

**PELÍCULAS DE SECCIÓNS PARALELAS**
Dereitos Humanos
pax. 90-93

Latidoamericano
pax. 94-100

Fantastique Compostela
pax. 102-107

Cinema e totalitarismo
pax. 108-117

1971. O ano das armas
pax. 118-126

Cinefilias
pax. 128-135

País convidado: Suíza
pax. 136-148

Retrospectiva Alberte Pagán
pax. 150-153

Retrospectiva Fernando Fernán Gómez
pax. 154-156

Rescates
pax. 158-165

Cineuropa miúda
pax. 166-169

Maratón
pax. 170-175

Premios Cineuropa
pax. 176-179

**ACTIVIDADES**
pax. 180-187

**PELÍCULAS ORDENADAS ALFABÉTICAMENTE**
pax. 188-196

**INFO PRÁCTICA**
pax. 198-203

**EQUIPO**
pax. 204-205

# PROGRAMA #CINEUROPA35

## LUNS 8 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
20.00 SESIÓN INAUGURAL:
A PEOR PERSOA DO MUNDO

**NUMAX**
16.30 16 PRINTEMPS
18.15 RESPONSABILIDAD EMPRESARIAL
20.00 MATEÍNA
22.00 O ÚLTIMO HOME VIVO

## MARTES 9 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
18.00 LAS SIAMESAS
20.00 PREMIO CINEUROPA:
NADAV LAPID - O XEONLLO DE AHED
22.30 AFTER BLUE

**SALÓN TEATRO**
17.30 I NEVER CRY
20.00 EL APEGO
22.15 MI IUBITA, MON AMOUR

**NUMAX**
17.00 A FRENCHMAN
19.45 GALICIA FUTURA
- O FUTURO É DAS CABRAS
- PAISAXE HABITADA
- NEURONAS A CEO ABERTO + COLOQUIO
22.00 RIPPLES OF LIFE

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.00 KANDAHAR
18.00 ARREPÍO NA NOITE
20.15 XENERAL IDI AMIN DADA: AUTORRETRATO
22.15 A TARÁNTULA DO VENTRE NEGRO

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.00 TODOS NOS CHAMAMOS ALÍ
19.00 A LEI DO MÁIS FORTE
21.45 ANIARA

## MÉRCORES 10 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.30 LA CAJA
19.30 PARADISE SALE / AFTER BLUE
22.15 COMPARTIMENTO Nº 6

**SALÓN TEATRO**
17.45 ZAHORÍ
20.00 LAS SIAMESAS
22.00 I WANT TO TALK ABOUT DURAS

**NUMAX**
16.30 NARCISO EM FÉRIAS
18.15 NO TÁXI DO JACK
20.00 EL APEGO
22.15 ADIÓS A LA MEMORIA

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.00 NIXON IN CHINA
19.30 O ESTRANGULADOR DE RILLINGTON PLACE
22.00 EL NADADOR + COLOQUIO



#CINEUROPA35 PROGRAMA POR DÍAS

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS**
16.15 A WITNESS OUT OF THE BLUE
18.30 A MORTE DE STALIN + A MORTE DO ESTALINISMO EN BOHEMIA

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
16.00 THE ACT OF KILLING
19.30 A TERCEIRA XERACIÓN
22.00 MATEÍNA

## XOVES 11 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.45 WHETHER THE WEATHER IS FINE
20.00 BENEDICTION
22.45 EARWIG

**SALÓN TEATRO**
17.45 ADIÓS A LA MEMORIA
20.00 MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS
22.00 COMPARTIMENTO Nº 6

**NUMAX**
17.00 LXI
19.45 ¡BRUJA, MÁS QUE BRUJA!
21.45 TENGO MIEDO TORERO

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.00 1984
19.30 VINCERE
22.15 UNHA LAGARTA CON PEL DE MULLER

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS**
16.15 OASIS
18.45 L´ANGLE MORT

## VENRES 12 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.15 ANIARA
19.30 AZOR
22.00 VORTEX

**SALÓN TEATRO**
17.00 CAMINO INCIERTO
19.30 ESCRIBIR O IMPOSIBLE + COLOQUIO
21.15 WET SAND
23.30 DEFENSA

**NUMAX**
12.00 PRESENTACIÓN DO LIBRO ‘FEDERICO GARCÍA LORCA. VIAXE A LA LUNA. EDICIÓN CRÍTICA DE ÁNGEL QUINTANA’
17.00 CARCELLER. EL HOMBRE QUE MURIÓ DOS VECES + COLOQUIO
19.30 DIÁRIOS DE OTSOGA + COLOQUIO
22.15 HECHOS PROBADOS + COLOQUIO

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.30 O HOME DE MÁRMORE
19.45 OS DEMOS
22.00 LA NOCHE DEL TERROR CIEGO

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS**
16.15 A TRISTEZA E A PIEDADE

## SÁBADO 13 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.00 A PEOR PERSOA DO MUNDO
19.15 AS ILUSIÓNS PERDIDAS
22.15 MASS

**SALÓN TEATRO**
17.00 LIBERTAD
19.15 JOSEFINA + COLOQUIO
22.45 EARWIG

**NUMAX**
16.30 MESA REDONDA 'CINEMA E TOTALITARISMOS' + MOLOKH
19.15 HECHOS PROBADOS + COLOQUIO
21.30 MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.30 THE GETAWAY
19.00 CARCELLER. EL HOMBRE QUE MURIÓ DOS VECES + COLOQUIO
21.30 CANS DE PALLA

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS**
16.00 O MATRIMONIO DE MARIA BRAUN
18.30 O POLÍTICO

## DOMINGO 14 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.00 JOSEFINA + COLOQUIO
19.15 LIBERTAD
21.30 MONEYBOYS

**SALÓN TEATRO**
16.30 BELLE
19.00 BENEDICTION
21.45 MI IUBITA, MON AMOUR

**NUMAX**
17.00 EL NADADOR + COLOQUIO
19.00 SPAGAT
21.30 CARLOS VIVO OU MORTO

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.00 NOVECENTO
22.45 CINEMA KOMUNISTO

**MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS**
17.30 RETROSPECTIVA ALBERTE PAGÁN + CLASE MAXISTRAL: QUE É O CINEMA?

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.30 MY LITTLE SISTER
20.00 IT COMES

## LUNS 15 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.00 HOLY EMY
19.15 AS ILUSIÓNS PERDIDAS
22.00 JANE PAR CHARLOTTE

**SALÓN TEATRO**
17.00 ZAHORÍ
19.15 NO ONE´S WITH THE CALVES
21.45 AZOR

**NUMAX**
17.00 A SALAMANDRA
19.30 PRESENTACIÓN DO LIBRO 'AGNÈS VARDA. ESPIGADORA DE REALIDADES Y ENSUEÑOS' + LE BONHEUR / A FELICIDADE
22.15 TERRA DE NINGUÉN

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.00 LXI
17.45 TRES AMIGOS, AS SÚAS MULLERES E... OS OUTROS
20.15 ANA. SEM TÍTULO
22.30 MARE

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.00 A ANSIEDADE DE VERONIKA VOSS
19.15 ACORDA + COLOQUIO
20.45 QUERELLE

## MARTES 16 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.30 HIT THE ROAD
20.00 PREMIO CINEUROPA: VERONICA FORQUÉ + KIKA
22.45 WHETHER THE WEATHER IS FINE

**SALÓN TEATRO**
17.00 SPAGAT
19.30 HOLY EMY
22.00 VIOLATION

**NUMAX**
16.00 UNHA CHAMA NO MEU CORAZÓN
18.15 ATLANTIDE
20.30 9 + COLOQUIO
22.45 REGRESO A REIMS

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.30 SAMI, JOE AND I
19.30 MY LITTLE SISTER
21.45 A LARANXA MECÁNICA

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
16.00 NO TÁXI DO JACK
17.45 EL MUNDO SIGUE
20.15 A BANDA DOS GRISSOM

## MÉRCORES 17 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.30 I WANT TO TALK ABOUT DURAS
19.30 O ACONTECEMENTO
21.45 A ILLA DE BERGMAN

**SALÓN TEATRO**
17.00 NO ONE´S WITH THE CALVES
19.30 9 + COLOQUIO
21.30 LA CHICA NUEVA + COLOQUIO

#CINEUROPA35 PROGRAMA POR DÍAS

**NUMAX**
12.00 PRESENTACIÓN DO LIBRO 'FURIA ESPAÑOLA. VIDA, OBRA, OPINIONES Y MILAGROS DE LUIS GARCÍA BERLANGA (1921-2010), CINEASTA'
16.00 O HOME QUE PERDEU A SÚA SOMBRA
18.00 ALGO SALVAJE. LA HISTORIA DE BAMBINO + COLOQUIO
20.00 MESA REDONDA 'A TRILOXÍA NACIONAL: A TRANSICIÓN POLÍTICA AOS OLLOS DE LUIS G. BERLANGA' + PATRIMONIO NACIONAL
22.45 HIT THE ROAD

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.30 NEEDLE PARK BABY
20.00 MARE
22.00 WET SAND

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.30 MORTE EN VENECIA
20.15 AGÁCHATE, MALDITO

## XOVES 18 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
18.00 ATLAS
20.00 PREMIO CINEUROPA ALBERTE PAGÁN + BS. AS.
22.15 MALA SORTE NO SEXO OU PORNO TOLO

**SALÓN TEATRO**
17.00 MONEYBOYS
19.30 NUN PEIRAO DE NORMANDÍA
21.45 MASS

**NUMAX**
16.30 O VAL PANTASMA
19.15 REGRESO A REIMS
21.15 ONODA, 10.000 NUITS DANS LA JUNGLE

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.15 EL TIEMPO PERDIDO
19.30 LA MUERTE MÁS CRUEL + COLOQUIO
21.30 LA CHICA NUEVA + COLOQUIO

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA ÁNGEL BRAGE**
20.30 O PEREGRINO. A RFG CON CINEUROPA

## VENRES 19 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
16.00 VIOLATION
18.15 ALI & AVA
20.15 A CHIARA
22.15 MARATÓN
- JACINTO
- PRISONERS OF THE GHOSTLAND
- COMING HOME IN THE DARK
- RENT-A-PAL
- MIL GRITOS TIENE LA NOCHE
- LA NOCHE DEL TERROR CIEGO
- PELÍCULA SORPRESA

**SALÓN TEATRO**
16.00 LA CAJA
18.00 PETITE SOLANGE
20.00 UN HEROE
22.30 MEMORIA

**MULTICINES COMPOSTELA**
16.00 FOURBI
18.30 JONÁS QUE TERÁ 25 ANOS NO ANO 2000
20.45 SAMI, JOE AND I
22.45 ALGO SALVAJE. LA HISTORIA DE BAMBINO

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA ÁNGEL BRAGE**
20.30 IT´S A WRAP [KUBRICK IS DEAD]
LA INTRUSA

## SÁBADO 20 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
16.30 UN HEROE
19.00 O ACONTECEMENTO
21.15 DRIVE MY CAR

**SALÓN TEATRO**
16.00 ALI & AVA
18.00 A CHIARA
20.00 QUE VEMOS CANDO MIRAMOS AO CEO?
23.00 JANE PAR CHARLOTTE

**MULTICINES COMPOSTELA**
17.30 NA CIDADE BRANCA
20.45 AS ILUSIÓNS PERDIDAS

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.00 EL TIEMPO PERDIDO
19.00 DRAGÓN RAPIDE
21.30 RIPPLES OF LIFE

## DOMINGO 21 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
16.00 PETITE SOLANGE
18.00 TODO FOI BEN
20.15 NUN PEIRAO DE NORMANDÍA
22.30 VORTEX

**SALÓN TEATRO**
16.00 BELLE
18.30 SILENT NIGHT
20.30 A ILLA DE BERGMAN
23.00 LA TERRA DEI FIGLI

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
17.00 LAS SINSOMBRERO 1 + LAS SINSOMBRERO 2 + LAS SINSOMBRERO 3
20.30 RENT-A-PAL

## LUNS 22 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
17.15 ATLANTIDE
19.30 DRIVE MY CAR
22.45 MALA SORTE NO SEXO OU PORNO TOLO

**SALÓN TEATRO**
17.00 LA TERRA DEI FIGLI
19.30 LA CIVIL
22.15 TODO FOI BEN

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
18.00 NEEDLE PARK BABY
20.15 ATLAS

## MARTES 23 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
16.30 PRISONERS OF THE GHOSTLAND
18.45 ONODA, 10.000 NUITS DANS LA JUNGLE
22.00 PELÍCULA SORPRESA

**SALÓN TEATRO**
16.30 QUE VEMOS CANDO MIRAMOS AO CEO?
19.30 MALENCOLÍA + FLANÈUR EN COMPOSTELA
22.00 LA CIVIL

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
18.00 AUTOBIOGRAFÍA LUI NICOLAE CEAUCESCU

---

## MÉRCORES 24 DE NOVEMBRO

**TEATRO PRINCIPAL**
16.00 SILENT NIGHT
18.00 COMING HOME IN THE DARK
20.15 CERIMONIA DE CLAUSURA + ¿QUÉ HICIMOS MAL?
22.15 MEMORIA

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART**
18.00 CURTAS DE CINEMA EN CURSO + COLOQUIO



# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021



Compostela Cultura
compostelacultura.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

#CINEUROPA35

# PREMIOS CINEUROPA



# NADAV LAPID

O cinema de Nadav Lapid (Tel Aviv, 1975) é furiosamente político. Non hai na súa xeración un cineasta que reflexione con tanta clarividencia coma el sobre as identidades nacionais, que analice as grandezas e miserias dos sentimentos colectivos, que faga unha lectura —xusta por ser demoledora— do furor patriótico que deriva, con desprezábel frecuencia, en furor bélico. Faino desde Israel, un país posuído polo demo das armas ao que se lle consenten os máis crueis ataques aos dereitos humanos. Faino con inequívoco espírito crítico, mais afastándose do maniqueísmo groseiro, desde o recoñecemento das contradicións e a complexidade dun presente no que case nada se pode describir (felizmente) en termos binarios.

O cinema de Nadav Lapid é, ademais, intensamente persoal. A maioría dos seus filmes inspíranse na súa experiencia, en elementos ou episodios da súa propia vida. Nadav foi un neno poeta que improvisaba versos de inexplicábel fondura, coma o Yoav *d'A profesora de parvulario* (2014), filme capital do século XXI, o retrato dunha loita revolucionaria e suicida, a preservación da arte por parte dunha xihadista das palabras en guerra contra a banalidade, unha insuperábel Sarit Larry compoñendo un dos personaxes máis fascinantes das últimas décadas. Nadav foi tamén un "estranxeiro na súa patria" que escolleu marchar de Israel e poñer rumbo a París, igual ca o Yoav da sensacional *Sinónimos* (2019), Oso de Ouro na Berlinale, cun formidábel Tom Mercier coa enerxía dun debuxo animado na pel dun mozo cun empeño imposíbel, o de renunciar radicalmente á súa vida pasada para converterse en francés, convencido de que ser israelí é como padecer un tumor que debe ser extirpado con cirurxía. Nadav é, por suposto, un cineasta que berra contra a extinción da liberdade mentres fai fronte á morte da súa nai e fiel colaboradora, como lle sucede ao Y. (Avshalom Pollak) de *Ahed's Knee* (2021, Premio do Xurado en Cannes). E calquera momento é bo para render xusto tributo á nai de Nadav, Era Lapid, a excepcional montadora das tres primeiras longametraxes do seu fillo, así como da mediometraxe *Do diario dun fotógrafo de casamentos* e dun prodixio de cinco minutos, a curta *Lama – Por que?,* ou de como unha imaxe nunha pantalla pode transformarte para sempre.

Entre o íntimo e o colectivo, entre a razón e o desexo, entre a indignación máis rabiosa e a humanista comprensión e mesmo o cariño polas persoas, as súas paixóns e os seus erros, os personaxes de Nadav Lapid móvense sometidos a impulsos contrarios, a vontade de se expresaren de forma libre e independente, de seren como queren ser mais, inevitabelmente, asumiren que nunca se darán descargado da pesada lousa que é a Historia, das inercias da sociedade en que viven, das súas tradicións, os seus mitos e os seus vicios. Mais nós somos o resultado de todo canto pasa ao noso redor e, de feito, non é posíbel sermos se non é en sociedade (coas súas tradicións, os seus mitos e os seus vicios, unha vez máis). As batallas nas que toman parte os protagonistas das súas películas son batallas perdidas de antemán, mais é un deber que as dean. É necesario perdelas para gañar, para acadar a satisfacción íntima do "había que facelo". Ou para que se produza unha revelación e cambalee o mundo aos seus pés, un mundo de camaradería machista, orde e disciplina coma o do policía de *Policía en Israel*, (2011, Premio Especial do Xurado en Locarno), que acaba por descubrir as tráxicas consecuencias de facer o que supostamente debe. Hai que rebelarse para descubrir as causas profundas do malestar, para identificar o desarranxo do mundo, para combater os discursos uniformes e as mensaxes simples, para pelexarse contra a submisión e as alienacións tóxicas. Para aceptar o perigo, o medo, a incomodidade, a derrota; sinais todos eles de lucidez para avanzarmos nun tempo convulso.

**Martin Pawley**



# VERÓNICA FORQUÉ

**DESDE O ZOO DE CRISTAL**

A Verónica Forqué descubrina unha tarde de primavera do Madrid de 1978, no Teatro Marquina. Foi unha epifanía con varias capas porque a obra que se representaba era *O zoo de cristal*. E aínda que o franquismo permitira algunhas adaptacións con moito corte de censura, aquela era a primeira ocasión en que chegaba na súa integridade a que foi unha das pezas teatrais que marcou a miña persoal educación escénica sentimental. Produciuse esa noite o descubrimento da infinita tristeza que habita nesa obra cenital de Tennessee Williams. Tamén do personaxe de Laura, esa criatura tan fráxil como un unicornio azul, sen dúbida un dos personaxes que máis me emocionou no teatro contemporáneo. A Laura poñíalle todos os filtros desa fraxilidade Verónica Forqué, que me dicían que debutaba. Pero era algo impensable que aquela recreación da Laura de Williams, atrapada polas sombras dunha casa en ruínas e un corpo tan quebradizo como a súa alma, fose traballo dunha primeriza. O rol da súa nai interpretábao Carmen Vázquez-Vigo, que tamén o era na vida real, e que regresaba ao teatro despois de 20 anos. E ela tamén era a autora da soberbia adaptación daqueles abrazos rotos porque falaban dunha familia desmembrada. Todo o que rodea aquela noite de primavera no Marquina lémbroo baixo o halo sublime do paraíso perdido, lugar do que falan esta e case todas as creacións de Tennessee Williams

Despois dese día —moi pouco tempo despois—, pareceume volver ver a Verónica Forqué nunha pantalla, como unha das criaturas daquela obra mestra do esperpento ibérico chamada *Las truchas*, de José Luis García Sánchez, unha xenial regurxitación do xardín das delicias do Bosco e *La grande bouffe* de Ferreri. Como eu era moi fan de Laura —quero dicir da Forqué— agradecín a súa presenza en TVE, naqueles Estudo 1 xa en cor, en La Fierecilla domada ou en La pechuga de la sardina, coas que daquela, nunha televisión pública como xa non temos, alimentaba á audiencia con Shakespeare ou con Lauro Olmo. E tamén TVE brindábanos á actriz como a muller de Marsillach, naquel momento Ramón e Cajal, dirixida polo seu pai, o gran José María Forqué.



#CINEUROPA35 PREMIOS CINEUROPA

Como xa sabemos que unha das grandes artes que domina Pedro Almodóvar é a do cazador de talentos maiores, Verónica Forqué eclosionou para a posmodernidade como Cristal en ¿Qué he hecho yo para merecer esto? Talvez Almodóvar estivo tamén aquela noite de abril no Teatro Marquina, e o personaxe de Verónica, aquela dominatrix cañí, deba o seu nome ao Zoo de Tennessee Williams? O que si sei é que alí, con aquela exhibición —antes de que as mozas Almodóvar se chamaran como tales-, Verónica Forqué tivo o mundo aos seus pés. Non gañou o Goya –que sería o primeiro de España ou quinto de Alemaña— porque o Cabezudo non naceu como premio ata dous anos máis tarde. Pero todos soubemos que a Forqué chegara para quedar. Para ser unha Judy Holliday ibérica con máis tempo e carreira que a norteamericana para despregar o seu talento.

O que vén despois xa o coñecen vostedes. Dúas chamadas máis de Almodóvar (a de *Kika* como protagonista absoluta dun conto de fadas e demos que no seu día foi vituperada e hoxe cada vez cobra maior valor visionario); outras dúas de Fernando Trueba; e un par máis de Colomo. Unha participación nun dos berlangas máis mediterráneos. Catro goyas. E composicións memorables e nunca suficientemente ponderadas como a desa peza descomunal de Basilio Martín Patino chamada *Madrid*. Ou a que fixo para *Amor propio*, unha das películas imprescindibles de Mario Camus e o mellor cinema político sobre a escuma da corrupción que xa nos asolagaba nos 90 do pasado século.

Tras uns anos máis centrada na escena e a televisión, Verónica é reclamada de novo e con forza polo cinema español. Porque necesita a Cristal. A todo o cristal e o ámbar máxico cuxas capas sedimentaron nunha actriz que sabemos capaz de todos os rexistros.

E agora, permitan que volva ao lugar onde comezou esta historia: o teatro. O noso Principal que reabriu as súas portas, xa como espazo público, en 1988. No programa de representacións desa primeira tempada —algúns de vostedes lembrarano— a obra máis celebrada foi *Ay, Carmela*, de José Sanchis Sinisterra. Dez anos despois de debutar no Teatro Marquina, Verónica Forqué representaba a gran traxicomedia da nosa guerra incivil, neste caso un zoo de metal ferruxinoso que trouxo o simún africanista.

E algo máis. Na memoria da primeira edición de Cineuropa celebrada no Principal hai unha película —esta serán poucos quen a lembre— chamada *Caín*. Dirixida por Manuel Iborra, era unha produción de baixo orzamento e moi alta inspiración. Unha sorprendente historia de ambiente escolar periférico na cal se subvertían case todos os preceptos ortodoxos do xénero. Dentro desa película brillaba o talento de Verónica Forqué. Na miña memoria falaba con acento gaditano, pero 34 anos despois calquera se fía.

Foi o primeiro Cineuropa e Verónica, co seu vis de traballada espontaneidade —valla o oxímoro— xa ocupou o corazón do noso festival. Como este novembro que o volve ocupar, esta vez sen outro rexistro que o do tributo e o afecto que merece. Despois de tantos anos.

**José Luis Losa**






**A ESTÉTICA SEN ÉTICA É PURA COSMÉTICA**

Esta frase, que ben podería ser dun eslogan de maio do 68, é perfectamente aplicable á filmografía e o sino creativo de Alberte Pagán.

A obra de Alberte é moi variada, diríamos que poliédrica, pero ten un salientable fío condutor: toda a súa filmografía é cinema militante que convida á reflexión e á procura. Ben podería ser un perseguidor ao estilo máis puramente cortazariano. Por esa e outras razóns, este desafío da creación dentro da creación preside pezas como *Dolores*, que ilustra a tendencia de Alberte de indagar en novas texturas fílmicas ou novas linguaxes cinematográficas, experimentando cunha peli de cinema clásico para dinamitar, precisamente, desde dentro, o dispositivo do discurso do clasicismo. Outras obras nesta liña son *Superficies, Témenos, Catedral de Rouen*, e mesmo *Límites*, unha olhada anti-especista ao mundo animal non humano, un filme cheo de gatiños lindos que pasan de ser animais de certa especie para convertirse nalgo tan simple —e tan complexo— coma un ser vivo.

E, máis atento ao contido, a ideoloxía e o cine como si fora a guitarra ou a metralleta de Woody Guthrie, existe o Pagán do agit-prop cando xa nadie semella atreverse a estilizar o agit-prop: obras como *Película urgente* por *Palestina*, que ilustra, por outra banda, ese cinema máis evidentemente militante. Cinema perentorio, de máxima urxencia. Por iso queremos tanto a Alberte, pola súa irreverencia, pola súa apertura de miras, pola súa capacidade reflexiva como teórico. E pola sua practicidade á hora de nos descubrir todo tipo de referencias artísticas, culturais e literarias. Pola súa poética espida ou metacinematográfica. Polo seu compromiso co cine e co noso tempo. E pola súa idea de vivir rodando, alleo ás altas ou baixas presións, ás marxes dos condicionantes das feiras de vaidades da industria ou do oropel dos festivais divinos.

E tamén por ter xa estado alí cando agromou a xeración do Novo Cinema Galego. Con aquel *Bs. As.* que o situou na avant-garde, como solitaria roca atlántica, cando no cinema en galego o que primaban eran as falsarias peliculas producidas por Gerardo Herrero e míseramente dobradas á nosa lingua por arte e negocio de Pancho Casal. Quremos tanto a Pagán por ser portador da autoridade do xefe da tribu. E por preferir non facelo. Ou sexa, non exercer ningunha oficialidade ou xefatura. Coma un Bartleby ácrata, reluctante a calquera xerarquía de poder sequera artístico. E dono dos seus silencios, dos ecos levitados das súas imaxes. Da sua cosmogonía gobernada solo pola pureza, fronte a un mundo de imposturas.

**Ana Gontad e José Luis Losa**

#CINEUROPA35

# SECCIÓNS OFICIAIS

## NOVAS/OS CINEASTAS

9

AGIA EMI / HOLY EMY

AZOR

JADDE KHAKI / HIT THE ROAD

KUN MAUPAY MAN IT PANAHON / WHETHER THE WEATHER IS FINE

LA CHICA NUEVA

LIBERTAD

MASS

MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS

MONEYBOYS

NIEMAND IST BEI DEN KÄLBERN / NO ONE'S WITH THE CALVES

WET SAND

## SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

A CHIARA

ALI & AVA

ATLANTIDE

BAD LUCK BANGING OR LOONY PORN / MALA SORTE NO SEXO OU PORNO TOLO

BENEDICTION

BERGMAN ISLAND / A ILLA DE BERGMAN

DIÁRIOS DE OTSOGA

HYTTI NRO 6 / COMPARTIMENTO Nº 6

ILLUSIONS PERDUES / AS ILUSIÓNS PERDIDAS

JANE PAR CHARLOTTE

JOSEFINA

L'EVENEMENT / O ACONTECEMENTO

MI IUBITA, MON AMOUR

NO TÁXI DO JACK

ONODA, 10 000 NUITS DANS LA JUNGLE

OUISTREHAM / NUN PEIRAO DE NORMANDÍA

PARADISE SALE / AFTER BLUE

PETITE SOLANGE

RAS VKHEDAVT, RODESAC CAS VUKUREBT? / QUE VEMOS CANDO MIRAMOS AO CEO?

SILENT NIGHT

TOUT S'EST BIEN PASSÉ / TODO FOI BEN

VERDENS VERSTE MENNESKE / A PEOR PERSOA DO MUNDO

VORTEX

VOUS NE DESIREZ QUE MOI / I WANT TO TALK ABOUT DURAS





## PANORAMA INTERNACIONAL

DRIVE MY CAR

GHAHREMAN / UN HEROE

LA CAJA

LA CIVIL

MARE

MEMORIA

RIPPLES OF LIFE

VIOLATION

## PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

¿QUÉ HICIMOS MAL?

ACORDA

ESCRIBIR O IMPOSIBLE

FLANÈUR EN COMPOSTELA

JACINTO

MALENCOLÍA

GALICIA FUTURA

CINEMA EN CURSO

## DOCS CINEUROPA

ALGO SALVAJE. LA HISTORIA DE BAMBINO

CAMINO INCIERTO

CARCELLER. EL HOMBRE QUE MURIÓ DOS VECES

LAS SINSOMBRERO 1

LAS SINSOMBRERO 2. OCULTAS E IMPECABLES

LAS SINSOMBRERO 3. LAS EXILIADAS

RESPONSABILIDAD EMPRESARIAL

RETOUR À REIMS (FRAGMENTS) / REGRESO A REIMS

CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021

#CINEUROPA35

## PROXECCIÓNS ESPECIAIS:

# INAUGURACIÓN E CLAUSURA

Luns 8, 20.00 | Teatro Principal | Inauguración

## VERDENS VERSTE MENNESKE / A PEOR PERSOA DO MUNDO (2021)

**SECCIÓN OFICIAL EUROPEA**

**Joachim Trier**
Noruega, Francia, Suecia, Dinamarca / 127 min / Ficción / Noruegués

**Ficha artística:**
Renate Reinsve, Anders Danielsen Lie, Maria Grazia Di Meo, Silje Storstein, Hans Olav Brenner

**Ficha técnica:**
Guión: Eskil Vogt, Joachim Trier
Fotografía: Kasper Tuxen
Edición: Olivier Bugge Coutté
Produción: Thomas Robsahm

Mellor actriz no Festival de Cannes 2021



Julie vai cumprir os trinta e a súa vida é un desastre existencial. Xa desperdiciou parte do seu talento e o seu noivo Aksel, un exitoso novelista gráfico maior que ela, presiónaa para que conteña a súa enerxía creativa e sente a cabeza. Unha noite cóase nunha festa e coñece ao encantador Eivind. Tardará pouco en romper con Aksel e embarcarse nunha nova relación coa esperanza de que a súa vida adquira unha nova perspectiva. Con todo, terá que decatarse de que xa é tarde para certas opcións vitais.

Mércores 24, 20.15 | Teatro Principal | Clausura

## ¿QUÉ HICIMOS MAL? (2021)

**PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO**

**Liliana Torres**
España, Italia, México / 90 min / Ficción / Español, galego, catalán, italiano, inglés

**Ficha artística:**
Liliana Torres, Xulio Abonjo, Héctor Carballo, Melania Cruz, Jorge Roldán, Isabella Tabarini, Adrián Ríos, Luis Velazquez

**Ficha técnica:**
Guión: Liliana Torres
Fotografía: Lucía C. Pan
Música: Xavi Souto
Produción: Isabel Coixet, Maria Zamora, Daniel Froiz

Sección Oficial do Festival de Sevilla



Lili ten unha relación estable desde hai un par de anos. Aínda que todo parece funcionar entre a súa parella e ela, hai unha infelicidade subxacente na súa vida cotiá que a afasta de ser feliz. Liliana revisará o seu pasado para preguntarse, "que fixemos mal?"





MERCA AQUÍ
ESTEAS OU NON EMPADROADO EN COMPOSTELA,
ATA 90€ SON PARA TI

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

Se tes un **comercio** ou local de **hostalería abónate á campaña**. Se es **cliente**, **troca os teus bonos** e opta a vales de compra adicionais por valor de 100€.

**+info:** bonoscorazoncompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO
COMPOSTELA 2021 2022 AÑO SANTO

#CINEUROPA35

# NOVAS/OS CINEASTAS

Cineuropa dá o salto nesta edición e transfórmase en festival competitivo. A sección a concurso de Novas/os Cineastas –primeiras ou segundas películas– nace con doce títulos que chegan con todos os parabéns de Sundance, Cannes ou Locarno. E un xurado internacional ofreceranos o primeiro palmarés do novo Cineuropa. Obras procedentes de Grecia, Alemaña, España, México, Filipinas, Chile, Taiwán, Arxentina ou Estados Unidos, coa metade da competición protagonizada por mulleres cineastas, no ano que as directoras levaron o premio maior en Cannes, Venecia ou San Sebastián.

Martes 16, 20.30 | NUMAX
Mércores 17, 19.30 | Salón Teatro

## 9 (2021)

**Martín Barrenechea, Nicolás Branca**
Uruguai, Arxentina / 105 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Enzo Vogrincic, Rafael Spregelburd, Sofía Lara Morales
**Ficha técnica:**
Guión: Martín Barrenechea, Nicolás Branca
Fotografía: Matías Lasarte
Edición: Anabela Lattanzio
Produción: Virginia Hinze, Daniel Pensa, Miguel Ángel Rocca, Lucía Gaviglio Salkind
**Sinopse:**
Christian é un xogador moi noviño que se ve a si mesmo como unha gran figura no fútbol mundial. Vive illado, nun ambiente luxoso e solitario, asediado por fanáticos, presionado polos medios de comunicación e obrigado a cumprir os compromisos asumidos polo seu pai, quen actúa como o seu representante. Por primeira vez Christian sente a necesidade de fuxir.

**Nicolás Branca** (Montevideo, Uruguai). A súa primeira curtametraxe, *Las nuevas aventuras de Tom y Jerry* (2005) obtivo o premio á mellor curta experimental no Festival de Cinema e Vídeo Latinoamericano de Bos Aires. En 2008 fundou, xunto a Martín Barrenechea e Álvaro Buela, a compañía AutoCine Films, coa que produciu *Amor robot*, a súa primeira longametraxe.
**Martín Barrenechea** (Montevideo, Uruguai). Guionista, produtor, director de fotografía e cineasta, codirixiu en 2008 *La Deriva*, xunto a Matías Singer, Pablo Montes e Álvaro Buela. É unh dos fundadores da compañía AutoCine Films, onde desenvolve os seus propias proxectos.



Luns 15, 17.00 | Teatro Principal
Martes 16, 19.30 | Salón Teatro

## AGIA EMI / HOLY EMY (2021)

**Araceli Lemos**
Grecia, Francia, Estados Unidos / 111 min / Ficción / Tagalo, inglés, grego
**Ficha artística:**
Abigael Loma, Hasmine Kilip, Michalis Syriopoulos, Angeli Bayani, Ku Aquino, Irene Igglesi
**Ficha técnica:**
Guión: Giulia Caruso, Araceli Lemos
Fotografía: Ki Jin Kim
Edición: Araceli Lemos, Raphaëlle Martin-Holger
Produción: Konstantinos Vassilaros, Mathieu Bompoint, Giulia Caruso, Ki Jin Kim
**Sinopse:**
Cando a súa nai regresa a Filipinas, Emy e Teresa quedan soas en Atenas, onde comezan a forxar camiños separados na procura das súas propias identidades. Teresa, secretamente embarazada do fillo dun mariñeiro grego, é acollida pola igrexa carismática filipina onde Emy non logra encaixar. Ela séntese atraída cara á casa da señora Christina, unha anciá grega que dirixe unhas prácticas de curación alternativa onde adoitaba traballar a nai das dúas irmás. A medida que avanza o embarazo de Teresa, Emy aprenderá a explorar as súas habilidades na procura da súa propia identidade.

**Araceli Lemos** (Atenas, Grecia). A súa ópera prima, *Holy Emy,* foi estreada no Festival de Locarno 2021 e gañou o FirstCutLab como traballo en progreso. A súa curtametraxe *Miguel Alvarez lleva peluca* (2012), foi proxectada en varios festivais de todo o mundo, incluidos Tampere, Outfest e Leeds.





Venres 12, 19.30 | Teatro Principal
Luns 15, 21.45 | Salón Teatro

## AZOR (2021)

**Andreas Fontana**
Suíza, Francia, Arxentina / 100 min / Ficción / Francés, español
**Ficha artística:**
Fabrizio Rongione, Stéphanie Cléau, Alexandre Trocki, Elli Medeiros, Yvain Juillard
**Ficha técnica:**
Guión: Andreas Fontana, en colaboración con Mariano Llinás.
Fotografía: Gabriel Sandru
Edición: Nicolas Desmaison
Produción: Alina Film, Ruda Cine, Local Film, Radio Télévision Suisse (RTS)
**Sinopse:**
Yvan De Wiel, un banqueiro privado de Xenebra, viaxa a Arxentina no medio dunha ditadura para substituír ao seu compañeiro, que desapareceu de noite rodeado dos rumores máis inquietantes. A través de salóns silenciados, piscinas e xardíns baixo vixilancia, un duelo a distancia entre dous banqueiros que, a pesar das súas diferenzas, son cómplices dunha forma de colonización discreta e implacable.

**Andreas Fontana** (Xenebra, Suíza). Formouse como axudante de produción en Bos Aires, e graduouse cun master en produción de cinema na ECAL de Lausana e a HEAD de Xenebra. En 2011 codirixiu con Marie-Eve Hildbrand e David Maye o documental *Dans nos campagnes. Azor*, a súa ópera prima, foi estreada na sección Encontros do Festival de Berlín.



Martes 16, 17.30 | Teatro Principal
Mércores 17, 22.45 | NUMAX

## JADDE KHAKI / HIT THE ROAD (2021)

**Panah Panahi**
Irán / 93 min / Ficción / Persa
**Ficha artística:**
Hassan Madjooni, Pantea Panahiha, Rayan Sarlak, Amin Simiar
**Ficha técnica:**
Guión: Panah Panahi
Fotografía: Amin Jaferi
Edición: Amir Etminan, Ashkan Mehri
Produción: Mastaneh Mohajer, Jafar Panahi, Panah Panahi
**Sinopse:**
Unha familia tan cariñosa como caótica realiza unha viaxe por estrada a través dunha paisaxe accidentada, pero a onde? No asento traseiro, o pai ten unha perna rota, pero realmente está rota? A nai intenta rir cando non está a reprimir as bágoas. O neno está entregado ao seu particular karaoke, con coreografía incluída, no interior do coche. Todos se angustian polo can, que está enfermo, e póñense nerviosos os uns aos outros. Só o misterioso irmán maior permanece calado.

**Panah Panahi** (Teherán, Irán). Estudou Cinema na Universidad das Artes de Teherán. Mentres cursaba os seus estudos dirixiu a súa primeira curtametraxe, coa que participou e gañou premios en numerosos festivais de cinema nacionais e internacionais. *Hit the road* é a súa primeira longametraxe como director.

**— Sección Oficial SEMINCI 2021**



Xoves 11, 17.45 | Teatro Principal
Martes 16, 22.45 | Teatro Principal

## KUN MAUPAY MAN IT PANAHON / WHETHER THE WEATHER IS FINE (2021)

**Carlo Francisco Manatad**
Filipinas, Francia, Singapur, Indonesia, Alemaña, Qatar / 105 min / Ficción / Cebuano
**Ficha artística:**
Charo Santos, Daniel Padilla, Rans Rifol
**Ficha técnica:**
Guión: Giancarlo Abrahan V, Carlo Francisco Manatad, Jérémie Dubois
Fotografía: Teck Siang Lim
Edición: Bienvenido Ferrer III
Produción: Armi Rae Cacanindin, Josabeth Alonso, Vincent Wang
**Sinopse:**
En novembro de 2013, o tifón Haiyan arrasa a provincia de Leyte, no leste de Filipinas. O día seguinte da catástrofe, o director da prisión de Tacloban deixa saír aos presos para que se reúnan coas súas familias. A única condición é que regresen á prisión nunha data determinada, ou pola contra serán perseguidos e asasinados. Fanáticos relixiosos, criminais e oportunistas asolagan de súpeto as rúas da cidade. Miguel, un preso de 20 anos, vai buscar á súa prometida Andrea e á súa nai Norma coa esperanza de convencelas da necesidade de refacer as súas vidas noutro lugar. O seu reencontro, que revelará os motivos do seu encarceramento, será breve e cheo de obstáculos, xa que se aveciña un novo tifón.

**Carlo Francisco Manatad** (Tacloban, Filipinas). Os seus filmes proxectáronse en festivais de cinema como Locarno, Toronto e Clermont-Ferrand. A súa curtametraxe *Jodilerks Dela Cruz, Employee of the Month,* unha película punk, explosiva e chea de desesperación pola situación social do seu país, proxectouse no marco da 56ª Semana da Crítica.



Mércores 17, 21.30 | Salón Teatro
Xoves 18, 21.30 | Multicines Compostela

## LA CHICA NUEVA (2021)

**Micaela Gonzalo**
Arxentina / 77 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Mora Arenillas, Rafael Federman, Jimena Anganuzzi
**Ficha técnica:**
Guión: Micaela Gonzalo, Lucía Tebaldi
Fotografía: Federico Lastra
Edición: Valeria Racioppi
Produción: El Ojo Extraviado, Corinthian Media
**Sinopse:**
Jimena viaxa a Río Grande, illa de Tierra del Fuego, no extremo sur de Arxentina ao encontro do seu medio irmán Mariano. Case non ten cartos para viaxar, pero apáñase para chegar alí coa esperanza de ter unha vida mellor nesa rexión manufactureira. O vento, o frío, e o complexo contexto de crise económica son o marco onde Jimena desenvolverá a empatía polas persoas que a rodean e o sentimento de pertenza, mais tamén un lugar onde aprenderá a coñecerse mellor a si mesma.

**Micaela Gonzalo** (Bos Aires, Arxentina) Estudou cinema no Centro de Investigación e Experimentación en Video e Cinema de Bos Aires. En 2016, a súa curta *Toda mi alegría* foi gañadora do concurso Historias Breves do INCAA e estreouse internacionalmente en 2018 na Berlinale 68. En 2017 obtivo o premio primer guión do Fondo Nacional das Artes para a súa ópera prima La chica nueva.

**— Gran premio «coup de cœur» no Festival de Cine Latino de Toulouse**



Sábado 13, 17.00 | Salón Teatro
Domingo 14, 19.15 | Teatro Principal

## LIBERTAD (2021)

**Clara Roquet**
España / 104 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
María Morera, Nicolle García, Vicky Peña, Nora Navas, Maria Rodríguez Soto, Carol Hurtado, David Selvas, Òscar Muñoz, Sergi Torrecilla, Mathilde Legrand
**Ficha técnica:**
Guión: Clara Roquet
Fotografía: Gris Jordana
Edición: Ana Pfaff
Produción: Tono Folguera, Sergi Moreno, Stefan Schmitz, María Zamora
**Sinopse:**
Despois de moito tempo sen coincidir na súa casa de verán, a familia Vidal pasa as últimas vacacións coa avoa Ángela, que sofre Alzheimer avanzado. Por primeira vez na súa vida, Nora , aos seus 14 anos, sente que non atopa o seu lugar: os xogos de nenos parécenlle ridículos e as conversas dos adultos aínda lle van grandes. Pero todo cambia coa chegada de Libertad, de quince anos e filla de Rosana, a muller colombiana que coida a Ángela.
Rebelde e magnética, Libertad convértese na porta de entrada a un verán distinto para Nora e as dúas nenas rapidamente forxan unha amizade intensa e desigual. Xuntas saen da burbulla de protección e confort que supón a casa familiar e descobren un mundo novo.

**Clara Roquet** (Vic). *Libertad* supón o salto á longametraxe de Clara Roquet, coguionista de *10.000KM*, polo que recibiu xunto a Carlos Marques-Marcet a Biznaga de Prata ao Mellor Guionista Novel e o Premio Gaudí ao Mellor Guion. Ademais, colaborou como guionista con Jaime Rosales na súa última longametraxe, *Petra*.



Sábado 13, 22.15 | Teatro Principal
Xoves 18, 21.45 | Salón Teatro

## MASS (2021)

**Fran Kranz**
Estados Unidos / 110 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Jason Isaacs, Martha Plimpton, Reed Birney, Ann Dowd
**Ficha técnica:**
Guión: Fran Kranz
Fotografía: Ryan Jackson-Healy
Edición: Yang Hua Hu
Produción: 7 Eccles Street, Circa 1888, 5B Productions
**Sinopse:**
Anos despois de que o fillo de Richard e Linda causase unha enorme traxedia, Jay e Gail están por fin dispostos a falar nun intento por tratar de seguir adiante coas súas vidas.
Aínda que a ópera prima do actor Fran Kranz provoca un efecto emocionalmente demoledor grazas aos seus catro actores, que manexan as diferentes capas dos seus personaxes con mestría, o filme flúe grazas a uns diálogos brillantes, así como á construción intelixente da súa atmosfera, desde o plano físico, ata o plano psicolóxico. O resultado é un filme valente que busca promover un debate serio sobre o control de armas e a saúde mental, pero especialmente sobre o perdón e a reconciliación como ferramentas de resiliencia social.

**Fran Kranz** (Estados Unidos). Traballou como actor durante máis de vinte anos en títulos como The Cabin in the Woods (2011) e Much Ado about Nothing (2012), e tamén nos escenarios de Broadway, onde, entre outras obras, participou na montaxe que Mike Nichols realizou de Morte dun viaxante, de Arthur Miller. Mass, a súa ópera prima, tivo a súa estrea Festival de Sundance.

**— Sección Oficial do Festival de Sundance 2021**
**— Sección Novos Directores do Festival de San Sebastián 2021**



Xoves 11, 20.00 | Salón Teatro
Sábado 13, 21.30 | NUMAX

## MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS (2021)

**Claudia Huaiquimilla**
Chile / 85 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Iván Cáceres, César Herrera, Paulina García, Andrew Bargsted
**Ficha técnica:**
Guión: Claudia Huaiquimilla, Pablo Greene
Fotografía: Mauro Veloso
Edición: Andrea Chignoli
Produción: Lanza Verde, Inefable
**Sinopse:**
Ángel e o seu irmán Franco levan un ano nun centro de detención xuvenil. Tras un feito violento, xorde entre os prisioneiros a idea de fuxir a través dun motín. Ángel desconfía do plan pero, preocupado pola saúde de Franco, comeza a velo como a súa única saída.

A película podería caer nos numerosos lugares comúns do subxénero carcerario adolescente, mais non o fai. A cineasta prefire poñer o foco na intimidade dos seus protagonistas, ofrecendo un retrato psicolóxico profundo e realista, que contén unha boa morea de contradicións, de momentos de humor e, por suposto, tamén de dor.

**Claudia Huaiquimilla** (Chile, 1987). A súa curta *San Juan* (2013), obtivo unha mención especial do xurado en Clermont Ferrand. Contextualizada no conflito mapuche e os prexuízos da sociedade cara a mocidade problemática, escribe e dirixe a súa primeira longametraxe *Mala Junta* (2016), gañadora de 40 premios internacionais.

**— Mellor película, mellor guión e mellor actor no Festival de Guadalajara**



Domingo 14, 21.30 | Teatro Principal
Xoves 18, 17.00 | Salón Teatro

## MONEYBOYS (2021)

**C.B. Yi**
Austria, Francia, Bélxica, Taiwan / 118 min / Ficción / Mandarín
**Ficha artística:**
Ko Kai, Chloe Maayan, Yufan Bai, J.C. Lin
**Ficha técnica:**
Guión: C.B. Yi
Fotografía: Jean-Louis Vialard
Produción: KGP Kranzelbinder Gabriele Production, Zorba Production, arte France Cinéma, Panache Productions
**Sinopse:**
Fei gáñase a vida na gran cidade traballando na prostitución. O seu mundo derrúbase cando se decata de que a súa familia acepta os seus cartos pero non a súa forma de vida nin a súa homosexualidade. *Moneyboys* resulta abraiante por ser un filme pouco común que representa a homosexualidade en China con gran sensibilidade e calidez, amosando a confusión que pode causar en alguén sentirse un estraño. Por outra banda, o ritmo da obra suporá un visionado agradable para aqueles que gozan de certo espazo para a contemplación, a medida que se desenvolven os acontecementos.

**C.B. Yi.** Yilin Bo Chen naceu en China, pero vive en Austria desde os 13 anos, onde se formou na Vienna Film Academy baixo a tutela de Michael Haneke e Christian Berger, aínda que as súas maiores influencias son o terror chinés, o surrealismo de Buñuel e a sensibilidade de Wong Kar Wai. *Moneyboys* é a súa primeira película.

**— Premio Un Certain Regard no Festival de Cannes**





Luns 15, 19.15 | Salón Teatro
Mércores 17, 17.00 | Salón Teatro

## NIEMAND IST BEI DEN KÄLBERN / NO ONE'S WITH THE CALVES (2021)

**Sabrina Sarabi**
Alemaña / 116 min / Ficción / Alemán
**Ficha artística:**
Saskia Rosendahl, Rick Okon, Godehard Giese, Andreas Döhler, Nico Ehrenteit, Anne Weinknecht
**Ficha técnica:**
Guión: Sabrina Sarabi. Baseada na novela de Alina Herbing
Fotografía: Max Preiss
Edición: Heike Parplies
Produción: Milena Klemke, Yvonne Wellie, Jakob D. Weydemann, Jonas Weydemann
**Sinopse:**
Cinco casas, unha parada de autobús, vacas e máis nada que campo. Christin, de 24 anos, vive na granxa do seu mozo de hai moito tempo, Jan. Os emocionantes anos posteriores á reunificación que definiron a súa infancia quedaron atrás. A súa relación non ten amor. Mantén o licor de cereixa a man. Baixo o rutilante sol do verán, o tempo parece deterse, ata que chega o enxeñeiro de enerxía eólica Klaus, de 46 anos.

**Sabrina Sarabi** (Kassel, Alemaña). Guionista e directora xermano-húngara-iraniana. Estudou Teatro e Cinematografía na Universidade de Utrecht, e Cinema na Academy of Media Arts de Colonia. Creceu en Alemaña e viviu en Estados Unidos, Holanda e Francia. *No one's with the calves* é a súa ópera prima.

**— Mellor actriz da sección Cineastas do presente do Festival de Locarno 2021**



Venres 12, 21.15 horas | Salón Teatro
Mércores 17, 22.00 horas | Multicines Compostela

## WET SAND (2021)

**Elene Naveriani**
Suíza, Xeorxia / 115 min / Ficción / Xeorxiano
**Ficha artística:**
Bebe Sesitashvili, Gia Agumava, Megi Kobaladze, Giorgi Tsereteli, Eka Chavleishvili, Zaal Goguadze, Kakha Kobaladze
**Ficha técnica:**
Guión: Sandro Naveriani, Elene Naveriani
Fotografía: Agnesh Pakozdi
Edición: Aurora Franco Vögeli
Produción: Cornelia Seitler, Brigitte Hofer, Daniela Ketje
**Sinopse:**
Os veciños dunha vila xeorxiana do Mar Negro cren realmente que se coñecen uns aos outros. Un día, atopan a Eliko colgado. A súa neta Moe acode a organizar o funeral, enfrontándose a unha rede de mentiras e ás tráxicas consecuencias da secreta vida amorosa de Eliko xunto a Amnon, unha relación que durou 22 anos. Con todo, a verdade libera a capacidade de amar de Moe e obriga aos aldeáns a tomar unha posición.

**— Mellor actor na sección Cineastas do Presente do Festival de Locarno 2021**



#CINEUROPA35 NOVOS/AS CINEASTAS

#CINEUROPA35

# SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

O máis salientable da produción europea vista no curso do circuíto anual de festivais internacionais. O mellor de Rotterdam, Berlín, Cannes, Locarno, Venecia ou San Sebastián, arribando a Compostela en moitos casos só semanas despois da súa estrea mundial. As grandes firmas do cinema europeo, nomes xa frecuentes na memoria de Cineuropa.

Venres 19, 20.15 | Teatro Principal
Sábado 20, 18.00 | Salón Teatro

## A CHIARA (2021)

**Jonas Capignano**
Italia, Francia / 121 min / Ficción / Italiano
**Ficha artística:**
Carmela Fumo, Claudio Rotolo, Swamy Rotolo, Rosa Caccamo, Grecia Rotolo, Salvatore Rotolo, Vincenzo Rotolo, Silvana Palumbo
**Ficha técnica:**
Guión: Jonas Capignano
Fotografía: Tim Curtin
Edición: Affonso Gonçalves
Produción: Stayblack, Haut et Court, RAI Cinema, Arte, Eurimages
**Sinopse:**
A familia Guerrasio e os seus amigos reúnense para celebrar o dezaoito aniversario da filla maior de Claudio e Carmela. Existe unha sa rivalidade entre a rapariga e a súa irmá Chiara, de 16 anos, mentres compiten na pista de baile. É unha ocasión feliz e a familia está unida e en plena forma. Pero todo cambia ao día seguinte cando Claudio desaparece. Chiara comeza a investigar: a medida que se achega á verdade vese obrigada a decidir que tipo de futuro quere para ela.

**Jonas Capignano** (Estados Unidos). Pasou a súa infancia entre Roma e Nova York. A súa ópera prima, *Mediterranea* (2015) estreouse na Semana da Crítica de Cannes e puidemos vela en Cineuropa. *A Ciambra* (2017) tivo a súa estrea mundial na Quincena de Realizadores de Cannes, onde gañou o premio Europa Cinemas Label. Vive e traballa en Italia.

**— Mellor película internacional no Festival de Zurich**



Venres 19, 18.15 | Teatro Principal
Sábado 20, 16.00 | Salón Teatro

## ALI & AVA (2021)

**Clio Barnard**
Reino Unido / 95 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Adeel Akhtar, Claire Rushbrook, Ellora Torchia, Shaun Thomas
**Ficha técnica:**
Guión: Clio Barnard
Fotografía: Ole Bratt Birkeland
Edición: Maya Maffioli
Produción: BBC Films, BFI Film Fund, Moonspun Films
**Sinopse:**
Por diferentes razóns, Ali e Ava séntense sós. Coñécense a través de Sofía, a filla dos inquilinos eslovacos de Ali a quen Ava coida. A partir de aí e durante un mes lunar, unha conexión profunda comeza a crecer entre eles, a pesar das secuelas da relación anterior de Ava e a confusión emocional de Ali; e todo iso alimentado pola paixón de ambos pola música.

**Clio Barnard** (Santa Barbara, Estados Unidos). Estudou Belas Artes na Universidade de Northumbria antes de dirixir as curtametraxes *Lambeth Marsh* (2000), *Random Acts of Intimacy* (2002), e *Flood* (2003). En 2010 debutou na longametraxe con *The Arbor*. Logo seguíronlle *The Selfish Giant* (2013), *Dark River* (2017), e Ali & Ava (2021), estreada na Quincena de Realizadores de Cannes.



Martes 16, 18.15 | NUMAX
Luns 22, 17.15 | Teatro Principal

## ATLANTIDE (2021)

**Yuri Ancarani**
Italia, Francia, Estados Unidos, Qatar / 100 min / Documental / Italiano
**Ficha artística:**
Daniele Barison, Bianka Berényi, Maila Dabalà, Alberto Tedesco, Jacopo Torcellan
**Ficha técnica:**
Guión, fotografía e montaxe: Yuri Ancarani
Produción: Marco Alessi, Marta Tagliavia
**Sinopse:**
Un mozo de Sant'Erasmo, unha illa nos bordos da lagoa de Venecia, vive do seu enxeño, illado mesmo do seu grupo de compañeiros, quen están ocupados explorando a existencia da procura de praceres expresada no culto ao 'barchino', lancha a motor.

**Yuri Ancarani** (Ravenna, Italia). Videoartista e cineasta italiano. As súas obras nacen dunha continua mestura de cinema documental e arte contemporánea e son o resultado da exploración de rexións pouco visibles na vida cotiá. Foron exhibidas en museos e festivais de cinema de todo o mundo, coma o Museo Guggenheim de Nova York ou o Festival de Venecia.



Xoves 18, 22.15 | Teatro Principal
Luns 22, 22.45 | Teatro Principal

## BAD LUCK BANGING OR LOONY PORN / MALA SORTE NO SEXO OU PORNO TOLO (2021)

**Radu Jude**
Romanía, Luxemburgo, Croacia, República Checa / 106 min / Ficción / Romanés, inglés, checo, francés, ruso
**Ficha artística:**
Katia Pascariu, Claudia Ieremia, Olimpia Malai, Nicodim Ungureanu, Alexandru Potocean, Andi Vasluianu
**Ficha técnica:**
Guión: Radu Jude
Fotografía: Marius Panduru
Edición: Catalin Cristutiu
Produción: Bord Cadre Films, Endorfilm, Kinorama, microFILM, Paul Thiltges Distributions, Sovereign Films
**Sinopse:**
A última gañadora do Oso de Ouro á mellor película no Festival de Berlín. Unha reflexión sobre a relación entre individuo e sociedade que arrinca cando unha profesora debe facer fronte á ira dos pais dos seus alumnos debido á viralización na internet dun vídeo íntimo seu.

**Radu Jude** (Bucarest, Rumanía). Graduouse na Universidad de Bucarest en 2003. Dirixiu máis de 150 anuncios comerciais, cinco curtas e varias montaxes teatrais. *Por Aferim!* (2015), a súa terceira longa, recibiu o Oso de Prata ao mellor director en Berlín. *The dead Nation* (2017), *Non me importa se pasamos á historia como bárbaros* (2018) e *Tipografía maiúscula* (2020) son outros dos seus títulos.

**— Oso de ouro á mellor película no Festival de Berlín 2021**



#CINEUROPA35 SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

Xoves 11, 20.00 | Teatro Principal
Domingo 14, 19.00 | Salón Teatro

## BENEDICTION (2021)

**Terence Davies**
Reino Unido, Estados Unidos / 137 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Jack Lowden, Simon Russell Beale, Peter Capaldi, Jeremy Irvine, Kate Phillips, Gemma Jones
**Ficha técnica:**
Guión: Terence Davies
Fotografía: Nicola Daley
Edición: Alex Mackie
Produción: Emu Films, Creative England, M.Y.R.A. Entertainment, Bankside Films, BBC Films, British Film Institute
**Sinopse:**
Siegfried Sassoon foi un home complexo que sobreviviu aos horrores de combater na I Guerra Mundial e foi condecorado pola súa valentía, pero ao seu regreso converteuse nun firme crítico da continuación da guerra por parte do seu goberno. A súa poesía inspirouse nas súas experiencias na fronte occidental e terminou sendo un dos principais poetas de guerra da época. Idolatrado por aristócratas e estrelas do mundo literario e escénico londiniense, mantivo relacións con varios homes mentres intentaba aceptar a súa homosexualidade. Ao mesmo tempo, roto polo horror da guerra, fixo da súa viaxe vital unha procura da salvación, tratando de achala na conformidade do matrimonio e a relixión.

**Terence Davies** (Liverpool, Reino Unido). A súa filmografía inclúe títulos tan salientables como *Distant Voices, Still Lives* (1988), que gañou o Leopardo de Ouro en Locarno, *The Long Day Closes* (1992), que competiu en Cannes. Logo virían *The Deep Blue Sea* (2011), *Sunset Song* (2015) e *A Quiet Passion* (2016).



Mércores 17, 21.45 | Teatro Principal
Domingo 21, 20.30 | Salón Teatro

## BERGMAN ISLAND / A ILLA DE BERGMAN (2021)

**Mia Hansen-Løve**
Francia, Bélxica, Suecia, Alemaña, México, Brasil / 112 min / Ficción / Inglés, francés, sueco
**Ficha artística:**
Tim Roth, Mia Wasikowska, Vicky Krieps, Anders Danielsen Lie, Joel Spira, Wouter Hendrickx, Gabe Klinger, Teodor Abreu, Clara Strauch, Oscar Reis
**Ficha técnica:**
Guión: Mia Hansen-Løve
Fotografía: Denis Lenoir
Edición: Marion Monnier
Produción: Charles Gillibert, Erik Hemmendorff, Rodrigo Teixeira, Lisa Widén
**Sinopse:**
Durante un verán, unha parella de cineastas instálase na illa sueca de Farö, onde viviu Bergman na procura de inspiración para escribir os seus filmes. Segundo avanza o verán e aumenta a súa fascinación polas misteriosas paisaxes da illa, a fronteira entre realidade e ficción non tardará en esfumarse.

**Mia Hansen-Løve** (París, Francia). Directora, escritora e ex actriz francesa. O seu filme *Le père de mes enfants* gañou o premio especial do xurado na sección Un Certain Regard no Festival de Cinema de Cannes do 2009. En 2016, gañou o Oso de Prata á mellor dirección por *L'Avenir* no Festival de Berlín. *Un amour de jeunesse* (2011), *Eden* (2014) e *Maya* (2018) son outros dos seus títulos.





Venres 12, 19.30 | NUMAX

## DIÁRIOS DE OTSOGA (2021)

**Maureen Fazendeiro, Miguel Gomes**
Portugal / 102 min / xénero / Portugués, romanés
**Ficha artística:**
Crista Alfaiate, Carloto Cotta, João Nunes Monteiro
**Ficha técnica:**
Guión: Maureen Fazendeiro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo
Fotografía: Mário Castanheira
Edición: Pedro Filipe Marques
**Sinopse:**
Crista, Carloto e João están a construír un aireado invernadoiro para bolboretas no xardín. Os tres comparten rutinas do fogar, día tras día... E non son os únicos.

**Maureen Fazendeiro** (Francia). Estudou literatura, arte e cinema na Universidade París VII. Os seus filmes *Motu Maeva* (2014) e *Sol Negro* (2019) pasaron por festivais como FID Marseille, Toronto, Mar Del Plata, Viennale, Valdivia, DocLisboa, Vila do Conde e Sevilla.

**Miguel Gomes** (Lisboa, Portugal). É unha das voces máis salientables do cinema portugués deste século. Dirixiu numerosas curtas e debutou coa longa *A cara que mereces* (2004). Foi recoñecido internacionalmente por *Aquele Querido Mês de Agosto* (2008). Desde entón estreou *Tabú* (2012), os tres volumes de *As mil e uma noites* (filme co que recibiu o seu premio Cineuropa en 2015) e *Selvajaria* (2020).



Mércores 10, 22.15 | Teatro Principal
Xoves 11, 22.00 | Salón Teatro

## HYTTI NRO 6 / COMPARTIMENTO Nº 6 (2021)

**Juho Kuosmanen**
Finlandia, Alemaña, Estonia, Rusia / 107 min / Ficción / Ruso, finés
**Ficha artística:**
Seidi Haarla, Yuriy Borisov, Dinara Drukarova, Julia Aug, Lidia Kostina, Tomi Alatalo, Viktor Chuprov, Denis Pyanov
**Ficha técnica:**
Guión: Andris Feldmanis, Livia Ulman, Juho Kuosmanen
Fotografía: J-P Passi
Edición: Jussi Rautaniemi
Produción: Jussi Rantamäki, Emilia Haukka, Jamila Wenske, Melanie Blocksdorf, Riina Sildos, Natalia Drozd-Makan, Sergey Selyanov
**Sinopse:**
Unha moza finlandesa fuxe dunha enigmática historia de amor en Moscova subindo a un tren que a levará á cidade portuaria de Múrmansk, no Ártico. A moza vese obrigada a compartir a longa viaxe e un diminuto coche cama cun mineiro ruso, e aquel inesperado encontro leva aos ocupantes do compartimento Nº 6 a enfrontarse á verdade sobre os seus propios desexos de contacto humano.

**Juho Kuosmanen** (Kokkola, Finlandia). Cineasta afincado en Helsinqui cuxas curtametraxes gañaron varios premios en importantes festivais como Cannes Cinéfondation e Locarno. Graduouse na Escola de Cinema ELO Helsinqui da Universidade de Aalto en 2014. Gañou o Un Certain Regard coa súa ópera prima *O día máis feliz na vida de Olli Mäke*, que formou parte de Cineuropa en 2016.

**— Gran premio do xurado (ex-aequo) no Festival de Cannes 2021**



Sábado 13, 19.15 | Teatro Principal
Luns 15, 19.15 | Teatro Principal

## ILLUSIONS PERDUES / AS ILUSIÓNS PERDIDAS (2021)

**Xavier Giannoli**
Francia, Bélxica / 149 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Benjamin Voisin, Cécile de France, Vincent Lacoste, Xavier Dolan, Gérard Depardieu, Salomé Dewaels
**Ficha técnica:**
Guión: Xavier Giannoli, Jacques Fieschi. Baseado na novela de Honoré de Balzac
Fotografía: Christophe Beaucarne
Edición: Cyril Nakache
Produción: Olivier Delbosc, Sidonie Dumas
**Sinopse:**
Lucien é un poeta descoñecido na Francia do século XIX. Ten grandes esperanzas e quere forxar o seu destino. Deixa a imprenta familiar da súa provincia natal para probar sorte en París da man do seu mecenas. Pero axiña é abandonado á súa sorte nesta fabulosa cidade, polo que o mozo descubrirá o que ocorre entre bastidores nun mundo a mercé do lucro e as apariencias. Unha comedia humana onde todo pode mercarse ou venderse, o éxito literario e a prensa, a política e os sentimentos, a reputación e as almas.

**Xavier Giannoli** (Neuilly-sur-Seine, Francia). Director francés que participou dúas veces na Sección Oficial do Festival de Cannes cos filmes *Cancións de amor* (2006) e *Crónica dunha mentira* (2009), ambas as dúas xunto ao prestixioso actor Gerard Depardieu. Outros dos seus títulos son *Superstar* (2012), *Madame Marguerite* (que participou en Cineuropa 2015) ou *A aparición* (2018).



Luns 15, 22.00 | Teatro Principal
Sábado 20, 23.00 | Salón Teatro

## JANE PAR CHARLOTTE / JANE POR CHARLOTTE (2021)

**Charlotte Gainsbourg**
Francia / 86 min / Documental / Francés
**Ficha artística:**
Jane Birkin, Charlotte Gainsbourg, Jo Attal
**Ficha técnica:**
Guión: Charlotte Gainsbourg
Fotografía: Adrien Bertolle
Edición: Tianès Montasser, Anne Person
Produción: Mathieu Ageron, Maxime Delauney, Charlotte Gainsbourg, Romain Rousseau
**Sinopse:**
Co paso do tempo, Charlotte Gainsbourg comezou a ver á súa nai, Jane Birkin, con outros ollos, de xeito que ambas lograron superar a mutua reticencia que sentiran ata entón. A través do obxectivo da cámara, Charlotte Gainsbourg e Jane Birkin expóñense unha á outra, deixando espazo para que se desenvolva unha relación nai-filla.

**Charlotte Gainsbourg** (Londres, Reino Unido). Desenvolveu unha prolífica carreira como actriz ao longo de máis de catro décadas. Traballou con cineastas como Claude Miller, en *La petite voleuse* (1988); Franco Zefirelli, en *Jane Eyre* (1996); Lars von Trier, en *Antichrist* (2009), *Melancholia* (2011) e as dúas entregas de *Nymphomaniac* (2013), e moitos outros. *Jane par Charlotte*, o seu debut como directora, foi estreada en Cannes Premières.



Sábado 13, 19.15 | Salón Teatro
Domingo 14, 17.00 | Teatro Principal

## JOSEFINA (2021)

**Javier Marco**
España / 90 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Emma Suárez, Roberto Álamo, Miguel Bernardeau, Manolo Solo, Pedro Casablanc
**Ficha técnica:**
Guión: Belén Sánchez-Arévalo
Fotografía: Santiago Racaj
Edición: Miguel Doblado
Produción: Rosa García Merino, Sergy Moreno, Jamila Wenske
**Sinopse:**
Juan é un funcionario de prisións que observa en silencio cada domingo a visita de Berta, a nai dun dos presos. O día que por fin logra achegarse a ela, sorpréndese a si mesmo facéndose pasar por outro pai e inventándose a unha filla dentro do cárcere: Josefina. A necesidade de encher o baleiro no que viven Juan e Berta levaraos a seguir véndose máis aló da realidade que os rodea.
O gañador dun Goya pola curta *A la cara* Javier Marco, presenta un coidado duelo de soidades encarnado por Emma Suárez e Roberto Álamo. Ambos os dous intérpretes sustentan con brillantez os seus personaxes desvalidos, un autista emocional e unha muller á que lle voaron os cimentos por completo. E as citas filosóficas que figuran nos sobres de azucre do café que el toma no traballo van preparando unha situación de todo inesperada e que conduce a Josefina ao territorio do máximo.

**Javier Marco** (Alacante). As súas curtas proxectáronse nas seccións oficiais de festivais como Clermont Ferrand, Palm Springs, Cleveland, FICG Guadalajara ou Leeds. *A la cara* (2019), recibiu o Goya á mellor curta de ficción, e *Uno* (2018) foi preseleccionada para os premios Oscar. *Josefina* é a súa primeira longametraxe.



Mércores 17, 19.30 | Teatro Principal
Sábado 20, 19.00 | Teatro Principal

## L' EVENEMENT / O ACONTECEMENTO (2021)

**Audrey Diwan**
Francia / 100 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Anamaria Vartolomei, Sandrine Bonnaire, Luàna Bajrami, Pio Marmai, Anna Mouglalis, Kacey Mottet Klein
**Ficha técnica:**
Guión: Audrey Diwan, Marcia Romano. Baseado na novela de Annie Ernaux
Fotografía: Laurent Tangy
Edición: Géraldine Mangenot
Produción: Édouard Weil, Alice Girard
**Sinopse:**
Francia, 1963. Anne, unha brillante estudante cun futuro prometedor, descobre que está embarazada. Da noite para a mañá ve truncada a oportunidade de rematar os seus estudos e fuxir das asfixiantes restricións da súa contorna. Cos exames finais achegándose e un ventre que non para de medrar, Anne decide actuar.

**Audrey Diwan** (París, Francia). Directora e escritora francesa de orixe libanesa. A súa ópera prima, *Mais vous êtes fous* (2019), estivo protagonizada por Pio Marmaï e Céline Sallete. A súa segunda longametraxe, O *acontecemento*, adapta o libro de Anni Ernaux en torno ao seu aborto ilegal nos anos 60. O filme foi estreado e premiado no Festival de Venecia.
**— León de ouro á mellor película e Premio FIPRESCI no Festival de Venecia**



#CINEUROPA35 SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

Martes 9, 22.15 | Salón Teatro
Domingo 14, 21.45 | Salón Teatro

## MI IUBITA, MON AMOUR (2021)

**Noémie Merlant**

Francia / 95 min / Ficción / Francés

**Ficha artística:**
Gimi Covaci, Noémie Merlant, Sanda Codreanu, Clara Lama-Schmit, Alexia Lefaix

**Ficha técnica:**
Guión: Noémie Merlant, Gimi Covaci
Fotografía: Evgenia Alexandrova
Edición: Sanabel Cherqaoui
Produción: Pierre Guyard, Noémie Merlant

**Sinopse:**
Jeanne viaxa a Romanía para celebrar a súa despedida de solteira coas súas amigas e alí coñece a Nino e á súa familia. Están a anos de luz de distancia, pero para ambos é o comezo dun apaixonado e infinito verán.

*Mi iubita, mon amour* é a primeira longametraxe da actriz **Noémie Merlant**, cuxo traballo máis coñecido quizáis sexa *Retrato dunha muller en chamas* (2019), de Céline Sciamma. Baixo a aparencia dunha pequena produción improvisada, a nova cineasta fai que a historia despregue lentamente os seus encantos, ofrecendo unha historia.



Mércores 10, 18.15 | NUMAX
Martes 16, 16.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## NO TÁXI DO JACK (2021)

**Susana Nobre**

Portugal / 70 min. / Documental / Portugués

**Ficha artística:**
Maria Carvalho, Amindo Martins Rato, Joaquim Veríssimo

**Ficha técnica:**
Guión: Susana Nobre
Fotografía: Paulo Menezes
Edición: Susana Nobre, João Rosas
Produción: Terratreme Filmes

**Sinopse:**
Aos seus 63 anos e a piques de se xubilar, Joaquim vese obrigado a cumprir unha serie de estrañas normas para poder cobrar o subsidio de desemprego. Malia saber que non volverá traballar, ten que ir de empresa en empresa pedindo selos que proben que pasou por aí na procura de traballo. Nestes traxectos lembra a súa vida como inmigrante nos Estados Unidos, onde traballou como taxista na cidade de Nova York e onde presenciou numerosas caídas da bolsa de Wall Street.
Nova York como punto de referencia autobiográfico forma un tema importante na película, que experimenta —con ese agradable espírito lúdico que caracteriza o cinema independente portugués dos últimos anos—, cos límites entre a realidade e a ficción. Joaquim ten un estilo urbanita; sempre ben arranxado e cunha camisa de estampado extravagante, lembra ás estrelas da televisión estadounidense dos anos 70.

**Susana Nobre** (Lisboa). As súas películas exhibíronse en festivais como Cannes, Róterdam, Angers ou Río de Xaneiro. Desde 2006, é unha das produtoras executivas de Terratreme Filmes. *Active life* (2013) e *Trials*, *Exorcisms* (2015) ou *Tempo comum* (2018) son outros dos seus títulos.







Xoves 18, 21.15 | NUMAX
Martes 23, 18.45 | Teatro Principal

## ONODA, 10.000 NUITS DANS LA JUNGLE (2021)

**Arthur Harari**

Francia, Italia, Alemaña, Bélxica, Xapón, Camboia / 166 min / Ficción / Xaponés

**Ficha artística:**
Issei Ogata, Inowaki Kai, Shinsuke Kato, Kanji Tsuda, Yûya Matsuura, Yuya Endo, Tetsuya Chiba

**Ficha técnica:**
Guión: Arthur Harari, Vincent Poymiro
Fotografía: Tom Harari
Edición: Laurent Sénéchal
Produción: Nicolas Anthomé

**Sinopse:**
Finais de 1944. Xapón está a perder a guerra. Por orde do misterioso comandante Taniguchi, Hir Onoda é enviado a unha illa de Filipinas xusto antes do desembarco estadounidense. Os poucos soldados que logra arrastrar ata a selva axiña descubrirán a doutrina descoñecida que os unirá a este home: a guerra secreta. Para o Imperio, a guerra está a piques de acabar. Para Onoda, a guerra rematará 10.000 noites despois.

**Arthur Harari** (París, Francia). Actor, guionista e director. En 2016 estreou a súa ópera prima *Diamant noir*, que recibiu o premio César do Cinema Francés á mellor interpretación novel. Onoda é a súa segunda longametraxe e foi estreada na sección Un certain regard do Festival de Cannes 2021.



Xoves 18, 19.30 | Salón Teatro
Domingo 21, 20.15 | Teatro Principal

## OUISTREHAM / NUN PEIRAO DE NORMANDÍA (2021)

**Emmanuel Carrère**

Francia / 107 min / Ficción / Francés

**Ficha artística:**
Juliette Binoche, Didier Pupin, Emily Madeleine, Evelyne Porée, Hélène Lambert, Léa Carne

**Ficha técnica:**
Guión: Emmanuel Carrére, Hélène Devynck
Fotografía: Patrick Blossier
Edición: Albertine Lastera
Produción: Olivier Delbosc, David Gauquié, Julien Deris

**Sinopse:**
Marianne Winckler é unha recoñecida autora que decide escribir un libro sobre a precariedade laboral vivindo esta realidade de primeira man. Para iso, ocultando a súa identidade, consegue traballo como limpadora nunha poboación de Normandía, ao norte de Francia, e descobre unha vida ignorada polo resto da sociedade na que cada euro gañado ou gastado importa. A pesar da dureza da experiencia, a solidariedade entre compañeiros crea fortes lazos de amizade entre Marianne e eles. A axuda mutua conduce á amizade e a amizade á confianza pero, que pasa con esta confianza cando a verdade sae á luz?

**Emmanuel Carrère** (París, Francia). Escritor, guionista e realizador diplomado polo Instituto de Estudos Políticos de París. Debutou como crítico de cinema nas revistas Positif e Télérama. No eido audiovisual dirixiu o documental *Retour à Kotelnitch* (2004). *Nun peirao de Normandía* é o seu segundo filme de ficción, e inaugurou a Quincena de Realizadores de Cannes.

**— Premio do público á mellor película europea en San Sebastián 2021**



Martes 9, 22.30 | Teatro Principal
Mércores 10, 19.30 | Teatro Principal

## PARADIS SALE / AFTER BLUE (2021)

**Bertrand Mandico**
Francia / 127 min / Ficción / Francés, inglés, polaco
**Ficha artística:**
Elina Löwensohn, Vimala Pons, Paula Luna, Agata Buzek, Pauline Lorillard, Camille Rutherford, Anaïs Thomas, Claire Duburcq
**Ficha técnica:**
Guión: Bertrand Mandico
Fotografía: Pascale Granel
Edición: Laure Saint-Marc, Georges Cragg
Produción: Emmanuel Chaumet
**Sinopse:**
Nun futuro lonxano, nun planeta salvaxe, a solitaria adolescente Roxy libera a unha criminal que estaba enterrada na area. Unha vez libre, a muller volve sementar o terror e a morte. Roxy e a súa nai, Zora, son consideradas responsables, e son exiliadas da súa comunidade ademais de condenadas a localizar á asasina. Así, comezan a vagabundear polos territorios fantásticos e fantasmais do seu sucio paraíso.

**Bertrand Mandico** (Toulouse, Francia). Traballou para varias institucións de arte en Europa e dirixiu moitas curtas, entre elas *Boro in the box* e *Living still life*, seleccionadas en Cannes e Venecia, respectivamente. Mentres levaba a cabo o seu proxecto de dirixir vinte e unha curtas en vinte e un anos coa actriz Elina Löwensohn, dirixiu *Les garçons sauvages* (2017), a súa primeira longametraxe.

**— Premio especial do xurado no Festival de Sitges 2021**



Venres 19, 18.00 | Salón Teatro
Domingo 21, 16.00 | Teatro Principal

## PETITE SOLANGE (2021)

**Axelle Ropert**
Francia / 86 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Jade Springer, Léa Drucker, Philippe Katerine, Grégoire Montana
**Ficha técnica:**
Guión: Axelle Ropert
Fotografía: Sébastien Buchmann
Edición: Héloïse Pelloquet
Produción: Katia Khazak, Charlotte Vincent
**Sinopse:**
Solange é unha nena de 13 anos corrente, curiosa e chea de vida, con quizais a peculiaridade de ser demasiado sentimental e adorar aos seus pais. Pero cando estes comezan a discutir, pelexarse e, aos poucos, afastarse, chega a ameaza de divorcio e o seu mundo vai esmorecendo. Para manter unida á súa familia, loita, rebélase e sofre desexando o imposible: que o amor non acabe nunca.

**Axelle Ropert** (París, Francia). Co-redactora xefe da revista La Lettre du Cinema. Colabora en varios guións dos filmes de Serge Bozon nos que tamén actúa. En 2005 dirixe a súa primeira curta, *Étoile Violette*, presente en festivais como o Indie Lisboa ou o Festival de Novos Cinemas de Montreal. A súa ópera prima, *La Famille Wolberg*, foi estreada na Quincena de Realizadores de Cannes.



Sábado 20, 20.00 | Salón Teatro
Martes 23, 16.30 | Salón Teatro

## RAS VKHEDAVT, RODESAC CAS VUKUREBT? / QUE VEMOS CANDO MIRAMOS AO CEO? (2021)

**Alexandre Koberidze**
Alemaña, Xeorxia / 150 min / Ficción / Xeorxiano
**Ficha artística:**
Ani Karseladze, Giorgi Bochorishvili, Oliko Barbakadze, Giorgi Ambroladze, Vakhtang Panchulidze, Irina Chelidze
**Ficha técnica:**
Guión: Alexandre Koberidze
Fotografía: Faraz Fesharaki
Edición: Aleksandre Koberidze
Produción: Deutsche Film- und Fernsehakademie Berlin (DFFB), New Matter Films, Sakdoc Film
**Sinopse:**
Unha parella decide quedar nun bar tras coincidir varias veces pola rúa, pero o día do encontro ambos mudan de aparencia e son incapaces de recoñecerse.
Alexandre Koberidze mistura toda unha serie de xéneros para narrar a historia dun estrano maleficio ambientado na actualide. Dun xeito case milagroso, logra combinalo todo nunha película cálida, coherente e, en última instancia, romántica, que mantén ao público abraiado e feliz ao longo dos seus 150 minutos de duración.

**Alexandre Koberidze** (Tbilisi, Xeorxia). Graduouse na Academia Alemana de Cinema e Televisión de Berlín. *Colophon* (2015), a súa primeira curtametraxe, foi presentada en Oberhausen. A súa ópera prima, *Let the Summer Never Come Again* (2017) recibiu o Gran Premio da Competencia Internacional no FID Marseille. *Que vemos cando miramos ao ceo?* é a súa segunda longametraxe.

**— Premio FIPRESCI da crítica no Festival de Berlín**



Domingo 21, 18.30 | Salón Teatro
Mércores 24, 16.00 h | Teatro Principal

## SILENT NIGHT (2021)

**Camille Griffin**
Reino Unido / 90 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Keira Knightley, Matthew Goode, Lily-Rose Depp, Roman Griffin
**Ficha técnica:**
Guión: Camille Griffin
Fotografía: Rufus Jones
Edición: Pia Di Ciaula, Martin Walsh
Produción: Matthew Vaughn, Celine Rattray, Trudie Styler
**Sinopse:**
Mentres o mundo vai directo cara á apocalipse, un grupo de vellos amigos reúnese nunha idílica casa de campo do Reino Unido para celebrar o Nadal. Incomodados pola idea da inevitable destrución da humanidade, deciden afrontar a situación con tranquilidade, abrindo outra botella de Prosecco e continuando coa celebración... Pero, por moito que queiran finxir normalidade, tarde ou cedo, terán que facer fronte á idea de que é a súa última noite.

**Camille Griffin** (Londres, Reino Unido). Realizou sete curtametraxes, traballou nun departamento de fotografía durante trece anos e estudou na Bournemouth Film School e The Binger Film Lab. Silent Night é a súa primeira longametraxe como directora.

**— Mellor guión e gran premio do público no Festival de Sitges 2021**



#CINEUROPA35 SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

Domingo 21, 18.00 | Teatro Principal
Luns 22, 22.15 | Salón Teatro

## TOUT S'EST BIEN PASSÉ / TODO FOI BEN (2021)

**François Ozon**
Francia / 102 min / Ficción / Francés, alemán
**Ficha artística:**
Sophie Marceau, André Dussollier, Charlotte Rampling, Hannah Schygulla, Géraldine Pailhas, Eric Caravaca, Gregory Gadebois
**Ficha técnica:**
Guión: François Ozon. Baseado na novela de Emmanuèle Bernheim
Fotografía: Hichame Alaouie
Edición: Laure Gardette
Produción: Eric Altmayer, Nicolas Altmayer
**Sinopse:**
Aos seus 85 anos, o pai de Emmanuèle é hospitalizado tras un accidente cerebrovascular. Cando esperta, debilitado e dependente, este home, curioso por natureza e amante apaixonado da vida, pídelle á súa filla que o axude a morrer.

**François Ozon** (París, Francia). Diplomado en estudos cinematográficos, entrou en 1990 na Fémis (Escola de Cinema de París) na área de realización. *Sitcom*, a súa ópera prima, foi presentada na sección oficial da Semana da Crítica de Cannes en 1998. As películas de François Ozon adoitan caracterizarse por un humor enxeñoso e satírico e un peculiar punto de vista sobre a sexualidade humana.

**— Sección Oficial do Festival de Cannes 2021**



Luns 8, 20.00 | Teatro Principal
Sábado 13, 17.00 | Teatro Principal

## VERDENS VERSTE MENNESKE / A PEOR PERSOA DO MUNDO (2021)

**Joachim Trier**
Noruega, Francia, Suecia, Dinamarca / 127 min / Ficción / Noruegués
**Ficha artística:**
Renate Reinsve, Anders Danielsen Lie, Maria Grazia Di Meo, Silje Storstein, Hans Olav Brenner
**Ficha técnica:**
Guión: Eskil Vogt, Joachim Trier
Fotografía: Kasper Tuxen
Edición: Olivier Bugge Coutté
Produción: Thomas Robsahm
**Sinopse:**
Julie vai cumprir os trinta e a súa vida é un desastre existencial. Xa desperdiciou parte do seu talento e o seu noivo Aksel, un exitoso novelista gráfico maior que ela, presiónaa para que conteña a súa enerxía creativa e sente a cabeza. Unha noite cóase nunha festa e coñece ao encantador Eivind. Tardará pouco en romper con Aksel e embarcarse nunha nova relación coa esperanza de que a súa vida adquira unha nova perspectiva. Con todo, terá que decatarse de que xa é tarde para certas opcións vitais.

**Joachim Trier** (Copenhague, Dinamarca). Estudou no European Film College en Ebeltoft e na Escola Nacional de Cinema e Televisión de UK. A súa primeira longa, *Reprise* (2006), tivo un gran éxito no circuíto independente e recibiu varios premios. A súa segunda película *Oslo, 31 de agosto*, foi premiada na sección Un Certain Regard de Cannes. Outros dos seus títulos son *Thelma* (que vimos en Cineuropa 2017) e *O amor é máis forte que as bombas*

**— Mellor actriz no Festival de Cannes 2021**



Venres 12, 22.00 | Teatro Principal
Domingo 21, 22.30 | Teatro Principal

## VORTEX (2021)

**Gaspar Noé**
Francia / 142 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Dario Argento, Françoise Lebrun, Alex Lutz, Kylian Dheret
**Ficha técnica:**
Guión: Gaspar Noé
Fotografía: Benoit Debie
Edición: Denis Bedlow, Gaspar Noé
Produción: Edouard Weil, Vincent Maraval, Brahim Chioua
**Sinopse:**
"A vida é unha festa curta que axiña será esquecida". O traballo máis sensible do *enfant terrible* do cinema francés. A crónica do último acto vital, tenrura e adeus, dunha parella de anciáns no París dos nosos días. Admirada pola crítica como a mellor película da carreira do seu director, conta na repartición con Françoise Lebrun e o soado director Darío Argento.

**Gaspar Noé** (Bos Aires, Arxentina). En 1998 participou na Semana da Crítica de Cannes coa súa ópera prima, *Seul contre tous (Solo contra todos)*, á que seguiu en 2002 *Irréversible*, que competiu pola Palma de Ouro, ao igual que *Enter the Void* (2009). *Love* (2015), *Lux Aeterna* (2019) e *Climax* (2018) son outros dos seus títulos.

**— Mellor película da sección Zabaltegi en San Sebastián 2021**



Mércores 10, 22.00 | Salón Teatro
Mércores 17, 17.30 | Teatro Principal

## VOUS NE DÉSIREZ QUE MOI / I WANT TO TALK ABOUT DURAS (2021)

**Claire Simon**
Francia / 95 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Swann Arlaud, Emmanuelle Devos
**Ficha técnica:**
Guión: Claire Simon
Fotografía: Céline Bozon
Edición: Julien Lacheray
Produción: François d'Artemare
**Sinopse:**
Un home que mantén unha apaixonada relación cunha soada escritora 30 anos maior que el necesita falar. Está fascinado por ela e, con todo, sente que non pode seguir adiante. Nun intento de poñer en palabras a intensidade do seu amor, ábrese e descríbeo con gran claridade.

**Claire Simon** (Londres, Reino Unido). En 1997 dirixiu a súa primeira longametraxe de ficción, *Sinon, oui*, á que seguiron *Ça brûle* (2006), *Les bureaux de Dieu* (2008), e *Gare du Nord* (2013), que competiu en Locarno. Tamén realizou documentais como *Le bois dont les rêves sont faits* (2015), gañadora do premio ao mellor documental en Xixón, *Le concours* (2016), que foi proxectada en Venecia, ou *Premières solitudes* (2018), que foi estreada no Festival de Berlín.

**— Sección Oficial do Festival de San Sebastián 2021**



#CINEUROPA35 SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

#CINEUROPA35

# PANORAMA INTERNACIONAL

As producións que proceden das fecundas e variadas cinematografías asiáticas –do Irán de Farhadi á Tailandia de Apichatpong Weerasethakul, pasando polas poderosas creacións de países como China ou Filipinas–, o cinema africano case sempre apoiado pola industria francesa, as producións norteamericanas independentes e realizadas fóra da orla de Hollywood. A sección máis heteroxénea do festival e –moitas veces– a que garda máis sorpresas.

Sábado 20, 21.15 | Teatro Principal
Luns 22, 19.30 | Teatro Principal

## DRIVE MY CAR (2021)

**Ryûsuke Hamaguchi**
Xapón / 165 min / Ficción / Xaponés
**Ficha artística:**
Hidetoshi Nishijima, Masaki Okada, Reika Kirishima, Tôko Miura
**Ficha técnica:**
Guión: Ryûsuke Hamaguchi, Takamasa Oe. Baseado nunha historia de Haruki Murakami
Fotografía: Hidetoshi Shinomiya
Edición: Azusa Yamazaki
Produción: Tsuyoshi Gorô, Misaki Kawamura, Osamu Kubota, Sachio Matsushita, Yoshito Nakabe, Kazuo Nakanishi, Keiji Okumura
**Sinopse:**
Malia non ser quen de se recuperar dun drama persoal, Yusuke Kafuku, actor e director de teatro, acepta montar a obra "Tío Vania" nun festival de Hiroshima. Alí, coñece a Misaki, unha moza reservada que lle asignaron como chofer. A medida que pasan os traxectos, a sinceridade crecente das súas conversacións obrígaos a enfrontarse ao seu pasado. Drama deslumbrante filmado polo director de *Asako I & II*.

**Ryûsuke Hamaguchi** (Xapón). Cursou o Mestrado en Cinema na Universidade de Tokio. A súa primeira longa *Passion* (2008) foi estreada no Festival de San Sebastián. Logo virían títulos como *Intimacies* (2012), *Touching the Skin of Eeriness* (2013), *Happy hour* (2015) ou a multipremiada *Asako I & II* (2018).

**— Mellor guión e premio FIPRESCI no Festival de Cannes 2021**



Venres 19, 20.00 | Salón Teatro
Sábado 20, 16.30 | Teatro Principal

## GHAHREMAN / UN HEROE (2021)

**Asghar Farhadi**
Irán, Francia / 127 min / Ficción / Persa
**Ficha artística:**
Amir Jadidi, Mohsen Tanabandeh, Fereshteh Sadrorafaii
**Ficha técnica:**
Guión: Asghar Farhadi
Fotografía: Ali Ghazi
Edición: Haydeh Safiyari
Produción: Alexandre Mallet-Guy, Asghar Farhadi
**Sinopse:**
Asghar Farhadi ofrece unha sátira sobre as redes sociais como instrumento para gañarse a opinión pública nunha película co seu característico estilo, repleta de xiros inesperados.
Rahim está no cárcere por unha débeda que non puido reembolsar. Durante un permiso de dous días, trata de convencer ao seu acredor para que retire a reclamación de desembolso dunha parte do pago. Pero as cousas non irán como tiña previsto.

**Asghar Farhadi** (Khomeini Shahr, Irán). Logo de estudar no Instituto do Cinema Novo, licenciuse en Realización pola Universidade de Teherán. Acadou o recoñecemento internacional en 2009 co seu filme *A propósito de Elly*, polo que foi distinguido co Oso de Prata ao mellor director na 59ª edición da Berlinale. *Nader e Simin, unha separación* (2011) e *O Viaxante* (2016) son outros dos seus filmes.

**— Gran premio do xurado (ex aequo) no Festival de Cannes 2021**



Mércores 10, 17.30 | Teatro Principal
Venres 19, 16.00 | Salón Teatro

## LA CAJA (2021)

**Lorenzo Vigas**
México, Estados Unidos / 90 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Hernán Mendoza, Hatzín Navarrete, Cristina Zulueta
**Ficha técnica:**
Guión: Paula Markovitch, Lorenzo Vigas
Fotografía: Sergio Armstrong
Edición: Pablo Barbieri Carrera, Isabela Monteiro de Castro
Produción: Lorenzo Vigas, Michel Franco, Jorge Hernández Aldana
**Sinopse:**
A historia dun mozo nunha misión para colleitar o que el cre que son os restos do seu pai só para ser absorbido pola parte máis vulnerable da industria migrante en México. Un espazo onde o deserto sepulta literalmente aos traballadores excedentes, por conflitivos ou por capricho dos seus amos ou patróns.

**Lorenzo Vigas** (Mérida, Venezuela). Estudou bioloxía molecular na Universidade de Tampa, Florida, e cinema na Universidade de Nova York. Coa súa ópera prima, *Desde allá* —proxectada en Cineuropa 2015— obtivo o León de Ouro de Venecia á mellor película. Con *La caja*, o venezolano Vigas renova o discurso poderosísimo que iniciou con *Desde allá* e constrúe unha soberbia película que establece un diálogo tan aterrador como perentorio entre aquel pasado noso e o tempo presente neste México das deshumanizadas maquiadoras.

**— Sección Oficial do Festival de Venecia 2021**



Luns 22, 19.30 | Salón Teatro
Martes 23, 22.00 | Salón Teatro

## LA CIVIL (2021)

**Teodora Mihai**
Bélxica, Romanía, México / 140 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Arcelia Ramírez, Alvaro Guerrero, Jorge A. Jimenez, Ayelén Muzo, Juan Daniel Garcia, Eligio Meléndez, Mónica del Carmen
**Ficha técnica:**
Guión: Habacuc Antonio De Rosario, Teodora Mihai
Fotografía: Marius Panduru
Edición: Alain Dessauvage
Produción: Les Films du Fleuve, Menuetto Film, Mobra Films Productions, One for the Road, Teorema Films
**Sinopse:**
A filla adolescente de Cielo, Laura, é secuestrada no norte de México. Malia pagar varios rescates, Laura non é liberada. Como a muller non recibe ningún tipo de apoio na súa procura, decide tomarse a xustiza polas súas mans. No que si atopa apoio é en Lamarque, un militar cun *modus operandi* pouco convencional, que acepta axudala na súa procura, extraoficialmente, a cambio de información que ela lle pode proporcionar como local. A colaboración de Cielo con Lamarque devirá nunha espiral de violencia que a converterá na primeira vítima.

**Teodora Mihai** (Bucarest, Romanía). Naceu na época da ditadura de Nicolae Ceausescu. No 89 foi a Bélxica para reencontrarse cos seus pais, que fuxiran para alí o ano anterior. Mihai estudou cinema no Sarah Lawrence College no norte do estado de Nova York e traballou como supervisora de guión, asistente de dirección e realizadora de televisión. *La civil* é a súa ópera prima.

**— Premio Coraxe da sección Un Certain Regard do Festival de Cannes 2021**



Luns 15, 22.30 | Multicines Compostela
Mércores 17, 20.00 | Multicines Compostela

## MARE (2020)

**Andrea Staka**
Suíza, Croacia / 84 min / Ficción / Croata, inglés
**Ficha artística:**
Marija Škaričić, Goran Navojec, Mateusz Kościukiewicz, Mirjana Karanović, Ivana Roščić, Zdenko Jelčić, Nikša Butijer
**Ficha técnica:**
Guión: Andrea Staka
Fotografía: Erol Zubcevic
Edición: Thomas Imbach, Redzinald Simek
Produción: Thomas Imbach, Andrea Staka
**Sinopse:**
Mare nunca voou, aínda que vive xusto á beira do aeroporto co seu esposo e os seus tres fillos adolescentes. Ama á súa familia, preocúpase por eles, pero ás veces case se sente como unha estraña na súa propia casa. Quen son estas persoas coas que vive? Mare atópase mirando os avións no alto, anhelando o cambio e o descoñecido. Cando un día un home se muda á casa ao carón da súa, ela pon a súa vida a proba.

**Andrea Staka** (Lucerna, Suíza). Afeccionouse á fotografía mentres estaba aínda na escola, e foi aceptada no prestixioso London College of Printing en 1992. En Londres o seu interese trasladouse da fotografía ao cinema, e en 1993 matriculouse na na Escola de Artes Visuais de Zúric, da que se graduou en 1998. En 2006 estreou a súa ópera prima, *Das Fräulein*, coa que gañou o Leopardo de Ouro á mellor dirección. *Mare* é a súa terceira longametraxe.



Venres 19, 22.30 | Salón Teatro
Mércores 24, 22.15 | Teatro Principal

## MEMORIA (2021)

**Apichatpong Weerasethakul**
Colombia, Tailandia, Francia, Reino Unido, México, Alemaña / 136 min / Ficción / Inglés, español
**Ficha artística:**
Tilda Swinton, Daniel Giménez Cacho, Jeanne Balibar, Juan Pablo Urrego, Elkin Díaz, Daniel Toro
**Ficha técnica:**
Guión: Apichatpong Weerasethakul
Fotografía: Sayombhu Mukdeeprom
Edición: Lee Chatametikool
Produción: Kick the Machine, Burning Blue, Piano Producciones, Illuminations Films, Anna Sanders Films
**Sinopse:**
Desde que un sonoro estrondo sobresalta a Jessica ao alba, é incapaz de durmir. Está en Bogotá para visitar á súa irmá, e faise amiga de Agnès, unha arqueóloga que estuda restos humanos descubertos dentro dun túnel en construción. Nunha pequena vila próxima, coñece a Hernán, un descamador de peixe. Ambos comparten lembranzas xunto ao río. Cando o día chega ao seu fin, unha sensación de claridade esperta en Jessica.

**Apichatpong Weerasethakul** (Tailandia). Estudou Arquitectura no seu país e formouse en cinema en Chicago. É un dos poucos cineastas tailandeses que traballa fóra do estrito sistema de estudos estatal. As súas películas e instalacións a miúdo tratan sobre a memoria e abordan cuestións persoais, políticas e sociais. *Blissfully Yours* (2002) e *Cemetery of Splendour* (2015) son só dous títulos da súa prolífica filmografía.





Martes 9, 22.00 horas | NUMAX
Sábado 20, 21.30 horas | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## RIPPLES OF LIFE (2021)

**Shujun Wei**
China / 123 min / Ficción / Chinés
**Ficha artística:**
Yang Zishan, Kang Luo, Miyi Huang, Wang Jiajia, Meng Zhou, Chen Wang, Nan Cui
**Ficha técnica:**
Guión: Shujun Wei, Chunlei Kang
Fotografía: Wang Jiehong
Edición: Matthieu Laclau
Produción: Xufeng Huang, Ying Liang
**Sinopse:**
Dividida en tres episodios, *Ripples of life* acompaña a un equipo de cinema que chega á remota cidade de Yong' an, un enclave que loita por mellorar o seu atractivo turístico. A súa chegada xera unha onda de optimismo en Gu, a propietaria dun restaurante local que soña con cambiar de vida; e a emoción da veciñanza, xa que a estrela do filme, Chen, é orixinaria de alí. Pero non todo é precisamente harmónico no seo do equipo.
Aínda que o filme parte cunha intención de poñer o foco nalgúns clichés do mundo do cinema independente chinés, aos poucos vaise volvendo máis intimista para falar do mesmo cinema, de entendelo e de lograr unha empatía con estes personaxes que no final de contas andan na procura de si mesmos a través das historias que interpretan. Todos os personaxes semellan resignados á idea de non ser quen de cumprir os seus soños, mais o cinema e a capacidade de creación son o seu modo de redención.

**Shujun Wei** (China). Graduouse na Universidade de Comunicación de China, con especialización en Dirección e Enxeñería de Son. A súa curta de posgrao *On the border* foi premiada no festival de cinema de Cannes en 2018. En 2020 estreou a súa ópera prima: *Striding Into the wind*.



Martes 16, 22.00 | Salón Teatro
Venres 19, 16.00 | Teatro Principal

## VIOLATION (2021)

**Dusty Mancinelli, Madeleine Sims-Fewer**
Canadá / 107 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Madeleine Sims-Fewer, Anna Maguire, Jesse LaVercombe, Obi Abili, Jasmin Geljo, Cynthia Ashperger
**Ficha técnica:**
Guión: Dusty Mancinelli, Madeleine Sims-Fewer
Fotografía: Adam Crosby
Música: Andrea Boccadoro
Produción: Dusty Mancinelli, Madeleine Sims-Fewer
**Sinopse:**
Miriam regresa á casa da súa irmá menor tras varios anos separadas. Non está a pasar o seu mellor momento persoal e está a piques de divorciarse. Cando sente que tanto a súa irmá como o seu cuñado traizoan a súa confianza, a muller embárcase nunha desapiadada cruzada para vingarse.
*Violation* sepárase case desde case o comezo do subxénero *revenge* que semella anunciar para crear unha metódica percepción do medo. É unha mirada sobre a crueldade, pero sen morbo habitual. É iso posible? A película no só o acada, senón que dá un paso cara a unha dirección descoñecida: cuestionar a orixe da crueldade. En especial, nun ámbito contemporáneo no que as gradacións sobre a percepción parecen ser infinitas.

**Dusty Mancinelli** (Toronto, Canadá). Varias das súas curtas exhibíronse no Festival Internacional de Toronto e outros festivais de cinema en todo o mundo.

**Madeleine Sims-Fewer** (Kawartha Lakes, Canadá). Actriz e cineasta, dirixiu varias curtas ata estrear a súa ópera prima, Violation, e que tamén protagoniza.

**— Sección Oficial do Festival de Sitges**



#CINEUROPA35 PANORAMA INTERNACIONAL

#CINEUROPA35

# PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

Cineuropa seguiu –desde as súas orixes na curtametraxe– aos creadores do Novo Cinema Galego: Oliver Laxe, Lois Patiño, Alberto Gracia, Ángel Santos ou Alfonso Zarauza, entre outros; e aos actores que labraron unha traxectoria merecedora de tributo: Luis Tosar, Mabel Rivera, Antonio Durán "Morris"... Cada edición recompilamos a produción galega máis relevante e ofrecemos a estrea en Galicia dalgunha desas películas. Este ano dedicámoslle o espazo da gala de clausura con *¿Qué hicimos mal?*

Mércores 24, 20.15 | Teatro Principal

## **¿QUÉ HICIMOS MAL?** (2021)

**Liliana Torres**
España, Italia, México / 90 min / Ficción / Español, galego, catalán, italiano, inglés
**Ficha artística:**
Liliana Torres, Xulio Abonjo, Héctor Carballo, Melania Cruz, Jorge Roldán, Isabella Tabarini, Adrián Ríos, Luis Velázquez
**Ficha técnica:**
Guión: Liliana Torres
Fotografía: Lucía C. Pan
Música: Xavi Souto
Produción: Isabel Coixet, Maria Zamora, Daniel Froiz
**Sinopse:**
Lili ten unha relación estable desde hai un par de anos. Aínda que todo parece funcionar entre a súa parella e ela, hai unha infelicidade subxacente na súa vida cotiá que a afasta de ser feliz. Liliana revisará o seu pasado para preguntarse, que fixemos mal?"

**Liliana Torres** (Vic, Barcelona). Graduouse en Dirección pola ESCAC de Barcelona e especializouse en Documental polo CCC de México D.F. Entre os seus proxectos pódense salientar as curtas *Anteayer* (2005) e *Quince años* (2012), os documentais *Todos los trabajos de la mujer* e *Viviendo en la piedra*, e a súa ópera prima, *Family tour*. *¿Qué hicimos mal?* é a súa segunda longa como directora.
**— Sección Oficial do Festival de Sevilla**



Luns 15, 19.15 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## **ACORDA** (2021)

**Uxía e Marina Carracedo**
Galicia / 60 min / Documental / Galego
**Ficha artística:**
Testemuñas: Queta Molas, Telmo Comesaña, Sheila Patricia, Eduardo R. Cunha, "Tatán", Blanca Francés
**Ficha técnica:**
Dirección técnica e edición: Lucas Terceiro
Guión e narración: Lois Pérez
Asesoramento de contidos: Montse Fajardo
Produción: Marina Carracedo
**Sinopse:**
Unha mensaxe de paz, memoria e rebeldía para as novas xeracións. Toda historia de represión e inxustiza ten o seu relato de resistencia e esperanza. A nosa memoria acorda e renace nos lugares, na xente.
No 36, o fascismo franquista quixo apagar a nosa voz e o noso pensamento. A historia escríbea quen vence, pero outras historias continuaron escribíndose tamén. Hoxe, coma quen acorda dun longo sono, voltamos a algúns dos lugares onde habitou o silencio, o medo, a perda e poboámolos de música, cancións e palabras. Unha emocionante viaxe á memoria da man do poeta e narrador Lois Pérez e da cantora Uxía, que reúne algunhas das voces máis representativas de Galicia para ilustrar historias de loita e dignidade.

**Uxía** é unha das maiores embaixadoras da música e a poesía galegas. Nos seus máis de 35 anos de carreira artística renovou a música tradicional galega conectándoa coas culturas atlánticas, combinando alalás con morna, fado ou ritmos brasileiros.
**Marina Carracedo** é xestora cultural e filóloga. Ten traballado como profesora visitante na Universidade de Brown e UCLA, e é colaboradora habitual do departamento de Cursos Internacionais da Universidade de Salamanca. Dirixiu durante tres anos o Festival de cine latinoamericano e ibérico de UCLA.





Venres 12, 19.30 | Salón Teatro

## **ESCRIBIR O IMPOSIBLE** (2021)

**Simone G. Saibene**
España / 63 min / Documental / Español, galego
**Ficha artística:**
Juan Tallón
**Ficha técnica:**
Guión: Simone G. Saibene
Fotografía: Jairo Iglesias
Edición: Fran Barba
Produción: Simone G. Saibene
**Sinopse:**
Juan Tallón (Vilardevós, Ourense 1975) pasa todo o día escribindo, en especial cando non escribe. Colabora con El País, Jot Down, El Progreso e Cadena Ser. Publicou seis novelas. No 2020, dúas semanas antes do confinamento, presentou *Rewind* (Anagrama), un libro ambientado en Lyon sobre a fraxilidade da vida, os golpes inesperados e as cousas que se perden para sempre. Este documental narra a historia do proceso de creación de *Rewind* e de como a nova realidade acabou apoderándose da ficción.

**Simone G. Saibene** (Italia). En 2003 licenciouse en Ciencias da Comunicación na Universidad IULM de Milán. Desde 2009 vive en Ourense onde fundou a produtora e distribuidora Noveolas. A súa filmografía inclúe títulos como *Il furto della zucca* (2005), *Regreso a San Andrés* (2006), *9 ondas* (2013), *Kuti Khanti* (2014) ou *Pelerinaxes* (2016). Traballa tamén como docente e crítico de cinema.



Venres 19, 22.15 | Teatro Principal (MARATÓN)

## **JACINTO** (2021)

**Javi Camino**
España / 95 min / Ficción / Galego, inglés
**Ficha artística:**
Pedro Brandariz, Anxela Baltar, Miro Magariños, Pilar Miguélez, Juanma Buiturón, Corinna Rautenberg
**Ficha técnica:**
Guión: Javi Camino
Fotografía: Fran Arnoso
Música: Wenceslao Lamas Lopez
Produción: Vizuals Lab
**Sinopse:**
Jacinto é un neno de nove anos encerrado no corpo dun home de preto de cincuenta. Vive cos seus anciáns pais en Mallou, unha aldea en ruínas no medio das montañas de Lugo. Son os tres únicos habitantes que quedan. Jacinto fabricou un mundo de fantasía no que é o rei absoluto, pero todo cambia coa chegada dunha nova parella de veciñas: Alex e Ana, dúas escuras artistas black metaleiras que veñen desde Suecia en busca dun lugar tranquilo onde gravar o novo disco da súa banda Tardigrades. Os mundos de ambas as dúas familias non poderían ser máis diferentes, e non tardan en darse os primeiros rozamentos e problemas. Jacinto ten moi claro que Mallou é demasiado pequeno para os cinco. Igual que nas películas, ten que elaborar un plan para facer desaparecer ás mozas e traer a paz á súa familia.

**Javi Camino** (Santiago de Compostela). Realizou curtas, máis dunha vintena de videoclips, documentais (*Nación de muchachos: utopía o muerte*), series de televisión (*Casa Manola*), webseries (*El viudo quiere mimos, A tope siempre, Hazlo con Susa...*), unha peli amateur (*¡Maldito Bastardo!*) e mesmo un programa de cociña. Colabora habitualmente en medios de comunicación.



Martes 23, 19.30 | Salón Teatro

## FLANÈUR EN COMPOSTELA (2020)

**Alfonso Zarauza**
Galicia / 20 min / Ficción / Galego
**Ficha técnica:**
Guión: Alfonso Zarauza
Fotografía: Alberte Branco, Isaura Docampo
Montaxe – Alba Gallego
Composición e deseño sonoro: Nacho Muñoz
Produción: Alfonso Zarauza, Martín Calviño

**Sinopse:**
*Din que Compostela é a capital dun pequeno país imaxinario.*
*Unha nación inexistente ou real chamada Galicia.*
*Un país ben curioso, cáseque esquizofrénico.*
*Unha nación que non sinten como tal máis da metade dos galegos.*
*Tamén habería que dicir que é unha nación sen estado ou unha nacionalidade como a define a constitución española...*
*ainda que en realidade si que posúe un estado propio:*
*O estado mental galego.*

Peza de Zarauza onde fala de Santiago desde un punto de vista cultural, arquitectónico, humano e existencial.

## MALENCOLÍA (2021)

**Alfonso Zarauza**
Galicia / 70 min / Ficción / Galego
**Ficha artística:**
Melania Cruz, Xulio Abonjo, Iolanda Muiños, Diego Anido, Marta Lado, X.A Touriñán, Ricardo de Barreiro, Ledicia Sola, Tito Asorey, Deborah Vukusic
**Ficha técnica:**
Guión: Alfonso Zarauza
Fotografía: Alberte Branco
Edición: Fernando Alfonsín
Produción: Martín Calviño

**Sinopse:**
Sira e Pepe son unha parella que, fartos da vida en precario e do frenesí da cidade de Berlin, deciden volver a Galicia tras moitos anos emigrados na Alemaña. Atopan por internet unha casiña na aldea abandonada de Lupián, provincia de Ourense, e deciden deixalo todo para iniciar unha nova vida alí. Chegados a aldea descobren con sorpresa que a única casa con vida está habitada por unha peculiar señora chamada Isolina.

**Alfonso Zarauza** (Santiago de Compostela). É un dos directores galegos cunha traxectoria máis longa e prestixiosa na actualidade. Como director realizou catro longas de ficción que obtiveron premios internacionais -*La noche que dejó de llover* (2008), *Los fenómenos* (2014), *Encallados* (2013), *Malencolía* (2021)-, un documental -*A Viaxe dos Chévere* (2014)-, seis curtas, dúas series de ficción e máis de vinte videoclips e pezas experimentais.









**Martes 9, 19.45 | NUMAX**

## GALICIA FUTURA

Como parte do proxecto expositivo Galicia Futura da Cidade da Cultura encargáronse as tres pezas que se exhiben conxuntamente neste programa e que foron concibidas dende a excelencia creativa de tres das grandes sinaturas do actual panorama audiovisual galego que reflexionan nelas sobre cuestións que están a definir a Galicia do futuro.

A Fundación Cidade da Cultura e Cineuropa colaboran nesta para levar á grande pantalla tres pezas audiovisuais creadas especificamente para a exposición. Deste xeito, péchase o círculo para tres obras de altísimo valor artístico confrontándoas co gran público da cidade:

***O futuro é das cabras*** (2021, 30 min.), unha curta sobre o futuro e o territorio creada polo cineasta Óliver Laxe

***Paisaxe habitada*** (2021, 11 min.), unha envolvente curta de Juan Lesta que amosa como a arquitectura galega de hoxe está a construír o mañá

E o videopoema ***Neuronas a ceo aberto*** (2021, 6 min.) de Lucía Estévez, que, sobre texto e interpretación da poeta Estíbaliz Espinosa, conecta elementos aparentemente distantes como a física, a exploración do espazo e a arte de Maruja Mallo co que está por chegar.

Galicia Futura está comisariada polo historiador da arte Miguel Ángel Cajigal e a química Deborah García Bello, recoñecidos divulgadores do eido da cultura e da ciencia, respectivamente. A mostra pode verse no Museo Centro Gaiás ata o 9 de xaneiro.

**'Cinema en curso'** é un programa de pedagoxía do cinema en escolas e institutos. Ten dous grandes obxectivos: propiciar o descubrimento por parte de nenas e nenos do cinema entendido como arte, creación e cultura; e desenvolver as potencias pedagóxicas da creación cinematográfica no contexto educativo.

Un dos principais eixos de *Cinema en curso* son os obradoiros, que se desenvolven con alumnado de entre 8 e 18 anos ao longo de todo un curso, dentro do horario lectivo e son impartidos conxuntamente por un equipo de docentes e un ou unha cineasta.

Nos obradoiros os alumnos ven cinema de autores moi diversos –como Chantal Akerman, Johan van der Keuken, David Perlov, Jonas Mekas, José Luis Guerin, Raymond Depardon e Agnès Varda– e desenvolven diversas prácticas que culminan coa realización dunha curtametraxe documental na que os mozos e mozas exploran a súa contorna cotiá.

Todos os procesos son colectivos: a documentación e o guión elabóranse entre todo o grupo; durante a rodaxe os cargos distribúense rotativamente de xeito que todo o alumnado desempeña cada unha das funcións (dirección, cámara, sonidista, script...); a montaxe faise alternando o traballo en grupo pequeno e gran grupo.

*Cinema en curso* é un proxecto internacional da asociación A Bao A Qu que en Galicia coordina desde o ano 2012 a Filmoteca de Galicia - AGADIC. O proxecto iniciouse en 2005 en Cataluña e actualmente tamén se desenvolve en Madrid, Euskadi, Valencia, Alemaña, Chile e México.

Os cineastas do equipo de *Cinema en curso* en Galicia son Xacio Baño, Jaione Camborda, Eloy Domínguez Serén, Marcos Flórez, Otto Roca e Ángel Santos.

Nesta edición de Cineuropa exhibirase unha escolma de filmes realizados no marco de *Cinema en curso* en escolas e institutos de Galicia durante os cursos 2019-2020 e 2020-2021.

Mércores 24, 18.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## A PESAR DE TODO (2020)

Galicia / 14 min / Documental / Galego

**Ficha técnica:**
Alumnos de 1º de Bacharelato (16-17 anos) do IES O Ribeiro (Ribadavia): Nerea Álvarez, Fayna Deaño, Paula García, Vanesa Pedreira, Aldara Vázquez, Clara Vázquez, Daniel Acosta, Antía Estévez, Teo Fernández, Iago Pereira, Anezka Piños, Lara Viéitez. Co acompañamento das docentes Maite Piñeiro, Nélida Lejarraga, Rita Abraldes, Chus Labarta e do cineasta Marcos Flórez.
O grupo de 1º de bacharelato artístico do IES O Ribeiro preparaban unha película sobre os oficios e as xentes de Ribadavia. En marzo de 2020 suspendéronse as clases. Seguiron encontrándose virtualmente filmando desde as súas casas. O 19 de xuño reencontráronse para rodar a súa película.



## OS OLLOS DO MAR (2021)

Galicia / 9 min / Documental / Galego

**Ficha técnica:**
Alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria (9-12 anos) do CEIP de San Cosme de Barreiros (Barreiros): Abril Díaz, Tania Gutiérrez, Jennifer Leal, Felipe Martín, Gadea Quintana, Aarón Rodríguez, Fernando Seco, Zaira Veiga, Armando Ventoso. Co acompañamento da mestra Vanessa Bello e do cineasta Xacio Baño.
A través de paisaxes, retratos e conversacións con mariscadores e percebeiros, descubrimos a localidade costeira de Rinlo e, ao mesmo tempo, a dureza dun modo de vida, a nostalxia do pasado, o respecto cara ao mar e o amor polo oficio.



## O MOSTEIRÓN. VOCES DO TEMPO (2021)

Galicia / 17 min / Documental / Galego

**Ficha técnica:**
Alumnos de 4º de ESO (15-16 anos) do IES O Mosteirón (Sada): Alba Casas, Iria Delgado, Mateo Fernández, Alejandro García, Carolina García, Daniela García, Alejandro Martínez, Jimena Martínez, Kalúa Pan, Samoa Pan, Nerea Pampín, Diego Sánchez, Daniel Souto, Marta Toral, Alicia Vidal, Martín Villamisar. Co acompañamento das profesoras Natalia Veira e Marisé Vázquez e dos cineastas Marcos Flórez e Jaione Camborda. Os alumnos de 4º de ESO recompoñen a memoria do instituto onde estudan e que se creou hai 50 anos para acoller as orfas do mar. A través das voces de internas, traballadoras da época e de fotografías antigas, lembramos a historia do actual IES O Mosteirón.



## ROSTROS DE VIDA (2021)

Galicia / 17 min / Documental / Galego

**Ficha técnica:**
Alumnos de 6º de primaria (11-12 anos) do CEIP A Rúa (Cangas): Sarai Ballesteros, Leire Bermúdez, Ana Cancelas, Ana Cordeiro, Antía Dacosta, Dimitrije Doder, Carlos Fernández, Enol Fernández, Uxía González, Rida Khazouti, Iria Martínez, Anxélica Nunes, Xabi Núñez, Eire Pérez, Nadia Pérez, Xonxa Prieto, Alex Quinteiro, Yasmín Roboa, Brais Rodríguez, Manuel Silva, Lucas Siwei Rouco, Aitana Villar. Co acompañamento das mestras Verónica Paz, Rosana Rúa, May Iglesias, Montse Sotelo e do cineasta Eloy Domínguez.
Os avós e as avoas dos alumnos de 6º de primaria do CEIP A Rúa en Cangas comparten a través do cinema as súas vidas. O traballo desde mozos no campo, a sabiduría e autonomía do traballo da terra. E tamén a dureza do traballo no mar, a vida nun barco, o longo tempo lonxe da familia. Rostros de esforzo e da complicidade cos netos que os retratan.



## AO ENCONTRO. DIARIO DE IMPRESIÓNS E ESTACIÓNS (2021)

Galicia / 19 min / Documental / Galego

**Ficha técnica:**
Alumnos de 6º de primaria (11-12 anos) do CEIP de Tenorio (Cerdedo-Cotobade): Alicia Alonso, Lucía Barreiro, Lara Bouzas, Uxía Crespo, Pablo Diz, Naia Fernández, Sabela Fontenla, Manuel Garrido, Adrián González, Víctor Martínez, Christian Martínez, Yéssica Naya, Nerea Orovero, Lucía Oubiña, Noa Outón, Carlos Pintos, Aitana Portela, Carla Vázquez. Co acompañamento dos mestres José Alberto Portela, Purificación Ruibal, Teresa Solla e do cineasta Ángel Santos.
Cunha cámara Bólex de 16 mm e unha gravadora de son, os alumnos de 6º de primaria do CEIP de Tenorio saen ao encontro da natureza e do cinema, inspirados por moitos cineastas: Jonas Mekas, Chantal Akerman, Franco Piavoli, James Benning. A modo de diario filman o bosque a finais do inverno, as ovellas e flores no prado en primavera e o mosteiro de San Pedro de Tenorio co seu último habitante, Don Jesús. Camiñando e filmando por Tenorio ata o solpor no monte Coirego. Xente, flores, cores... vida!



cinema en curso

#CINEUROPA35

# DOCS CINEUROPA

O xénero documental é no seu contido un dos grandes artefactos de recuperación da memoria histórica: das feridas e reparacións ás vítimas da nosa guerra civil, nunca realizadas, a como un cidadán pode sufrir hoxe en día os mecanismos burocráticos dunha administración do estado kafkiana. E do político ao artístico, a creación literaria do galego Juan Tallón. Ou o rescate de Bambino, exemplo paradigmático de *maudite* da nosa música reactiva a calquera academicismo.

Mércores 17, 18.00 | NUMAX
Venres 19, 22.45 | Multicines Compostela

## ALGO SALVAJE. LA HISTORIA DE BAMBINO (2021)

**Paco Ortiz**
España / 82 min / Documental / Español, inglés
**Ficha artística:**
Bambino, José Mercé, Justo Molinero, Los de Río, Nazario, Máximo Valverde, Alberto García-Alix, Bunbury, Cristina Cruces
**Ficha técnica:**
Guión: Paco Ortiz
Fotografía: Elisa Moreno
Edición: Paco Ortiz
Produción: Paco Ortiz, José Carlos de Isla
**Sinopse:**
Dicía o Dr. Tyrell a Roy na soada *Blade Runner* que "a luz que brilla co dobre de intensidade dura a metade do tempo". Como Bambino, unha vida demasiado curta e á vez demasiado intensa para o referente dun país que empezaba a espertar tras madrugadas de festas infinitas e salvaxes. Do mesmo xeito que Morente ou Camarón, Bambino foi no seu momento a última fronteira do flamenco, ao que rescatou e achegou ao gran público. Artista de artistas, ídolo en bares de estrada, unha sorte de Lorca por bulerías, o seu estilo inimitable, o seu irresistible magnetismo escénico ou a súa desgarradora personalidade forman xa parte do mito, do rei sen reino, dun xigante da música do século XX.

**Paco Ortiz** (Huelva). Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Sevilla, director de cinema e realizador de tv, socio fundador de Sarao Films xunto a José Carlos de Isla desde 2012. Como director cinematográfico ata a data dirixiu 7 longametraxes documentais, salientando un nomeamento aos Premios José María Forqué (*13. Miguel Poveda*) e numerosos nomeamentos nos Premios Asecan do Cinema Andaluz por distintas películas.



Venres 12, 17.00 | Salón Teatro

## CAMINO INCIERTO (2020)

**Pablo García Pérez de Lara**
España / 102 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Guión, fotografía e edición: Pablo García Pérez de Lara
Música: Dio Feito Agudo, Toti Soler
Produción: Producciones Doble Banda
**Sinopse:**
"Apichatpong Weerasethakul, Pedro Costa, Manoel de Oliveira, Lluís Miñarro e eu mesmo, con miradas diversas, deambulamos neste *Camiño incerto* por ese limiar no que se entrelazan vida e cinema. Afrontando, como habitante e cineasta, a crise de identidade que asolaga Europa, boto a vista atrás na procura de beleza e admiro como a miña filla, Alicia, con catro anos, contempla feliz as nubes dun lugar da Mancha de cuxo nome si quero acordarme: Fuente Álamo (Albacete)" (Pablo García Pérez de Lara).

**Pablo García Pérez de Lara** (Barcelona). É membro fundador da produtora Doble Banda (1998), e ao longo de máis de 20 anos combinou traballos de dirección, edición e dirección de fotografía en diversos proxectos. En 2001 estreou a súa ópera prima *Fuente Álamo. Bolboreta, mariposa, papallona* (2007); *Tchindas* (2015, xunto a Marc Serena); *Néixer per néixer* (2021) e *Camino incierto* (2020) son outros dos seus títulos.



Venres 12, 17.00 | NUMAX
Sábado 13, 19.00 | Multicines Compostela

## CARCELLER. EL HOMBRE QUE MURIÓ DOS VECES (2021)

**Ricardo Macián**
España / 99 min / Documental / Español
**Ficha artística:**
Pep Plaza, Paco Alegre, J.M. Gurillo, Lola Moltó, J.M. Casany, Bruno Tamarit, Resu Belmonte
**Ficha técnica:**
Guión: Ricardo Macián
Fotografía: José Milán, Pablo González
Edición: Miguel Ángel Villa Guerra
Produción: Fausto J. Atienza, Antonio Mansilla, Nacho Navarro
**Sinopse:**
O documental descobre a historia de Vicente Miguel Carceller, un editor comprometido coa liberdade, que co seu semanario La Traca conectou co pobo e mantivo un pulso co poder desde 1909 ata 1939, chegando a ter unha tirada de medio millón de exemplares semanais. Un hedonista, festivo e transgresor que, cos seus artigos e ferintes viñetas contra a igrexa, o rei e xenerais fascistas como Franco e Queipo de Llano, converteu o seu éxito en destino. En 1940, Carceller e Carlos Gómez Carrera (alias Bluff), editor e debuxante do semanario, serán dobremente silenciados, por un pelotón de fusilamento primeiro e pola censura franquista despois.

**Ricardo Macián** (Valencia). Enviado especial de TV (C9) a zonas de conflito como a antiga Ioguslavia, Guerra do Golfo, Albania, Somalia ou Afganistán. É guionista e director de *Los ojos de Ariana* (sobre como nove traballadores de Afghan Films salvaron miles de filmes da queima talibán), *Ivi Marae, Tierra sin mal, Carceller, Cave to Cave, La poesía anda por las calles* ou *Microasesinos.*



Luns 8, 18.15 | NUMAX

## RESPONSABILIDAD EMPRESARIAL (2020)

**Jonathan Perel**
Arxentina / 68 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Fotografía, edición e produción: Jonathan Perel
**Sinopse:**
Os recentes procesos xudiciais relacionados coa ditadura arxentina centráronse basicamente nos perpetradores directos: militares, policías e forzas de seguridade. Na súa nova película, o director de *El predio y 17 monumentos* expón a necesidade de botar a vista atrás en termos de responsabilidade e non de complicidade. Para profundar nesa cuestión, Jonathan Perel basea o seu filme nun libro do que existen moi poucas copias impresas. Trátase de *Responsabilidade empresarial en delitos de lesa humanidade*, o primeiro informe realizado polo Estado arxentino que documenta 25 casos de participación empresarial na represión exercida durante a ditadura. O cineasta pon o foco nesas empresas para denunciar o seu papel durante a ditadura facilitando activos e información aos militares a cambio de beneficios. *Responsabilidade empresarial,* que tivo a súa estrea mundial na sección Forum da Berlinale, componse dunha serie de planos fixos filmados desde o interior dun automóbil estacionado fronte a esas empresas. Como banda sonora, escoitamos ao mesmo Perel lendo extractos do libro que quere visibilizar, proporcionándolle así unha imaxe cinematográfica e unha existencia física. O filme eríxese como unha poderosa ferramenta de denuncia para evitar que a responsabilidade directa destas compañías caia no esquecemento. Unha nova e imprescindible perspectiva na construción da memoria.

**Jonathan Perel** (Bos Aires, Arxentina). Completou os seus estudos de arte na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires. Dirixiu as longas *Toponimia* (2015), *Tabula rasa* (2013), *17 monumentos* (2012) e *El Predio* (2010). Os seus filmes foron proxectados e premiados en numerosos festivais de cinema, como a Berlinale, Viennale, Rotterdam, FIDMarseille, A Habana ou BAFICI.



Domingo 21, 17.00 horas | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## LAS SINSOMBRERO (2015)

**Serrana Torres, Tània Balló, Manuel Jiménez**
España / 60 min / Documental / Español
**Ficha artística:**
José Antonio Mesa Toré, Emilio Miró, Mercedes Gómez Blesa, Ana Rodríguez Fischer, Antonio Gómez, Marga Clark, Nuria Capdevila e Alicia Rodríguez Mederos
**Ficha técnica:**
Guión: Serrana Torres, Tània Balló, Manuel Jiménez
Fotografía: Pedro Sara
Edición: Juliana Montañes e Carlos Prieto
Produción: Serrana Torres, Tània Balló, Manuel Jiménez
**Sinopse:**
No ano 1927, varios escritores reuníronse no Ateneo de Sevilla para renderlle homenaxe a Luis de Góngora, o que deu pé á Xeración do 27, unha das máis fecundas do século XX. Con todo, sábese pouco das mulleres que integraron dito movemento. María Teresa León, Ernestina de Champourcín, Rosa Chacel, Concha Méndez, Maruja Mallo, Josefina de la Torre, María Zambrano e Marga Gil Roësset son algunhas delas e as súas historias están narradas neste documental.
**Serrana Torres** (Paysandú, Uruguay). Traballou en: *Lämnamiginte* (2004), *Única bacanal en Paris* (2004), *Matlådan* (2005), *Morendo* (2005), *Alter Geist* (2006), *Sex, gender and condoms* (2007), *Training fortrainers* (2007) e *Habibi min Haida* (2012).
**Tània Balló** (Barcelona). Conta con 12 anos de traxectoria no eido da produción audiovisual e ten participado en máis de 15 producións de ficción e documental en cinema e televisión.
**Manuel Jiménez Nuñez** (Málaga). Participou en *La aldea perdida* (2006), *Hombres de sal* (2009), *El pésimo actor mexicano* (2011), *Proyecto mágico* (2012), *El lado oscuro* (2012), *Show Me Now!* (2015).
**— Premio Cineuropa no ano 2016**



## LAS SINSOMBRERO 2. OCULTAS E IMPECABLES (2018)

**Tània Balló, Manuel Jiménez Núñez, Serrana Torres**
España / 52 min / Documental / Español
**Ficha artística:**
Elena Fortún, Delhy Tejero, Ángeles Santos, Lucía Sánchez Saornil, Margarita Manso, Carmen Conde y Consuelo Berges
**Ficha técnica:**
Guión: Tània Balló, Nuria Capdevila Argüelles, Manuel Jiménez Núñez, Serrana Torres
Edición: Iván Roiz
Produción: Tània Balló, Manuel Jiménez Núñez, Serrana Torres
**Sinopse:**
Coa segunda parte de Las Sinsombrero, as directoras propoñen descubrir e reivindicar a unha xeración de mulleres artistas e intelectuais activas durante a ditadura franquista. Figuras que participaron no boom creativo e libertario dos anos republicanos, pero que ao terminar a guerra civil decidiron ficar en España, e con iso sacrificar o espírito transgresor, que tanto as caracterizou, para adaptarse ao novo rol feminino, submiso, devoto e de identidade castradora imposto polos vencedores, quen se empeñarán en restituír a imaxe do anxo do fogar decimonónico.
**Serrana Torres** (Paysandú, Uruguay). Traballou en: *Lämnamiginte* (2004), *Única bacanal en Paris* (2004), *Matlådan* (2005), *Morendo* (2005), *Alter Geist* (2006), *Sex, gender and condoms* (2007), *Training fortrainers* (2007) e *Habibi min Haida* (2012).
**Tània Balló** (Barcelona). Conta con 12 anos de traxectoria no eido da produción audiovisual e ten participado en máis de 15 producións de ficción e documental en cinema e televisión.
**Manuel Jiménez Nuñez** (Málaga). Participou en *La aldea perdida* (2006), *Hombres de sal* (2009), *El pésimo actor mexicano* (2011), *Proyecto mágico* (2012), *El lado oscuro* (2012), *Show Me Now!* (2015).



## LAS SINSOMBRERO 3. LAS EXILIADAS (2021)

**Manuel Jiménez Núñez, Tània Balló, Serrana Torres**
España / 53 min / Documental / Español
**Ficha artística:**
Luisa Carnés, Mada Carreño, Margarita Nelken, Silvia Mistral, Victorina Durán, María Dolores Arana, Carlota O'Neill
**Ficha técnica:**
Guión: Tània Balló, Lupe Pérez
Fotografía: Pedro Sara
Música: Sheila Blanco
Produción: Yolaperdono, Nina, Intropíamedia
**Sinopse:**
Neste terceiro episodio de Las Sinsombrero, abórdase a aquelas artistas e intelectuais que ao fin da guerra civil, se viron obrigadas a exiliarse en distintos países. A través das súas biografías, analízase o impacto que supuxo, sobre todo na súa autoría, o desterro. O exilio visto desde unha perspectiva de xénero demostra que, moi ao seu pesar, a maioría desas mulleres tamén sufriron un retroceso nas súas liberdades individuais. Sendo certo que ese retroceso non foi inducido por cuestións unicamente políticas senón por unha situación familiar e económica que as obrigou a dedicar parte do seu tempo a tarefas afastadas da produción creativa.
**Serrana Torres** (Paysandú, Uruguay). Traballou en: *Lämnamiginte* (2004), *Única bacanal en Paris* (2004), *Matlådan* (2005), *Morendo* (2005), *Alter Geist* (2006), *Sex, gender and condoms* (2007), *Training fortrainers* (2007) e *Habibi min Haida* (2012).
**Tània Balló** (Barcelona). Conta con 12 anos de traxectoria no eido da produción audiovisual e ten participado en máis de 15 producións de ficción e documental en cinema e televisión.
**Manuel Jiménez Nuñez** (Málaga). Participou en *La aldea perdida* (2006), *Hombres de sal* (2009), *El pésimo actor mexicano* (2011), *Proyecto mágico* (2012), *El lado oscuro* (2012), *Show Me Now!* (2015).



Martes 16, 22.45 | NUMAX
Xoves 18, 19.15 | NUMAX

## RETOUR À REIMS (FRAGMENTS) / REGRESO A REIMS (2021)

**Jean-Gabriel Périot**
Francia / 80 min / Documental / Francés
**Ficha técnica:**
Guión: Jean-Gabriel Périot
Fotografía: Julia Mingo
Edición: Jean-Gabriel Périot
Produción: Marie-Ange Luciani
**Sinopse:**
Adaptación libre da novela homónima de Didier Eribon, *Regreso a Reims* relata a través de material de arquivo unha historia íntima e política da clase traballadora francesa desde comezos dos anos 50 ata a actualidade.
**Jean-Gabriel Périot** (Bellac, Francia). Périot dirixiu unha vintena de curtametraxes, tanto en vídeo como en cinema, nos que desenvolveu un estilo de seu a partir de material de arquivo. A meirande parte dos seus traballos ocúpanse de temas de violencia, memoria e historia. *Une jeunesse allemande* (proxectada no Cineuropa de 2015) foi a súa ópera prima. Logo viñeron *As nosas derrotas* (2019) e este *Regreso a Reims*.



#CINEUROPA35

# XURADOS



## GABRIELA GUILLERMO

Montevideo, Uruguai, 1965

É guionista e realizadora audiovisual desde 1992. En 1994 viaxa a París onde realiza unha licenciatura e un mestrado en Estudos Cinematográficos e Audiovisuais, ademais dunha especialización de montaxe en La Fémis. En 2007 estrea en Montevideo a súa primeira longametraxe Fan, que foi seleccionada en varios festivais de cinema iberoamericano onde obtivo importantes recoñecementos. En 2012 estrea a súa longametraxe de ficción *Una bala para el Che*, seleccionado en importantes festivais internacionais. En 2017 realiza *Betete* xunto con Pablo Areán, e produce e codirixe xunto a Irina Raffo *Historias de verano*. No mesmo ano realizan *Historia de Inverno*, con André S. Labarthe en París. Actualmente presenta en Festivais *El nadador* (baseado na novela homónima de Hiber Conteris) escrito en coautoría con Pablo Galante. Así mesmo, comeza o desenvolvemento de dúas novas películas *Historia de primavera*, de novo xunto a Irina Raffo e *Cómo hiciste para quererme tanto.*

Foi xurado en numerosos festivais de cinema Latinoamericanos. Actualmente é a coordinadora da Licenciatura en Linguaxe e Medios Audiovisuais da Facultade de Belas Artes da Universidade da República de Uruguai, e realiza un doutoramento en Cinema e Filosofía na Universidade de París, Sorbonne.



## IMMA MERINO SERRAT

Castellfollit de la Roca,
Girona, 1962

Licenciada en Filosofía pola Universidade Autónoma de Barcelona e Doutora en Comunicación pola Universidade Pompeu Fabra escribindo a súa tese doutoral sobre “Subjectivitat i autorepresentació en el cinema d’Agnès Varda”. É profesora de Historia e Teoría do Cinema e de Análise dos Medios de Comunicación na Universidade de Xirona. Desde o ano 1989 exerce como crítica de cinema e xornalista cultural no xornal “El Punt (agora “El Punt/ Avui”). Tamén escribe noutras publicacións, de xeito regular na revista cultural “L’Avenç”. Colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan “En torno a la Nouvelle Vague. Rupturas y horizontes de la modernidad”, “Al otro lado de la ficción: Trece documentalistas españoles”, “Realidad y creación en el cine de no-ficción”, “Paisaje y figuras, perplejos. El nuevo cine alemán 1962-1982”, “Derivas del cine europeo contemporáneo” e “Envejecimientos y cines ibéricos”; así como en monografías sobre Jacques Demy, François Truffaut, Max Ophuls, Jacques Becker e Luís Buñuel. Publicou o ensaio “Agnès Varda: espigadora de realidades y de ensueños” e coeditou, xunto a Ariadna Lorenzo, o libro colectivo “Carol: bellesa subversiva del desig”.







## ALFONSO ZARAUZA

Santiago de Compostela, 1973

Traballou no Media Business School entre 1998 e o 2001 e foi director de desenvolvemento da produtora madrileña Iroko Films coa que produciu oito longametraxes entre o 2003 e o 2008, entre outras a súa ópera prima *A noite que deixou de chover,* estreada no 2007 e protagonizada por Luis Tosar e Nora Tschiner. No ano 2010 funda en Santiago de Compostela co seu irmán Rubén Zarauza a produtora Maruxiña Film Company na que desenvolve ata a actualidade o rol tanto de guionista como de director. *Os fenómenos* (2014), *Encallados* (2013), *A Viaxe dos Chévere* (2015), *Ons* (2020) e *Malencolía* (2021) son os filmes que ten desenvolvido ata o momento. Con eles obtivo 10 premios Mestre Mateo, e os galardóns ao mellor director no Festival Viña del Mar por *A noite que deixou de chover*, ao mellor guión pola mesma película no Los Ángeles Latino International Film Festival, ou o premio do xurado no xurado no Bruselas Film Festival por *Os fenómenos*, entre outras moitas distincións. Tamén codirixiu dúas series para a TVG: *O Nordés* (2010) e *Augasquentes* (2016). A súa filmografía está fortemente vinculada a Santiago de Compostela, cidade que sabe plasmar con toda a súa beleza e singularidade.

# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021

# ESTE É O XURADO NOVO DE #CINEUROPA35!

Teñen nas súas mans a composición do seu propio palmarés. Os premios do Xurado Novo serán de carácter honorífico e daranse a coñecer na gala de Clausura do festival.



ALICIA AYKAN



ANA MOREIRA



CHRISTIAN SILVA



REBECA FERNÁNDEZ



SHEILA DOPAZO





#CINEUROPA35

# SECCIÓNS PARALELAS

## DEREITOS HUMANOS

ADIÓS A LA MEMORIA

ANA. SEM TÍTULO

HECHOS PROBADOS

LA MUERTE MÁS CRUEL

## LATIDOAMERICANO

9

EL NADADOR

EL TIEMPO PERDIDO

LA CHICA NUEVA

LAS SIAMESAS

LXI

MATEÍNA

MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS

ZAHORÍ

## FANTASTIQUE COMPOSTELA

ANIARA

COMING HOME IN THE DARK

EARWIG

EL APEGO

LA TERRA DEI FIGLI

PRISONERS OF THE GHOSTLAND

RENT-A-PAL

## CINEMA E TOTALITARISMO

ALL THE KING´S MEN / O POLÍTICO

AUTOBIOGRAFÍA LUI NICOLAE CEAUCESCU

CINEMA KOMUNISTO

DRAGÓN RAPIDE

GÉNÉRAL IDI AMIN DADA: AUTOPORTRAIT / XENERAL IDI AMIN DADA

KANDAHAR

LE CHAGRIN ET LA PITIÉ / A TRISTEZA E A PIEDADE

MAN OF MARBLE / O HOME DE MÁRMORE

MOLOKH

NINETEEN EIGHTY-FOUR / 1984

NIXON IN CHINA / NIXON EN CHINA

NOVECENTO

THE ACT OF KILLING

THE DEATH OF STALIN / A MORTE DE STALIN

THE DEATH OF STALINISM IN BOHEMIA / A MORTE DO ESTALINISMO EN BOHEMIA

VINCERE

## 1971. O ANO DAS ARMAS

10, RILLINGTON PLACE / O ESTRANGULADOR DE RILLINGTON PLACE

A CLOCKWORK ORANGE / A LARANXA MECÁNICA

DELIVERANCE / DEFENSA

GIÚ LA TESTA / AGÁCHATE, MALDITO!

LA NOCHE DEL TERROR CIEGO

LA TARANTOLA DAL VENTRE NERO / A TARÁNTULA DO VENTRE NEGRO

PLAY MISTY FOR ME / ARREPÍO NA NOITE

STRAW DOGS / CANS DE PALLA

THE DEVILS / OS DEMOS

THE GETAWAY / A FUXIDA

THE GRISSOM GANG / A BANDA DOS GRISSOM

THE OMEGA MAN / O ÚLTIMO HOME VIVO

UNA LUCERTOLA CON LA PELLE DI DONNA / UNHA LAGARTA CON PEL DE MULLER

## CINEFILIAS

### CINEFILIAS: 7 XOIAS RECUPERADAS

ANGST ESSEN SEELE AUF / TODOS NOS CHAMAMOS ALÍ

DIE DRITTE GENERATION / A TERCEIRA XERACIÓN

DIE EHE DER MARIA BRAUN / O MATRIMONIO DE MARÍA BRAUN

DIE SEHNSUCHT DER VERONIKA VOSS / A ANSIEDADE DE VERONIKA VOSS

FAUSTRECHT DER FREIHEIT - A LEI DO MÁIS FORTE

LE BONHEUR / A FELICIDADE (PASE ESPECIAL AGNÈS VARDA)

QUERELLE

### CINEFILIAS: ESPECIAL CENTENARIO YVES MONTAND

VINCENT, FRANÇOIS, PAUL ET LES AUTRES / TRES AMIGOS, AS SÚAS MULLERES E... OS OUTROS

### ESPECIAL 50 ANOS DE MORTE EN VENECIA

MORTE A VENEZIA / MORTE EN VENECIA

### ESPECIAL A TRILOXÍA NACIONAL

PATRIMONIO NACIONAL

## PAÍS CONVIDADO: SUÍZA

### PERSPECTIVAS SUÍZAS

ATLAS

AZOR

MARE

PLATZSPITZBABY / NEEDLE PARK BABY

SAMI, JOE UND ICH / SAMI, JOE AND I

SCHWESTERLEIN / MY LITTLE SISTER

SPAGAT

WET SAND

ZAHORÍ

## HOMENAXE A ALAIN TANNER

CHARLES MORT OU VIF / CARLOS VIVO OU MORTO

DANS LA VILLE BLANCHE / NA CIDADE BRANCA

FOURBI

JONAS QUI AURA 25 ANS EN L'AN 2000 / JONAS QUE TERÁ 25 ANOS NO ANO 2000

L'HOMME QUI A PERDU SON OMBRE / O HOME QUE PERDEU A SÚA SOMBRA

LA SALAMANDRE / A SALAMANDRA

LA VALLÉE FANTÔME / O VAL PANTASMA

NO MAN'S LAND / TERRA DE NINGUÉN

UNE FLAMME DANS MON COEUR / UNHA CHAMA NO MEU CORAZÓN

## RETROSPECTIVA ALBERTE PAGÁN

25 DE JULHO (MÁSCARA)

BENPOSTA (PENEIRA)

DOLORES

FAUSTINO 1936

FLORA E FAUNA

PELÍCULA URGENTE POR PALESTINA

WALSED

## RETROSPECTIVA FERNANDO FERNÁN GÓMEZ

¡BRUJA, MÁS QUE BRUJA!

EL MUNDO SIGUE

## RESCATES

16 PRINTEMPS / SPRING BLOSSOM

A FRENCHMAN

A WITNESS OUT OF THE BLUE

I NEVER CRY

IT COMES

L'ANGLE MORT

NARCISO EM FÉRIAS

OAZA / OASIS

TENGO MIEDO TORERO



#CINEUROPA35 ÍNDICE DE SECCIÓNS PARALELAS

## CINEUROPA MIÚDA

BELLE

## MARATÓN

(POR ORDE DE PROXECCIÓN)

JACINTO

PRISONERS OF THE GHOSTLAND

COMING HOME IN THE DARK

RENT-A-PAL

MIL GRITOS TIENE LA NOCHE

LA NOCHE DEL TERROR CIEGO

PELÍCULA SORPRESA

## PREMIOS CINEUROPA

BS. AS.

HA'BERECH / O XEONLLO DE AHED

KIKA

CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA

8/24 NOVEMBRO 2021

#CINEUROPA35

# DEREITOS HUMANOS

O cinema como carta urxente que amosa as situacións de crise humanitaria que se están a padecer neste mesmo instante. E como recuperación de momentos da Historia onde os dereitos humanos foron flagrantemente violados ou postos en risco. Unha mostra máis da capacidade mobilizadora de conciencias desta arte.

Mércores 10, 22.15 | NUMAX
Xoves 11, 17.45 | Salón Teatro

## ADIÓS A LA MEMORIA (2020)

**Nicolás Prividera**
Arxentina / 95 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Guión: Nicolás Prividera
Fotografía: Héctor Prividera, Nicolás Prividera
Edición e deseño de son: Hernán Rosselli
Produción: Pablo Ratto
**Sinopse:**
Nicolás Prividera, director de *M* (sobre a procura da súa nai desaparecida) e *Tierra de los padres* (sobre a historia arxentina que levou á ultima ditadura), entérase de que o seu pai padece o mal de Alzheimer. Sente entón que esa ironía do destino obrígao a completar esas películas cunha sorte de terceira parte (triloxía involuntaria, xa que desexaba en cada paso escapar do tema, para volver caer nel), e decide que esa película (a súa despedida dunha cuestión que atravesa a cultura contemporánea) non pode senón chamarse *Adiós a la memoria*... Pero non se trata dun documental "subxectivo" nin dun eloxio do esquecemento, senón de indagar ese linde no cal a memoria persoal queda fundida coa social (e se asoma á súa mesma desaparición): un percorrido que nos leva dun caderno impenetrable diario da nai a diálogos imposibles co pai, de vellas películas familiares aos rastros das lembranzas compartidas por cada xeración, das pantasmas da cidade á procura ao culto da memoria no mundo contemporáneo. Un peche que volve á orixe.
2019: sección Las Nuevas Olas do Festival de Sevilla



Luns 15, 20.15 | Multicines Compostela

## ANA. SEM TÍTULO (2020)

**Lucia Murat**
Brasil / 110 min / Ficción / Portugués, español
**Ficha artística:**
Stella Rabello, Felipe Rocha, Renato Linhares, Mirta Busnelli, Lucas Canavarro, Roberta Estrela D'Alva
**Ficha técnica:**
Guión: Lucia Murat, Tatiana Salem Levy
Fotografía: Léo Bittencourt
Edición: Mair Tavares, Marih Oliveira
Produción: Lucia Murat, Felicitas Raffo
**Sinopse:**
Stela é unha actriz brasileira que decide facer un traballo sobre a correspondencia intercambiada entre artistas plásticas latinoamericanas nos anos 1970 e 1980. Este proxecto lévaa a viaxar a Cuba, México, Arxentina e Chile na procura de traballos e declaracións sobre a realidade que estas mulleres viviron durante as ditaduras que a maior parte deses países afrontaron na época. En medio da investigación, Stela descobre a existencia de Ana, unha moza brasileira que formou parte dese mundo, mais desapareceu. En 1968, Ana foi do sur do Brasil, dunha pequena cidade do interior, cara á efervescente Bos Aires, que vivía un momento de mudanza nas artes plásticas e no contexto histórico. Obsesionada pola personaxe, Stela decide saír a buscala e descubrir o que lle aconteceu.







Venres 12, 22.15 | NUMAX
Sábado 13, 19.15 | NUMAX

## HECHOS PROBADOS (2021)

**Alejo Moreno**
España / 92 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Guión: Alejo Moreno
Fotografía: Irene Cruz
Edición: Alejo Moreno
Produción: Alejo Moreno
**Sinopse:**
O 23 de decembro de 2015 o Ministerio de Facenda publicou a súa primeira 'Lista de morosos'. No número 1 figuraba un completo descoñecido: Agapito García Sánchez. Esta é a súa historia... a de todo un país. O documental revela a García Sánchez como unha versión moderna do protagonista de 'O proceso' de Kafka; un cidadán fronte a tiranía dos mecanismos do Estado e a súa administración, grazas ao cal, acaba por converterse en fío condutor dunha análise detallada sobre o alarmante envilecimiento das garantías cidadás.



Xoves 18, 19.30 | Multicines Compostela

## LA MUERTE MÁS CRUEL (2021)

**Belén Verdugo**
España / 84 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Guión: José María Izquierdo, Eva Catalán
Fotografía: Emilio Vigara Leyva
Edición: Andrea Chignoli, María José Salazar
Produción: Javier Reyes, Rafael Jaén, José Luis Gómez Mosquera
**Sinopse:**
Máis de 30.000 anciáns faleceron por COVID nas residencias de anciáns estatais. 20.000 desas mortes producíronse en apenas catro meses, de marzo a xuño de 2020. Que pasou nestes centros para que se producise tal nivel de mortalidade? Este documental conta o que ocorreu, cos testemuños dos familiares que perderon aos seus seres máis queridos, os traballadores dos centros e expertos de todo tipo, desde xuristas a psicólogos.



#CINEUROPA35

# LATIDOAMERICANO

Por proximidade cultural e idiomática. E pola eclosión de autores novos non soamente en Arxentina, tamén en Chile, Uruguai, Brasil... en todo o continente. América do Sur ocupa en Cineuropa un espazo singularizado, do mesmo xeito que as súas cinematografías reciben atención especial nos grandes certames internacionais.

Martes 16, 20.30 | NUMAX
Mércores 17, 19.30 | Salón Teatro

## 9 (2021)

**Martín Barrenechea, Nicolás Branca**
Uruguai, Arxentina / 105 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Enzo Vogrincic, Rafael Spregelburd, Sofía Lara Morales
**Ficha técnica:**
Guión: Martín Barrenechea, Nicolás Branca
Fotografía: Matías Lasarte
Edición: Anabela Lattanzio
Produción: Virginia Hinze, Daniel Pensa, Miguel Ángel Rocca, Lucía Gaviglio Salkind
**Sinopse:**
Christian é un xogador moi noviño que se ve a si mesmo como unha gran figura no fútbol mundial. Vive illado, nun ambiente luxoso e solitario, asediado por fanáticos, presionado polos medios de comunicación e obrigado a cumprir os compromisos asumidos polo seu pai, quen actúa como o seu representante. Por primeira vez Christian sente a necesidade de fuxir.



Mércores, 10 22.00 | Multicines Compostela
Domingo 14, 17.00 | NUMAX

## EL NADADOR (2021)

**Gabriela Guillermo**
Uruguai / 70 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Agustín Urrutia
**Ficha técnica:**
Guión: Pablo Galante, Gabriela Guillermo
Fotografía: Analía Pollio
Edición: Alejandro Pi, Gabriela Guillermo
Produción: Gabriela Guillermo
**Sinopse:**
Un novo nadador descóbrese escritor. Narra as súas primeiras experiencias amorosas e a deriva na que se atopa antes de coñecer a súa vocación. O protagonista lévanos coa súa voz a escenarios onde construirá co espectador as súas lembranzas. Xamais o vemos, nin a el nin a ningún dos personaxes.





Xoves 18, 17.15 | Multicines Compostela
Sábado 20, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## EL TIEMPO PERDIDO (2020)

**María Álvarez**
Arxentina / 102 min / Documental / Español
**Ficha técnica:**
Guión: María Alvarez
Fotografía: Tirso Diaz-Jares Rueda, María Alvarez
Edición: María Alvarez
Produción: Tirso Diaz-Jares Rueda, María Alvarez
**Sinopse:**
Un grupo de persoas reúnese desde hai dezaoito anos, nun bar de Bos Aires, a ler unha e outra vez o mesmo libro: *En busca do tempo* perdido de Marcel Proust. Atravesando as súas lembranzas e emocións, con gran sentido do humor, o grupo dálle á novela un significado novo e persoal.
Rexistrando durante case tres anos o día a día dun emblemático bar de Bos Aires que xa non existe, María Álvarez retratou a un grupo de persoas que se reuníu durante case vinte anos para compartir a arte cos demais. Nese marabilloso acto de resistencia que fai trascender á mesma película, asistimos a unha lectura completa da obra de Proust, ao tempo que se van desvelando as ricas dinámicas internas do grupo.



Mércores 17, 21.30 | Salón Teatro
Xoves 18, 21.30 | Multicines Compostela

## LA CHICA NUEVA (2021)

**Micaela Gonzalo**
Arxentina / 77 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Mora Arenillas, Rafael Federman, Jimena Anganuzzi
**Ficha técnica:**
Guión: Micaela Gonzalo, Lucía Tebaldi
Fotografía: Federico Lastra
Edición: Valeria Racioppi
Produción: El Ojo Extraviado, Corinthian Media
**Sinopse:**
Jimena viaxa a Río Grande, illa de Tierra del Fuego, no extremo sur de Arxentina ao encontro do seu medio irmán Mariano. Case non ten cartos para viaxar, pero apáñase para chegar alí coa esperanza de ter unha vida mellor nesa rexión manufactureira. O vento, o frío, e o complexo contexto de crise económica son o marco onde Jimena desenvolverá a empatía polas persoas que a rodean e o sentimento de pertenza, mais tamén un lugar onde aprenderá a coñecerse mellor a si mesma.
A ópera prima de Micaela Gonzalo entrelaza destramente o drama familiar e social nunha recóndita poboación da arxentina Tierra del Fuego. O difícil encontro de dous irmáns que apenas se coñecen, vai evolucionar ao mesmo tempo que a crise na fábrica de teléfonos móbiles na que ambos traballan. A folga e ocupación solidaria da fábrica polos traballadores, poñerá ao espido os comportamentos individuais e contradicións dos personaxes nun filme que remite a mellor dos irmáns Dardenne ou Ken Loach.
Gran premio «coup de cœur» no Festival de Cine Latino de Toulouse



Martes 9, 18.00 | Teatro Principal
Mércores 10, 20.00 | Salón Teatro

## LAS SIAMESAS (2020)

**Paula Hernández**
Arxentina / 80 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Rita Cortese, Valeria Lois, Sergio Prina, Sebastián Arenzo
**Ficha técnica:**
Guión: Paula Hernández, Leonel D'Agostino
(baseado no conto de Guillermo Saccomano)
Fotografía: Iván Gierasinchuk
Edición: Rosario Suárez
Produción: Tarea Fina
**Sinopse:**
Estela e a súa nai Clota deben viaxar desde Junín, onde viven, ata a localidade de Costa Bonita, en Necochea, para ver uns apartamentos que o pai de Estela lle deixou. Isto volverase un encordio para ela, xa que a súa nai é difícil de tratar: quéixase, tenlle medo a todo, di cousas ferintes e pasa o tempo lembrando o pasado.
A nova película de Paula Hernández narra a viaxe en autobús destes dous personaxes, unha premisa simple para unha película case sempre en tensión como as súas dúas protagonistas, interpretadas brillantemente por Valeria Lois e Rita Cortese. O único respiro para a pobre Estela, e para a película mesma, son unhas conversacións que mantén con Primo, un dos choferes do autobús, momentos de calma entre tanta tormenta que, máis adiante, volverase literal.
**Candidatura a mellor actriz nos Premios Platino 2021**



Xoves 11, 17.00 | NUMAX
Luns 15, 16.00 | Multicines Compostela

## LXI (2021)

**Rodrigo Moreno**
Perú / 73 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Javier Saavedra, Rodrigo Palacios, Cynthia Moreno, Sebastián Rubio
**Ficha técnica:**
Guión: Rodrigo Moreno
Fotografía: Pablo Polanco
Música: Nico Saba
Produción: Loshua Flores Guerra
**Sinopse:**
Tras se enterar do suicidio de Bernal, Humberto reúne logo de moitos anos a Cristian, Daniel e Gabriela para cumprir o que interpreta como a derradeira vontade do defunto: resolver os conflitos que os alonxaron ao rematar a escola. Obsesionado cun vídeo testemuñal de Bernal onde se poderían ocultar as razóns do seu suicidio e culpándose por desatender a mensaxe no momento apropiado, Humberto embárcase nun exercicio de memoria sobre un pasado que talvez é hora de transcender.





Luns 8, 20.00 | NUMAX
Mércores 10, 22.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## MATEÍNA (2021)

**Joaquín Peñagaricano, Pablo Abdala Richero**
Uruguai, Brasil, Arxentina / 82 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Diego Licio, Federico Silveira, Chiara Hourcade, Roberto Suárez, César Troncoso
**Ficha técnica:**
Guión: Joaquín Peñagaricano, coa colaboración de Pablo Abdala Richero
Fotografía: Analia Pollio
Edición: Pablo Riera
Produción: Joaquín Peñagaricano, Pablo Abdala, Pancho Magnou Arnábal
**Sinopse:**
Uruguai, 2045. A herba mate está prohibida. Dous vendedores ilegais inician unha cruzada cara a Paraguai para contrabandear herba. Nesta viaxe converteranse en heroes por accidente e intentarán devolver ao pobo a súa identidade perdida. Folclore do cono sur nunha *road movie* en clave de comedia absurda.



Xoves 11, 20.00 | Salón Teatro
Sábado 13, 21.30 | NUMAX

## MIS HERMANOS SUEÑAN DESPIERTOS (2021)

**Claudia Huaiquimilla**
Chile / 85 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Iván Cáceres, César Herrera, Paulina García, Andrew Bargsted
**Ficha técnica:**
Guión: Claudia Huaiquimilla, Pablo Greene
Fotografía: Mauro Veloso
Edición: Andrea Chignoli
Produción: Lanza Verde, Inefable
**Sinopse:**
Ángel e o seu irmán Franco levan un ano nun centro de detención xuvenil. Tras un feito violento, xorde entre os prisioneiros a idea de fuxir a través dun motín. Ángel desconfía do plan pero, preocupado pola saúde de Franco, comeza a velo como a súa única saída.
Esta segunda película da directora de orixe mapuche Claudia Huaiquimilla podería caer nos numerosos lugares comúns do subxénero carcerario adolescente, mais non o fai. A cineasta prefire poñer o foco na intimidade dos seus protagonistas, ofrecendo un retrato psicolóxico profundo e realista, que contén unha boa morea de contradicións, de momentos de humor e, por suposto, tamén de dor. O resultado é unha película humilde pero intelixente e chea de matices, protagonizada por un elenco de adolescentes cuxas interpretacións son pura autenticidade.
**Mellor película, mellor guión e mellor actor no Festival de Guadalajara**



Mércores 10, 17.45 | Salón Teatro
Luns 15, 17.00 | Salón Teatro

## ZAHORÍ (2020)

**Marí Alessandrini**
Suíza, Arxentina, Chile, Francia / 105 min / Ficción / Español, italiano

**Ficha artística:**
Lara Tortosa, Santos Curapil, Cirilo Wesley, Sabine Timoteo, Pablo Limarzi, Federico Luque, Colo Susini, Francisca Castillo

**Ficha técnica:**
Guión: Marí Alessandrini
Fotografía: Joakim Chardonnens
Edición: Myriam Rachmuth, Marí Alessandrini
Produción: Nadejda Magnenat, Juan Carlos Maristany, Linda Diaz Pernia, Matías Herrera Cordoba, Josemaría Naranjo, Dominga Sotomayor, Omar Zúñiga Hidalgo, Valentina Novati

**Sinopse:**
Un vento gris varre a estepa da Patagonia... Mora, de 13 anos, quere ser gaucho. Rebélase contra a escola e afírmase perante os seus pais, unha parella de ecoloxistas suízo-italianos cuxo soño de autonomía remata nun pesadelo. Mora penetrará nos meandros da estepa para axudar ao seu único amigo, Nazareno, un vello mapuche que perdeu ao seu cabalo, Zahorí.



# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021



#CINEUROPA35

# FANTASTIQUE COMPOSTELA

A sección esencial para as tribos da fangoria do festival. Co máis selecto da produción de cinema fantástico ou de terror recentemente importado da meca do xénero, o festival de Sitges. E tamén unha xanela para a recuperación de clásicos do terror ou de producións series z redescubertas como películas de culto. Atención, público non militante, que este ano unha das xoias do festival, *Earwig*, mellor dirección en San Sebastián, está aloxada nesta sección.

Martes 9, 21.45 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Venres 12, 17.15 | Teatro Principal

## ANIARA (2018)

**Hugo Lilja, Pella Kagerman**
Suecia, Dinamarca / 106 min / Ficción / Sueco, español, inglés
**Ficha artística:**
Emelie Jonsson, Arvin Kananian, Pablo Salvador N.G., Jamil Drissi
**Ficha técnica:**
Guión: Hugo Lilja, Pella Kagerman, Harry Martinson
Fotografía: Sophie Winqvist
Edición: Pella Kagerman, Björn Kessler, Michal Leszczylowski
Produción: Annika Rogell, Nina Bisgaard, Pella Kagerman, Lisa Widén
**Sinopse:**
Logo de devastar a Terra, a poboación humana restante está a lanzar varias naves ao espazo para transportar colonos a Marte, o seu novo fogar. Aniara é unha destas naves espaciais que garante unha viaxe luxosa de tres semanas e sen preocupacións ata o destino final. Creada para parecerse a un inmenso centro comercial, a nave ofrece todos os servizos necesarios para manter satisfeita unha sociedade profundamente consumista e destrutiva. A súa única conexión coa Terra é unha sala especial, onde unha computadora sensible reúne as lembranzas das persoas, permitindo volver experimentar momentos do planeta de orixe.
O que empeza como unha utopía futurista avanza lentamente cara a terreos tenebrosos que achegan o filme ao terror psicolóxico. Aniara foxe dos postulados tradicionais do cinema do espazo para dedicarse á construción dun desasosego profundo cara ao descoñecido. Capaz de cativar ao espectador, non só pola súa coidada dirección artística senón tamén polas interpretacións dos seus protagonistas e a forza narrativa do guión.
Mención especial no Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai



Venres 19, 22.15 | Teatro Principal (MARATÓN)
Mércores 24, 18.00 | Teatro Principal

## COMING HOME IN THE DARK (2021)

**James Ashcroft**
Nova Zelandia / 93 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Daniel Gillies, Erik Thomson, Miriama McDowell, Matthias Luafutu, Billy Paratene, Frankie Paratene
**Ficha técnica:**
Guión: James Ashcroft, Eli Kent. Baseado na historia de Owen Marshall
Fotografía: Matt Henley
Edición: Annie Collins
Produción: Light in the Dark Productions
**Sinopse:**
Viaxando pola abatida estrada dun val interminable, Alan e Jill deteñen o seu vehículo para levar aos seus fillos adolescentes a unha camiñada pola natureza de Nova Zelandia. Cando paran para gozar dun aperitivo, dous vagabundos aparecen da nada e rodean á pacífica familia. Nun inesperado acto de violencia secuestran á familia, o que desata unha serie de acontecementos dos que non existe escapatoria.
Sección Oficial do Festival de Sitges 2021



Xoves 11, 22.45 | Teatro Principal
Sábado 13, 22.45 | Salón Teatro

## EARWIG (2021)

**Lucile Hadzihalilovic**
Reino Unido, Francia, Bélxica / 114 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Romola Garai, Paul Hilton, Alex Lawther, Martin Verset
**Ficha técnica:**
Guión: Lucile Hadzihalilovic, Geoff Cox
Fotografía: Jonathan Ricquebourg
Edición: Adam Finch
Produción: Anti-Worlds, Petit Film, Frakas Productions, BFI Film Fund, Film 4
**Sinopse:**
Nalgún lugar de Europa, a mediados do século XX, Albert traballa coidando de Mia, unha nena con dentes de xeo. Mia nunca sae dun apartamento onde as portas e xanelas sempre están pechadas. O teléfono soa con regularidade, e un individuo coñecido como o Mestre interésase polo estado de Mia. Un día, Albert recibe instrucións: debe preparar á nena e saír ao exterior.
Premio especial do xurado no Festival de San Sebastián 2021



Martes 9, 20.00 | Salón Teatro
Mércores 10, 20.00 | NUMAX

## EL APEGO (2021)

**Valentín Javier Diment**
Arxentina / 102 min / Ficción / Español
**Ficha artística:**
Jimena Anganuzzi, Lola Berthet, Germán de Silva, Marcela Guerty, Marta Haller, Andrea Nussenbaum
**Ficha técnica:**
Guión: Valentín Javier Diment
Fotografía: Claudio Beiza
Edición: Martín Blousson, Valentín Javier Diment
Produción: Valentín Javier Diment, Vanesa Pagani
**Sinopse:**
Arxentina, anos 70. Unha moza desesperada recorre a unha clínica que fai abortos clandestinos. Ao descubrir que está no seu cuarto mes de embarazo, a doutora négase, pero proponlle vender o bebé a uns clientes seus, ofrecéndolle refuxio na súa casa ata que o neno naza. As perturbadas personalidades de ambas as dúas mulleres tecerán unha estraña e perigosa relación.



#CINEUROPA35 FANTASTIQUE COMPOSTELA

Domingo 21, 23.00 | Salón Teatro
Luns 22, 17.00 | Salón Teatro

## LA TERRA DEI FIGLI (2021)

**Claudio Cupellini**
Italia, Francia / 120 min / Ficción / Italiano
**Ficha artística:**
Leon De La Vallée, Paolo Pierobon, Maria Roveran, Fabrizio Ferracane, Maurizio Donadoni
**Ficha técnica:**
Guión: Claudio Cupellini, Guido Iuculano, Filippo Gravino. Novela gráfica: Gian Alfonso Pacinotti
Fotografía: Gergely Pohárnok
Edición: Giuseppe Trepiccione
Produción: Rocco Messere
**Sinopse:**
O final da civilización chegou. Un pai e o seu fillo atópanse entre os sobreviventes. O fillo é criado como un neno salvaxe, pois o seu pai considera que é a única forma de sobrevivir. Cando o pai morre, o fillo decide emprender unha viaxe ao longo do río, na procura de alguén que poida ler o diario que o seu pai escribiu ao longo da súa vida.



Venres 19, 22.15 | Teatro Principal (MARATÓN)
Martes 23, 16.30 | Teatro Principal

## PRISONERS OF THE GHOSTLAND (2021)

**Sion Sono**
Estados Unidos, Xapón / 103 min / Ficción / Inglés, xaponés, chinés, francés
**Ficha artística:**
Nicolas Cage, Sofia Boutella, Ed Skrein, Nick Cassavetes, Bill Moseley, Narisa Suzuki, Takato Yonemoto
**Ficha técnica:**
Guión: Aaron Hendry, Reza Sixo Safai
Fotografía: Souhei Tanigawa
Edición: Taylor Levy
Produción: Eleven Arts, Untitled Entertainment, XYZ Films, Patriot Pictures
**Sinopse:**
Na traizoeira fronteira da cidade de Samurai Town, un ladrón de bancos sen escrúpulos é liberado do cárcere por un podente señor da guerra coñecido como The Governor para que atope a Bernice, a súa neta adoptiva, que desapareceu sen deixar rastro. Para garantir que cumpra a súa palabra, o ladrón é obrigado a levar posto un traxe de coiro que se autodestruirá nun período de cinco días. Na súa aventura procurará non só atopar á moza, senón tamén redimirse dos seus pecados.



Venres 19, 22.15 | Teatro Principal (MARATÓN)
Domingo 21, 20.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## RENT-A-PAL (2020)

**Jon Stevenson**
Estados Unidos / 108 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Wil Wheaton, Brian Landis Folkins, Amy Rutledge, Kathleen Brady, Adrian Egolf, Josh Staab, Luke Sorge
**Ficha técnica:**
Guión: Jon Stevenson
Fotografía: Scott Park
Edición: Jon Stevenson
Produción: Pretty People Pictures
**Sinopse:**
Ambientada en 1990, un solteiro solitario chamado David busca o xeito de fuxir do aburrimento diario que lle supón coidar da súa nai anciá. Un día descobre por accidente unha estraña cinta de vídeo chamada Rent-A-Pal presentada polo carismático Andy. Esta ofrece todo o que David necesita: compañía, compaixón e amizade. Con todo, a súa relación ten un custo moito máis alto do que el está disposto a pagar.



CINEMA E TOTALITARISMO
#CINEUROPA35
SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021



#CINEUROPA35

# CINEMA E TOTALITARISMO

Non hai que ir moi lonxe no tempo. A deriva de réximes a piques de ser considerados iliberais e excluídos da lista de esixencias dunha democracia, como Polonia. Ou a dantesca toma do Capitolio polas hostes de Trump en xaneiro –algo que ocupa nada menos que o epicentro da magnífica última entrega de Halloween– precisa dun repaso sobre o cinema que abordou os totalitarismos. E tamén os populismos que lles abriron o camiño. Por iso é polo que a idea-forza desta edición ten o seu contraforte, a modo de laico exorcismo, no cinema que se asomou a eses abismos.

Sábado 13, 18.30 | Museo das Peregrinacións

## ALL THE KING´S MEN / O POLÍTICO (1949)

**Robert Rossen**
Estados Unidos / 110 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Broderick Crawford, Mercedes McCambridge, John Ireland, Joanne Dru, John Derek, Shepperd Strudwick, Anne Seymour
**Ficha técnica:**
Guión: Robert Rossen (baseado na novela de Robert Penn Warren)
Fotografía: Burnett Guffey
Edición: Al Clark
Produción: Robert Rossen
**Sinopse:**
Willie Stark, un home honrado e valente, sofre unha transformación o día que decide entrar en política e descobre que todo é xogo sucio. Logo de saír elixido como gobernador, esquecendo os seus principios, o primeiro que fai é apoderarse da prensa e a radio. Convertido nun ser corrupto fará canto estea na súa man para permanecer no poder.
Mellor película, mellor actor e mellor actriz secundaria nos Premios Oscar 1949
Cinco Globos de Ouro 1949 incluíndo mellor película dramática



Martes 23, 18.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## AUTOBIOGRAFIA LUI NICOLAE CEAUSESCU (2010)

**Andrei Ujica**
Romanía, Alemaña / 180 min / Documental / Romanés, inglés
**Ficha técnica:**
Guión: Andrei Ujica
Edición: Dana Bunescu
Produción: Velvet Moraru
**Sinopse:**
Compañía perfecta para *Videogramas dunha revolución*, esta compilación de material filmado polo aparato de propaganda de Ceaucescu permite poñer en dúbida a conclusión da outra película: que o cine deixou nun momento de ser inspirado pola Historia para pasar a ser o seu segredo motor. As imaxes coas que o tirano se celebra a si mesmo -concentracións, festas populares, discursos, encontros con xefes de estado, escenas da vida familiar- teñen como obxectivo fixar a simbólica eternidade da autocracia, mentres que a revolución que volveu poñer en marcha a roda do tempo se fixo xustamente contra eses anacos de celuloide. Se en *Videogramas* a urxencia do momento deixa ver excepcionalmente a trastenda do poder, a *Autobiografía* é non obstante a regra e proba de que o poder é eficaz para expresarse ata con certa beleza eisensteniana (abonda pensar, por exemplo, no noso recente Bicentenario). É doado mirar hoxe a película e deducir con razón que Ceaucescu era pouco máis que un burócrata mediocre. Pero convén recordar que non era iso o que se dicía del, mesmo fóra de Romanía.
Mellor documental no Festival de Cinema Internacional de Bergen
Mellor edición e mellor documental nos Premios Gopo de Romanía





Domingo 14, 22.45 | Multicines Compostela

## CINEMA KOMUNISTO (2010)

**Mila Turajlic**
Serbia / 100 min / Documental / Serbocroata
**Ficha artística:**
Leka Konstatinovic, Veljko Bulajic, Bata Zivojinovic, Gile Djuric, Steva Petrovic
**Ficha técnica:**
Guión: Mila Turajlic
Fotografía: Goran Kovacevic
Edición: Aleksandra Milovanovic
Produción: Dribbling Pictures, 3K Productions, Intermedia Network
**Sinopse:**
En 1945, o Presidente iugoslavo Tito fundou os estudos de cinema Avala en Belgrado, os segundos máis grandes de Europa nese momento. Un novo xénero de películas foi creado: o "partisano": guerras e epopeas ou "spaghetti easterns" que representaban a heroica resistencia iugoslava fronte os ocupantes alemáns. Estas superproducións volvéronse moi populares e tiveron un papel crucial na promoción dos esforzos do goberno para fomentar esa ilusión chamada "Iugoslavia".
*Cinema Komunisto* explora o mito que creou a Iugoslavia, a xente que elaborou a súa ficción e como se derrubou fronte a brutal realidade da guerra. Hoxe, os estudos Avala son unha sorte de triste poboación pantasma: os abandonados sets de rodaxe, o equipamento obsoleto, os centos de rolos de películas e os técnicos sen traballo. Calquera que busque o que queda de Iugoslavia faría mellor en mirar as películas que se fixeron durante ese tempo. Pode a historia do ascenso e caída da cinematografía iugoslava axudar a explicar a unidade e a desintegración do propio país?
O documental foi realizado a partir de fragmentos de máis de 60 películas, unha impresionante cantidade de imaxes de arquivo e as memorias agridoces de quen viviu esa época, salpicadas de divertidas anécdotas. As memorias filmadas dun país que xa non existe.
Hugo de ouro ao mellor documental no Festival de Chicago
Mención especial no Festival de Cinema Internacional do Uruguai
Mellor documental no Festival de Cinema Engagé de Alxeria

Sábado 20, 19.00 horas | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## DRAGÓN RAPIDE (1986)

**Jaime Camino**
España / 100 min / Documental / Español, catalán, inglés, árabe
**Ficha artística:**
Juan Diego, Vicky Peña, Manuel de Blas, Pedro Díez del Corral, Francisco Casares, Santiago Ramos, Laura García Lorca, Micky Molina
**Ficha técnica:**
Guión: Jaime Camino, Román Gubern
Fotografía: Juan Amorós
Edición: Teresa Alcocer
Produción: Jaime Camino
**Sinopse:**
España, Segunda República. En xullo de 1936, Francisco Franco, Capitán Xeral das Canarias, ten que trasladarse, en segredo, a Marrocos para poñerse á fronte das tropas sublevadas, co fin de derrubar o Goberno da Fronte Popular. O Dragon Rapide, un avión británico, será clave no desenvolvemento da operación que levaría á insurrección militar do 18 de xullo e a posterior Guerra Civil Española.
Mellor dirección artística nos Goya 1987



Martes 9, 20.15 | Multicines Compostela

## GÉNÉRAL IDI AMIN DADA: AUTOPORTRAIT / XENERAL IDI AMIN DADA (1974)

**Barbet Schroeder**
Francia, Suíza / 92 min / Documental / Inglés, suahili, francés
**Ficha técnica:**
Guión: Barbet Schroeder
Fotografía: Néstor Almendros
Edición: Denise de Casabianca
Produción: Jean-François Chauvel, Charles-Henri Favrod, Jean-Pierre Rassam
**Sinopse:**
Documental sobre o ditador ugandés responsable da morte de 300.000 compatriotas seus entre os anos 1971 e 1979, e que saltou á actualidade internacional cando ordenou a expulsión do país de todos os habitantes de orixe asiática. Co beneplácito do propio Amin, a cámara ségueo nun safari, unha competición de natación e outros eventos organizados para demostrar a súa popularidade, pero que en realidade deixan patentes a súa loucura e paranoia.



Martes 9, 16.00 | Multicines Compostela

## KANDAHAR (2001)

**Mohsen Makhmalbaf**
Irán, Francia / 85 min / Ficción / Persa, inglés, pastún, polaco
**Ficha artística:**
Nelofer Pazira, Hassan Tantaï, Sadou Teymouri, Hayatalah Hakimi
**Ficha técnica:**
Guión: Mohsen Makhmalbaf
Fotografía: Ebrahim Ghafori
Edición: Mohsen Makhmalbaf
Produción: Mohsen Makhmalbaf
**Sinopse:**
Nafás é unha bela muller afgá que, desde Canadá onde agora vive, decide emprender a longa viaxe ata Kandahar, para buscar a unha irmá da que sabe que intentou suicidarse. No traxecto, Nafás tropezará cunha serie de variados personaxes… e nós presenciaremos a condición da muller naquelas afastadas terras marcadas pola guerra.
Película que reflicte a situación de Afganistán baixo o réxime talibán. Curiosa e involuntariamente, foi estreada na mesma época que EEUU atacaba o país tralos atentados do 11 de setembro.
Premio do Xurado Económico no Festival de Cannes 2001



Venres 12, 16.15 | Museo das Peregrinacións

## LE CHAGRIN ET LA PITIÉ / A TRISTEZA E A PIEDADE (1969)

**Marcel Ophüls**
Francia, Suíza, Alemaña / 1969 / 251 min / Documental / Francés
**Ficha técnica:**
Guión: Marcel Ophüls, André Harris
Fotografía: André Gazut, Jürgen Thieme
Edición: Claude Vajda
Produción: André Harris, Alain de Sedouy, Charles-Henri Favrod
**Sinopse:**
Aclamadísimo documental sobre o colaboracionismo francés coas tropas nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Desde 1940 até 1944, o Goberno de Vichy colaborou cos alemáns. Vichy combateu mesmo á propia resistencia francesa, o que lle supuxo o golpe definitivo para a humillación e vergoña por parte dos aliados e os propios franceses durante e unha vez acabada a guerra. O documental mestura imaxes de arquivo da época con entrevistas actuais (en 1969) a oficiais alemáns e resistentes franceses daqueles anos.
Candidatura a mellor documental nos Oscar 1971
Mellor programa de TV estranxeiro nos Premios BAFTA 1971
Mención especial no Círculo de Críticos de Nova York 1973




Venres 12, 16.30 | Multicines Compostela

## MAN OF MARBLE / O HOME DE MÁRMORE (1977)

**Andrzej Wajda**
Polonia / 165 min / Ficción / Polaco
**Ficha artística:**
Jerzy Radziwilowicz, Krystyna Janda, Tadeusz Lomnicki, Michal Tarkowski, Piotr Cieslak
**Ficha técnica:**
Guión: Aleksander Scibor-Rylski
Fotografía: Edward Klosinski
Edición: Halina Prugar-Ketling
Produción: Andrzej Wajda
**Sinopse:**
En 1976, unha moza de Cracovia que está a realizar a súa diplomatura en cinema, investiga a vida dun obreiro chamado Birkut, quen nos 50 foi, de xeito fugaz, un heroe proletario. O seu obxectivo é investigar como se orixinou esa lenda e que efectos provocou nel.



#CINEUROPA35 CINEMA E TOTALITARISMO

Sábado 13, 16.30 | NUMAX
+ MESA REDONDA: CINEMA E TOTALITARISMO

## MOLOKH (1999)

**Aleksander Sokurov**
Rusia, Alemaña, Xapón, Italia, Francia / 108 min / Ficción / Alemán
**Ficha artística:**
Leonid Mozgovoy, Elena Rufanova, Irina Sokolova, Elena Spridonova, Vladimir Bagdanov, Anatoli Shcwederski
**Ficha técnica:**
Guión: Yuri Arabov
Fotografía: Alexei Fyodorov, Anatoli Rodionov
Edición: Leda Semyonova
Produción: Thomas Kufus, Viktor Sergeev, Rio Saitani, Michael Schmid-Ospach
**Sinopse:**
No remoto refuxio alpino do "Niño da Aguia", Eva Braun recibe a visita do seu amante. Hitler chega acompañado dos seus máis fieis colaboradores, entre eles o contrafeito Joseph Goebbels, a súa esposa Magda e o ambicioso e autoritario Martin Bormann. Pasan un día de descanso entre comidas vexetarianas, paseos e danzas grotescas pola montaña, todo zarrapicado por paradoxais discusións que contribúen a debuxar a figura dun ditador decadente, paranoico e infantiloide, rodeado dun grupo servil e envexoso. Un cadro de banalidade e mesquindade cotiá, en vésperas da derrota nazi na fronte soviética, co espectro da morte e a soidade sobrevoando o conxunto.
Mellor guión no Festival de Cannes 1999
Candidata a mellor película e fotografía nos Premios do Cinema Europeo 1999



Xoves 11, 17.00 | Multicines Compostela

## NINETEEN EIGHTY-FOUR / 1984 (1984)

**Michael Radford**
Reino Unido / 113 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
John Hurt, Richard Burton, Suzanna Hamilton, Cyril Cusack, Gregor Fisher, James Walker, Andrew Wilde, Shirley Stefox, Phyllis Logan
**Ficha técnica:**
Guión: Michael Radford
(baseado na novela de George Orwell)
Fotografía: Roger Deakins
Edición: Tom Priestley
Produción: Simon Perry
**Sinopse:**
O futuro, ano 1984. Winston Smith soporta unha abxecta existencia baixo a continua vixilancia das autoridades da Oceanía totalitaria. Pero a súa vida converterase nun pesadelo cando probe o amor prohibido e cometa o crime de pensar libremente. Enviado ao sinistro "Ministerio do Amor", atópase a mercé de O'Brien, un cruel oficial decidido a destruír a súa liberdade de pensamento e a quebrantar a súa vontade.



Mércores 10, 16.00 | Multicines Compostela

## NIXON IN CHINA / NIXON EN CHINA (1987)

**Peter Sellars**
Estados Unidos / 177 min / Documental / Inglés
**Ficha artística:**
James Maddalena, Robert Brubaker, Janis Kelly, Russell Braun, Kathleen Kim
**Ficha técnica:**
Guión: Alice Goodman
Música: John Adams
Coreografía: Mark Morris
Produción: Peter Sellars
**Sinopse:**
Ópera en tres actos do compositor estadounidense John Adams, con libreto de Alice Goodman inspirada na visita de Nixon a China o ano 1972. A ópera, que é a primeira do compositor, estreouse na Grand Opera da cidade de Houston, Texas o 22 de outubro de 1987 nunha produción a cargo do director de teatro estadounidense Peter Sellars con coreografía de Mark Morris. Desde a pompa das exhibicións públicas ata a intimidade dos momentos máis privados dos protagonistas, Adams, Sellars e Goodman revelan os personaxes reais detrás dos titulares desta histórica ópera estadounidense.



Domingo 14, 17.00 | Multicines Compostela

## NOVECENTO (1976)

**Bernardo Bertolucci**
Italia / 314 min / Ficción / Italiano
**Ficha artística:**
Gérard Depardieu, Robert De Niro, Dominique Sanda, Stefania Sandrelli
**Ficha técnica:**
Guión: Franco Arcalli, Giuseppe Bertolucci, Bernardo Bertolucci
Dirección: Bernardo Bertolucci
Fotografía: Vittorio Storaro
Música: Ennio Morricone
**Sinopse:**
Unha épica narración da loita de clases na Italia do século XX a través dos ollos de dous amigos da infancia que pertencen a bandos opostos. No ano 1901, nunha leira do norte de Italia, nacen o mesmo día o fillo dun terratenente e o fillo dun xornaleiro que serán amigos inseparables, aínda que a súa relación verase nubrada polas súas diferentes actitudes fronte ao fascismo.
Sección Oficial (fóra de concurso) no Festival de Cannes 1976
Mellor película europea nos Bodil Awards de Dinamarca 1976
Mellor interpretación en película estranxeira nos Premios Sant Jordi 1976



#CINEUROPA35 CINEMA E TOTALITARISMO

Mércores 10, 16.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## THE ACT OF KILLING (2012)

**Joshua Oppenheimer, Anonymous, Christine Cynn**
Dinamarca, Noruega, Reino Unido / 160 min / Documental / Indonesio, inglés
**Ficha técnica:**
Guión: Joshua Oppenheimer, Christine Cynn
Fotografía: Carlos Arango De Montis, Lars Skree
Edición: Niels Pagh Andersen, Charlotte Munch Bengtsen, Ariadna Fatjo-Vilas Mestre, Janus Billeskov Jansen, Mariko Montpetit
Produción: Werner Herzog
**Sinopse:**
En 1965 houbo un golpe de estado militar en Indonesia que puxo no poder ao xeneral Suharto. Tras a subida ao poder do exército chegou o xenocidio: miles de comunistas, reais ou presuntos, foron asasinados por escuadróns da morte. Unhas décadas despois, o pasado mantense e un relato perpetúase. Pero nada será igual logo deste filme.
Candidatura a mellor documental nos Premios Oscar 2013
Mellor documental nos Premios do Cinema Europeo 2013
Mellor documental e dúas candidaturas nos Premios BAFTA 2013



Mércores 10, 18.30 | Museo das Peregrinacións

## THE DEATH OF STALIN / A MORTE DE STALIN (2017)

**Armando Iannucci**
Reino Unido, Francia, Bélxica / 107 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Steve Buscemi, Simon Russell Beale, Jeffrey Tambor, Michael Palin, Andrea Riseborough, Dermot Crowley, Jason Isaacs, Rupert Friend, Olga Kurylenko
**Ficha técnica:**
Guión: Armando Iannucci, David Schneider, Ian Martin, Peter Fellows. Cómic: Fabien Nury
Fotografía: Zac Nicholson
Edición: Peter Lambert
Produción: Quad Productions, Main Journey, Free Range Films
**Sinopse:**
A noite do 2 de marzo de 1953 morre un home. Ese home é Josef Stalin, ditador, tirano, carniceiro e Secretario Xeral da URSS. E se xogas as túas cartas ben, o posto agora pode ser teu. Unha sátira sobre os días previos ao funeral do pai da nación. Dúas xornadas de duras pelexas polo poder absoluto a través de manipulacións, luxurias e traizóns.
Mellor comedia nos Premios do Cinema Europeo
Catro premios nos British Independent Film Awards



## THE DEATH OF STALINISM IN BOHEMIA / A MORTE DO ESTALINISMO EN BOHEMIA (1991)

**Jan Švankmajer**
Reino Unido / 10 min / Animación / Inglés
**Ficha técnica:**
Guión: Jan Švankmajer
Fotografía: Svatopluk Malý
Produción: BBC, Nomad Films
**Sinopse:**
Relato animado, de carácter estritamente visual, sobre a historia checa desde 1948 ata a "Revolución de Veludo" de 1989.



Xoves 11, 19.30 | Multicines Compostela

## VINCERE (2009)

**Marco Bellocchio**
Italia, Francia / 128 min / Ficción / Italiano, alemán
**Ficha artística:**
Giovanna Mezzogiorno, Filippo Timi, Michela Cescon, Fabrizio Costella, Fausto Russo Alesi
**Ficha técnica:**
Guión: Marco Bellocchio, Daniela Ceselli
Fotografía: Daniele Ciprì
Edición: Francesca Calvelli
Produción: Mario Gianani, Christian Baute, Hengameh Panahi, Olivia Sleiter
**Sinopse:**
Principios do século XX. Benito Mussolini é un revolucionario socialista que coñece a Ida Dalser, unha muller tan apaixonada como el, que o apoiará na loita política, mesmo cando cambia de rumbo e substitúe o socialismo polo fascismo. Ela pon á súa disposición todos os seus recursos para que poida fundar o seu propio xornal: Il Popolo d'Italia. Co tempo, casarán e terán un fillo, pero Ida descobre que o seu matrimonio pola igrexa ten moito menos valor que o que Mussolini contraeu con Rachele Guidi. Cando o Duce chega ao poder, a súa decisión de excluír da súa vida tanto a Ida como ao neno é irrevogable.
Candidata á Palma de Ouro no Festival de Cannes 2009
Oito canditaturas aos premios David di Donatello, incluíndo mellor director



#CINEUROPA35

# 1971. O ANO DAS ARMAS

Aínda que en España a vergoñenta censura alterase o curso do tempo, en 1971 produciuse a estrea case simultánea das dúas películas que alcanzaron cotas máis altas na materialización da súa violencia e crueldade deshumanizada. *A laranxa mecánica*, de Kubrick, e *Cans de palla*, de Sam Peckinpah, viron a luz ese ano e motivaron todo xénero de controversias e mesmo condenas que, no caso do filme de Peckinpah, duran ata hoxe mesmo.

Tirando do fío desa conxunción do azar, comezamos a estudar que outros filmes cunha natureza salvaxe similar poderían estrearse ese mesmo ano. Para a nosa sorpresa, demos cunha veta de películas que pasou aos anais pola súa radical exploración da violencia. Así, Robert Aldrich e *A banda dos Grissom*; John Boorman e *Defensa*; Sergio Leone con *Agáchache, maldito*; Richard Fleischer e *O estrangulador de Rillington Place*; ou mesmo o debut na dirección de Clint Eastwood coa durísima e misóxina *Arrepío na noite.*

Que puido motivar esa *exploitation*? Máis aló da pura casualidade coetánea, atopamos nese tempo algúns ecos da atmosfera política do tempo que poderían imbricarse nesa poética da brutalidade na pantalla, En 1971, a xustiza norteamericana substanciou as primeiras condenas por crimes de guerra do seu propio exército en Vietnam, os correspondentes á matanza de My Lay. Tamén nese mesmo ano Ulrike Meinhoff fixo público o seu Concepto da Guerrilla Urbana, manifesto que ía detonar coas loitas armadas ou as accións de terrorismo en media Europa. En Italia, Renato Curcio lidera nese mesmo 1971 o nacemento das Brigadas Roxas e prodúcense os primeiros atentados en Turín, na Siemens e na FIAT. E en México comezan a saír á luz pública os datos de asasinatos concretos da Matanza da Praza das Tres Culturas. É posible que aquela caldeira socio-política da chamada década de chumbo daquela iniciada atopase algunha vía de escape, aínda inconsciente, en todo ese cinema que queimaba? Sobre esa suxestiva disquisición camiña este ciclo de películas que fixeron lenda e que —nalgún caso— para algúns sectores da sociedade pisaron a liña vermella do reprobable.

Mércores 10, 19.30 | Multicines Compostela

## 10, RILLINGTON PLACE / O ESTRANGULADOR DE RILLINGTON PLACE (1971)

**Richard Fleischer**
Reino Unido / 111 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Richard Attenborough, Judy Geeson, John Hurt, Pat Heywood, Isobel Black, Phyllis MacMahon, Geoffrey Chater, Robert Hardy, André Morell
**Ficha técnica:**
Guión: Clive Exton (baseado no libro de Ludovic Kennedy)
Fotografía: Denys N. Coop
Edición: Ernest Walter
Produción: Basil Appleby, Leslie Linder, Martin Ransohoff
**Sinopse:**
No Londres da posguerra unha parella e o seu bebé atopan un fogar no número 10 de Rillington Place, unha fermosa vivenda cun inquilino no piso inferior, John Reginald Christie, que resulta certamente inquietante. O que descoñecen ambos é o seu violento historial de asasinatos en serie de mulleres mediante gas e os seus posteriores actos necrófilos, impulsos criminais que Beryl reavivará na súa mente.
Candidata a mellor actor secundario nos Premios BAFTA 1971



Martes 16, 21.45 | Multicines Compostela

## A CLOCKWORK ORANGE / A LARANXA MECÁNICA (1971)

**Stanley Kubrick**
Reino Unido, Estados Unidos / 137 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Malcolm McDowell, Patrick Magee, Michael Bates, Adrienne Corri, Warren Clarke, John Clive, Aubrey Morris
**Ficha técnica:**
Guión: Stanley Kubrick
(baseado na novela de Anthony Burgess)
Fotografía: John Alcott
Edición: Bill Butler
Produción: Warner Bros. / Hawk Films
**Sinopse:**
Gran Bretaña, nun futuro indeterminado. Alex é un mozo moi agresivo que ten dúas paixóns: a violencia desaforada e Beethoven. É o xefe da banda dos drugos, que dan renda solta aos seus instintos máis salvaxes mallando, violando e aterrorizando a poboación. Cando esa escalada de terror chega ata o asasinato, Alex é detido e, en prisión, someterase voluntariamente a unha innovadora experiencia de reeducación que busca anular calquera indicio de conduta antisocial.
Catro candidaturas aos Premios Oscar, incluíndo mellor película e mellor director.
Mellor película e director nos Premios do Círculo de Críticos de Nova York





#CINEUROPA35 1971. O ANO DAS ARMAS

Venres 12, 22.30 | Salón Teatro

## DELIVERANCE / DEFENSA (1971)

**John Boorman**
Estados Unidos / 110 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Jon Voight, Burt Reynolds, Ned Beatty, Ronny Cox, James Dickey, Bill McKinney
**Ficha técnica:**
Guión: James Dickey
Fotografía: Vilmos Zsigmond
Edición: Tom Priestley
Produción: John Boorman, Charles Orme
**Sinopse:**
Catro amigos que viven na cidade deciden pasar unha fin de semana nos Montes Apalaches, lonxe das súas familias e os problemas da oficina. Queren baixar en canoa un río que atravesa un bosque que pronto será asolagado para a construción dunha presa. Todo parece ir ben pero, tras unha xornada pracenteira, o encontro cos locais converte a excursión nun angustioso pesadelo.



Mércores 17, 20.15 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## GIÙ LA TESTA / AGÁCHATE, MALDITO! (1971)

**Sergio Leone**
Italia, España / 157 min / Ficción / Inglés, italiano, español
**Ficha artística:**
James Coburn, Rod Steiger, Romolo Valli, Maria Monti, Rik Battaglia, Franco Graziosi, Antoine Saint-John
**Ficha técnica:**
Guión: Sergio Leone, Sergio Donati, Luciano Vincenzoni
Fotografía: Giuseppe Ruzzolini
Edición: Nino Baragli
Produción: Fulvio Morsella, Claudio Mancini, Ugo Tucci
**Sinopse:**
Juan Miranda e John Mallory, un veterano do IRA, coñécense en México e planean traballar xuntos roubando bancos. Un día dinamitan unha prisión crendo que era un banco. A explosión libera aos revolucionarios presos, e ambos os dous son recoñecidos como heroes da revolución. Pouco tempo despois, as tropas do goberno, comandadas polo coronel Gutiérrez, comezan a seguirlles os pasos.



Venres 12, 22.00 | Multicines Compostela

## LA NOCHE DEL TERROR CIEGO (1971)

**Amando de Ossorio**
España, Portugal / 101 min / Xénero / Español
**Ficha artística:**
Lone Fleming, César Burner, María Elena Arpón, Joseph Thelman, Rufino Inglés, Verónica Llimera, Simón Arriaga
**Ficha técnica:**
Guión: Amando de Ossorio
Fotografía: Pablo Ripoll
Edición: José Antonio Rojo
Produción: J.A. Pérez Giner, Salvadore Romero
**Sinopse:**
Bette chega a Lisboa por motivos de traballo e atopa a Virginia, unha antiga compañeira de internado que pasea acompañada por Roger. Os tres deciden pasar uns días nun parador de turismo. Viaxan nun pintoresco tren, onde comezan a aparece os celos entre as dúas amigas. Virginia decide baixar do tren e chega a unha poboación deserta presidida por unha abadía. Acomódase nunha das casas e disponse a durmir, cando empezan a ocorrer cousas estrañas e terribles. Namentres, Roger e Bette deciden saír na procura da súa amiga.



Martes 9, 22.15 | Multicines Compostela

## LA TARANTOLA DAL VENTRE NERO / A TARÁNTULA DO VENTRE NEGRO (1971)

**Paolo Cavara**
Italia, Francia / 89 min / Ficción / Italiano
**Ficha artística:**
Giancarlo Giannini, Barbara Bach, Barbara Bouchet, Claudine Auger, Rossella Falk, Silvano Tranquilli
**Ficha técnica:**
Guión: Marcello Danon, Lucile Laks
Fotografía: Marcello Gatti
Música: Ennio Morricone
Produción: Marcello Danon
**Sinopse:**
O inspector Tellini investiga un estraño crime cuxa vítima, unha bela muller, foi asasinada seguindo un estraño ritual. Todo parece apuntar a un crime pasional, pero a investigación dá un xiro brusco ao producírense novos asasinatos seguindo o mesmo cerimonial. En todos os crimes a vítima é paralizada empregando unha agulla de acupuntura e posteriormente apuñalada no ventre. O inspector inicia as súas pescudas, pero non se decata de que el mesmo pode estar a ser vixiado.





Martes 9, 18.00 | Multicines Compostela

## PLAY MISTY FOR ME / ARREPÍO NA NOITE (1971)

**Clint Eastwood**
Estados Unidos / 102 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Clint Eastwood, Jessica Walter, Donna Mills, John Larch, Jack Ging, Irene Hervey, James McEachin
**Ficha técnica:**
Guión: Jo Heims, Dean Reisner
(baseado na historia de Jo Heims)
Fotografía: Bruce Surtees
Edición: Carl Pingitore
Produción: Robert Daley, Clint Eastwood, Jennings Lang, Bob Larson
**Sinopse:**
Un popular locutor de radio de California chamado Dave Garland, recibe no seu programa moi a miúdo chamadas dunha misteriosa muller que sempre solicita a mesma canción. Un día, Dave é seducido nun pub por Evelyn, unha muller en cuxo apartamento remata a noite coa idea de vivir unha fugaz aventura.



Sábado 13, 21.30 | Multicines Compostela

## STRAW DOGS / CANS DE PALLA (1971)

**Sam Peckinpah**
Reino Unido, Estados Unidos / 113 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Dustin Hoffman, Susan George, David Warner, Peter Vaughan, T.P. McKenna, Del Henney, Sally Thomsett
**Ficha técnica:**
Guión: David Zelag Goodman, Sam Peckinpah
(baseado na novela de Gordon M. Williams)
Fotografía: John Coquillon
Edición: Paul Davies, Tony Lawson, Roger Spottiswoode
Produción: Daniel Melnick, James Swann
**Sinopse:**
O astrofísico americano David Sumner trasládase á vila da súa muller, en Gran Bretaña. É un home reservado e tímido que vive centrado nas súas investigacións e procura evitar calquera disputa. Con todo, a violencia de certos individuos da poboación chega a tal extremo que Sumner, entre o eixe e a roda, reacciona coas mesmas armas que os seus agresores para defender a súa muller e o seu fogar.



Venres 12, 19.45 | Multicines Compostela

## THE DEVILS / OS DEMOS (1971)

**Ken Russel**
Reino Unido / 111 min / Ficción / Inglés, latín
**Ficha artística:**
Vanessa Redgrave, Oliver Reed, Dudley Sutton, Max Adrian, Gemma Jones, Murray Melvin, Michael Gothard
**Ficha técnica:**
Guión: Ken Russell, John Whiting
(baseado na novela de Aldous Huxley)
Fotografía: David Watkin
Edición: Michael Bradsell
Produción: Ken Russel, Robert H. Solo, Roy Baird
**Sinopse:**
Controvertido, turbador e polémico filme sobre un clérigo, na Francia do século XVII, acusado de herexía. A historia baséase nos feitos reais da cidade de Loudun, que son coñecidos como o caso máis grande de posesión diabólica xamais rexistrado dentro da Igrexa católica.
Mellor película estranxeira no Festival de Venecia 1971



Sábado 13, 16.30 | Multicines Compostela

## THE GETAWAY / A FUXIDA (1971)

**Sam Peckinpah**
Estados Unidos / 123 min / Ficción / Inglés, español
**Ficha artística:**
Steve McQueen, Ali MacGraw, Ben Johnson, Sally Struthers, Al Lettieri, Slim Pickens, Dub Taylor
**Ficha técnica:**
Guión: Walter Hill
(baseado na novela de Jim Thompson)
Fotografía: Lucien Ballard
Edición: Robert L. Wolfe
Produción: Mitchell Brower, Gordon T. Dawson, David Foster
**Sinopse:**
Doc McCoy cumpre condena de dez anos por asalto a man armada. Grazas á súa esposa Carol, un personaxe influente conséguelle a liberdade provisoria; pero, a cambio, o matrimonio terá que atracar a un banco. Durante o asalto, un dos seus dous cómplices e o vixiante resultan mortos. O sobrevivente perségueos para acabar con eles e apoderarse do botín.





Martes 16, 20.15 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## THE GRISSOM GANG / A BANDA DOS GRISSOM (1971)

**Robert Aldrich**
Estados Unidos / 128 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Kim Darby, Scott Wilson, Tony Musante, Robert Lansing, Irene Dailey, Connie Stevens
**Ficha técnica:**
Guión: Leon Griffiths (baseado na novela de James Hadley Chase)
Fotografía: Joseph F. Biroc
Edición: Michael Luciano, Frank J. Urioste
Produción: Robert Aldrich, William Aldrich, Walter Blake
**Sinopse:**
A moza Barbara Blandish é asaltada e logo secuestrada pola banda de delincuentes Grissom, que agardan cobrar por ela un millón de dólares. Pero os plans terán unha pequena traba, e é que Slim, o psicópata da familia, está perdidamente namorado da refén.



Luns 8, 22.00 | NUMAX

## THE OMEGA MAN / O ÚLTIMO HOME VIVO (1971)

**Boris Sagal**
Estados Unidos / 98 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Charlton Heston, Anthony Zerbe, Rosalind Cash, Paul Koslo, Lincoln Kilpatrick, Eric Laneuville
**Ficha técnica:**
Guión: John William Corrington, Joyce Hooper Corrington, William Peter Blatty (baseado na novela de Richard Matheson)
Fotografía: Russell Metty
Edición: William Ziegler
Produción: Walter Seltzer
**Sinopse:**
Como consecuencia da guerra bacteriolóxica entre Rusia e China, un só individuo semella ser o único sobrevivente; trátase do coronel Neville, famoso científico, que se salva grazas a unha única dose de vacina que estaba a experimentar. A partir deste intre, e durante dous longos anos, terá que defenderse do asedio duns seres que tamén conseguiron salvarse, pero que, ao non posuír a defensa duns anticorpos, foron dexenerando ata converterse nuns seres monstruosos, e cuxo único afan é acabar con Neville, no que focalizan a responsabilidade da destrución da humanidade.



Xoves 11, 22.15 horas | Multicines Compostela

## UNA LUCERTOLA CON LA PELLE DI DONNA / UNHA LAGARTA CON PEL DE MULLER (1971)

**Lucio Fulchi**
Italia, Francia, España, Reino Unido / 103 min / Ficción / Italiano, inglés
**Ficha artística:**
Florinda Bolkan, Stanley Baker, Jean Sorel, Silvia Monti, Alberto de Mendoza
**Ficha técnica:**
Guión: Lucio Fulci, Roberto Gianviti, José Luis Martínez Molla, André Tranché
Fotografía: Luigi Kuveiller
Música: Ennio Morricone
Produción: Edmondo Amati, Robert Dorfmann, José Frade, Renato Jaboni
**Sinopse:**
Unha muller decide visitar ao psiquiatra para explicarlle un pesadelo recorrente: mata á súa veciña dunha puñalada. Cando esta aparece asasinada, todas as sospeitas recaen sobre ela. Pero, no curso da investigación, as circunstancias complícanse.



CINEMA E TOTALITARISMO
#CINEUROPA35
SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021





#CINEUROPA35

# CINEFILIAS

Cada vez máis, os festivais dedican parte do espazo que merece á recuperación de cinema que deixou a súa pegada e sobre o cal regresar, con copias remasterizadas. É un dos maiores praceres. E inaugura novas perspectivas sobre títulos que, así, reviven con miradas que permiten relecturas ao redor do seu clasicismo.

Luns 15, 19.30 | NUMAX
**PASE ESPECIAL AGNÉS VARDA**

## LE BONHEUR / A FELICIDADE (1965)

**Agnès Varda**
Francia / 79 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Jean-Claude Drouot, Marie-France Boyer, Claire Drouot, Olivier Drouot, Sandrine Drouot
**Ficha técnica:**
Guión: Agnès Varda
Fotografía: Jean Rabier, Claude Beausoleil
Edición: Janine Verneau
Produción: Mag Bodard
**Sinopse:**
François é un carpinteiro casado e con dous fillos. Malia que a súa vida conxugal con Thérèse é pracenteira, cando coñece a Emilie non pode evitar sentirse atraído por ela e acaban tendo unha aventura. O verdadeiro problema é que non dá aclarado os seus sentimentos: ama a súa muller e tamén a súa amante, pero non sabe a cal das dúas ama máis.

*Logo da proxección do filme, terá lugar a presentación do libro *Agnès Varda: espigadora de realidades y ensueños*, da periodista e crítica de cinema Inma Merino. (Ver sección Actividades).

**Oso de Prata. Premio extraordinario do xurado no Festival de Berlín 1965**

7 XOIAS RECUPERADAS



Martes 9, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## ANGST ESSEN SEELE AUF / TODOS NOS CHAMAMOS ALÍ (1974)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste / 92 min / Ficción / Alemán
**Ficha artística:**
Brigitte Mira, El Hedi ben Salem, Barbara Valentin, Irm Hermann, Elma Kazlova, Anita Bucher, Gusti Kreisal
**Ficha técnica:**
Guión: Rainer Werner Fassbinder
Fotografía: Jürgen Jürges
Edición: Thea Eymèsz
Produción: Tango-Film
**Sinopse:**
Nun café ao que acoden os traballadores inmigrantes, Emmi Kurowski, unha viúva duns sesenta anos, coñece a Salem, un marroquí de trinta. Inducido pola dona do bar, Salem convida a Emmi a bailar, falan, vai con ela á súa casa e, ao día seguinte, quedan a vivir xuntos. Esta relación provoca un gran escándalo e as veciñas visitan ao propietario do edificio para denunciar a Emmi.

**Premio FIPRESCI no Festival de Cannes 1974**

7 XOIAS RECUPERADAS



Martes 9, 19.00 horas | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## FAUSTRECHT DER FREIHEIT / A LEI DO MÁIS FORTE (1975)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste / 123 min / Ficción / Alemán, inglés, francés
**Ficha artística:**
Rainer Werner Fassbinder, Peter Chatel, Karlheinz Böhm, Rudolf Lenz, Karl Scheydt, Hans Zander, Kurt Raab, El Hedi ben Salem
**Ficha técnica:**
Guión: Rainer Werner Fassbinder, Christian Hohoff
Fotografía: Michael Ballhaus
Edición: Thea Eymèsz
Produción: Rainer Werner Fassbinder
**Sinopse:**
Franz Biberkopf é un mozo homosexual, vulgar e inxenuo que, despois de traballar como "Fox, a cabeza parlante" nunha feira, gaña medio millón de marcos na lotería, o que lle permite frecuentar círculos gais máis selectos. Neste exquisito ambiente namórase de Eugen, fillo dun empresario que posúe unha imprenta ao bordo da bancarrota. Eugen, que deixou ao seu amante, inicia con Franz unha relación interesada: en varias ocasións sácalle cartos para a empresa paterna, faille comprar o piso e os mobles que compartirán, e mesmo intenta corrixir os seus bastos modais tan afastados da educación burguesa.

7 XOIAS RECUPERADAS



Sábado 13, 16.00 | Museo das Peregrinacións

## DIE EHE DER MARIA BRAUN / O MATRIMONIO DE MARÍA BRAUN (1979)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste / 120 min / Ficción / Alemán, inglés, francés
**Ficha artística:**
Hanna Schygulla, Klaus Löwitsch, Ivan Desny, Gisela Uhlen, Elisabeth Trissenaar, Gottfried John, Hark Bohm, George Byrd, Claus Holm, Günter Lamprecht
**Ficha técnica:**
Guión: Pea Fröhlich, Peter Märthesheimer
Fotografía: Michael Ballhaus, Horst Knecht
Edición: Rainer Werner Fassbinder, Juliane Lorenz
Produción: Trio Film-WDR, Albatross
**Sinopse:**
Maria e Hermann Braun casan durante un bombardeo, pouco antes de que el sexa enviado á fronte rusa. Ao final da guerra, Hermann figura nas listas de desaparecidos. Na cidade, entre as ruínas, reina o mercado negro e a prostitución. Tamén Maria, para poder sobrevivir, debe prostituírse. Faise así amante de Bill, un soldado negro americano do que queda embarazada; pero o seu marido reaparece.

**Oso de Prata no Festival de Berlín 1979**

7 XOIAS RECUPERADAS



#CINEUROPA35 CINEFILIAS

Mércores 10, 19.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## DIE DRITTE GENERATION / A TERCEIRA XERACIÓN (1979)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste / 111 min / Ficción / Alemán, inglés, francés
**Ficha artística:**
Hanna Schygulla, Volker Spengler, Eddie Constantine, Bulle Ogier, Harry Baer, Vitus Zeplichal, Udo Kier
**Ficha técnica:**
Guión: Rainer Werner Fassbinder
Fotografía: Rainer Werner Fassbinder
Edición: Juliane Lorenz
Produción: Harry Baer, Rainer Werner Fassbinder
**Sinopse:**
Comedia de humor negro que satiriza as peripecias dunha banda de terroristas de Berlín, cuxos membros pertencen ás clases altas. Unha nova análise da sociedade alemá, común denominador da maioría das obras do director.

7 XOIAS RECUPERADAS



Luns 15, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## DIE SEHNSUCHT DER VERONIKA VOSS / A ANSIEDADE DE VERONIKA VOSS (1982)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste / 105 min / Ficción / Alemán, inglés
**Ficha artística:**
Rosel Zech, Hilmar Thate, Cornelia Froboess, Annemarie Düringer, Armin Mueller-Stahl, Doris Schade, Erik Schumann, Rudolf Platte, Johanna Hofer
**Ficha técnica:**
Guión: Peter Märthesheimer, Pea Fröhlich
Fotografía: Xaver Schwarzenberger
Edición: Juliane Lorenz
Produción: Laura Film, Tango-Film, Rialto Film, Tango-Film, Maran Film
**Sinopse:**
Unha famosa actriz alemá no ocaso da súa carreira recorre ao alcol e ás drogas coa esperanza de recuperar a sona perdida. Esta é a última parte da triloxía de Fassbinder sobre o derrubamento dos soños da Alemaña Occidental da posguerra.
Oso de Ouro no Festival de Berlín 1982
Premio FIPRESCI no Festival de Toronto 1982

7 XOIAS RECUPERADAS



Luns 15, 20.45 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## QUERELLE (1982)

**Rainer Werner Fassbinder**
Alemaña do Oeste, Francia / 120 min / Ficción / Inglés
**Ficha artística:**
Brad Davis, Franco Nero, Jeanne Moreau, Laurent Malet, Hanno Pöschl, Günther Kaufmann
**Ficha técnica:**
Guión: Rainer Werner Fassbinder. Baseado na obra de Jean Genet
Fotografía: Xaver Schwarzenberger, Josef Vavra
Edición: Rainer Werner Fassbinder, Juliane Lorenz
Produción: Dieter Schidor, Sam Waynberg, Michael McLernon, Burkhard Driest
**Sinopse:**
A película conta a historia do mariñeiro Querelle e do seu poder de fascinación e de sedución sobre as persoas coas que se atopa. Querelle posúe unha beleza e unha personalidade ás que ninguén se pode resistir, encarna á bela e a besta nun só ser; tan fermoso, aposto e sedutor coma egocéntrico, ladrón e asasino.

7 XOIAS RECUPERADAS



# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021



Luns 15, 17.45 | Multicines Compostela

## VINCENT, FRANÇOIS, PAUL ET LES AUTRES / TRES AMIGOS, AS SÚAS MULLERES E... OS OUTROS (1974)

**Claude Sautet**
Francia, Italia / 118 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Yves Montand, Michel Piccoli, Serge Reggiani, Gérard Depardieu, Marie Dubois, Stéphane Audran, Ludmila Mikael
**Ficha técnica:**
Guión: Claude Sautet, Jean-Loup Dabadie, Claude Néron
Fotografía: Jean Boffety
Edición: Jacqueline Thiédot
Produción: Raymond Danon, Roland Girard, Ever Haggiag
**Sinopse:**
Tres amigos que adoitan quedar todas as semanas enfróntanse á crise da mediana idade. Paul é un escritor bloqueado. François perdeu os seus ideais e practica a medicina só por cartos, e a súa esposa volveuse distante, mesmo hostil. Pola súa banda, o encantador Vincent, o favorito de todos, enfróntase á bancarrota, foi abandonado pola súa amante e a súa esposa, de quen está separado, quere o divorcio. As tensións nos homes comezan a manifestarse particularmente na amizade entre François e Paul e na saúde de Vincent.

ESPECIAL CENTENARIO DE YVES MONTAND



Mércores 17, 20.00 | NUMAX
+ MESA DE DEBATE A TRILOXÍA NACIONAL

## PATRIMONIO NACIONAL (1981)

**Luis García Berlanga**
España / 112 min / Ficción / Castelán, francés
**Ficha artística:**
Luis Escobar, José Luis López Vázquez, Amparo Soler Leal, Mary Santpere, Luis Ciges, Alfredo Mayo, Syliane Stella
**Ficha técnica:**
Guión: Rafael Azcona, Luis García Berlanga
Fotografía: Carlos Suárez
Edición: Jose Luis Matesanz
Produción: Alfredo Matas
**Sinopse:**
Segunda entrega da saga dos Leguineche precedida por *La Escopeta Nacional* e completada con *Nacional III*. Trala morte de Franco (1975) e a restauración da monarquía, o marqués de Leguineche regresa ao seu palacio de Madrid. Despois de trinta anos de exilio voluntario na súa casa de Los Tejadillos, proponse achegarse ao rei para renovar a antiga vida cortesá. Con todo, non lle resulta nada doado acceder á casa real.

* A sesión contará cunha mesa de debate na que participan José Luis Castro de Paz e Santos Zunzunegui, coordinadores da obra *Furia española. Vida, obra, opiniones y milagros de Luis García Berlanga (1921-2010), cineasta.* Ambos os dous catedráticos estarán acompañados por José Manuel Sande, autor xunto a Casimiro Torreiro do estudo *Un Berlanga de papel* (ver sección Actividades).

BERLANGA: ESPECIAL TRILOXÍA NACIONAL



Mércores 17, 17.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## MORTE A VENEZIA / MORTE EN VENECIA (1971)

**Luchino Visconti**
Italia, Francia / 130 min / Ficción / Inglés, italiano, polaco, francés
**Ficha artística:**
Dirk Bogarde, Björn Andrésen, Silvana Mangano, Marisa Berenson, Mark Burns, Romolo Valli
**Ficha técnica:**
Guión: Luchino Visconti, Nicola Badalucco (baseado na novela de Thomas Mann)
Fotografía: Pasqualino De Santis
Edición: Ruggero Mastroianni
Produción: Robert Gordon Edwards, Mario Gallo, Luchino Visconti
**Sinopse:**
A principios do século XX, un compositor alemán de delicada saúde e cuxa última obra acaba de fracasar, chega a Venecia para pasar o verán. Na cidade das canles sentirase profundamente atraído por un fermoso e anxelical adolescente, sentimento que o consumirá mentres a decadencia tamén alcanza á cidade en forma de epidemia.
— Mellor director nos premios David di Donatello 1971
— Candidata á Palma de Ouro no Festival de Cannes 1971

50 ANOS DE MORTE EN VENECIA





#CINEUROPA35

# PAÍS CONVIDADO: SUÍZA

Nesta edición Suíza é o país convidado na programación do festival. Iso permítenos primeiramente un achegamento ao pulso poderoso da produción cinematográfica dese país, cunha nutrida representación dos seus filmes estreados este ano en festivais internacionais da relevancia da Berlinale —caso de *Azor*—, Locarno, con *Zahorí*, ou San Sebastian, con *Spagat*.

E xunto a ese travelling polo cinema suízo desta tempada, teremos a impagable oportunidade de saborear unha ampla retrospectiva dun dos últimos representantes vivos do cinema de autor europeo inmediatamente posterior ás novas ondas, o nado nos anos 70 do século pasado. O gran Alain Tanner, cuxas películas foron protagonistas candentes das primeiras edicións de Cineuropa —lembren *Unha chama no meu corazón* ou *O home que perdeu a súa sombra*— é obxecto deste tributo que recupera nove das súas obras máis representativas.

SWISS FILMS

Luns 22, 20.15 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Xoves 18, 18.00 | Teatro Principal

## ATLAS (2021)

**Niccolò Castelli**
Suíza / 90 min / Ficción / Italiano
**Ficha artística:**
Matilda De Angelis, Helmi Dridi, Angelo Bison, Nicola Perot, Kevin Blaser, Irene Casagrande
**Ficha técnica:**
Guión: Niccolò Castelli, Stefano Pasetto
Fotografía: Pietro Zuercher
Edición: Esmeralda Calabria
Produción: Villi Hermann, Michela Pini, Alessandro Marcionni, Caroline Houben, Olivier Rausin, Carlo Cresto-Dina
**Sinopse:**
Allegra é unha moza vivaz que se criou na zona de fala italiana na tranquila e pacífica Suíza. Ten tres grandes amigos que comparten a súa paixón polo montañismo. Un día deciden viaxar a Marrocos para chegar á cima do Atlas, pero a súa viaxe remata abruptamente cando un terrorista fai explotar unha bomba nunha cafetería e os seus tres amigos morren no ataque.
Meses despois, incapaz de superar o trauma, decide deixar á súa familia e regresar á cidade para volver traballar. Alí, o encontro con Arad, unha rapaza refuxiada de Oriente Medio, obrígaa a afrontar a súa percepción da realidade, os seus medos e curar as súas fondas feridas internas.
**Candidata a mellor película e mellor fotografía nos Premios do Cinema Suízo 2021**



Venres 12, 19.30 | Teatro Principal
Luns 15, 21.45 | Salón Teatro

## AZOR (2021)

**Andreas Fontana**
Suíza, Francia, Arxentina / 100 min / Ficción / Francés, español
**Ficha artística:**
Fabrizio Rongione, Stéphanie Cléau, Alexandre Trocki, Elli Medeiros, Yvain Juillard
**Ficha técnica:**
Guión: Andreas Fontana, en colaboración con Mariano Llinás.
Fotografía: Gabriel Sandru
Edición: Nicolas Desmaison
Produción: Alina Film, Ruda Cine, Local Film, Radio Télévision Suisse (RTS)
**Sinopse:**
Yvan De Wiel, un banqueiro privado de Xenebra, viaxa a Arxentina no medio dunha ditadura para substituír a o seu compañeiro, que desapareceu de noite rodeado dos rumores máis inquietantes. A través de salóns silenciados, piscinas e xardíns baixo vixilancia, un duelo a distancia entre dous banqueiros que, a pesar das súas diferenzas, son cómplices dunha forma de colonización discreta e implacable.







Luns 15, 22.30 | Multicines Compostela
Mércores 17, 20.00 | Multicines Compostela

## MARE (2020)

**Andrea Staka**
Suíza, Croacia / 84 min / Ficción / Croata, inglés
**Ficha artística:**
Marija Škaričić, Goran Navojec, Mateusz Kościukiewicz, Mirjana Karanović, Ivana Roščić, Zdenko Jelčić, Nikša Butijer
**Ficha técnica:**
Guión: Andrea Staka
Fotografía: Erol Zubcevic
Edición: Thomas Imbach, Redzinald Simek
Produción: Thomas Imbach, Andrea Staka
**Sinopse:**
Mare nunca voou, aínda que vive xusto á beira do aeroporto co seu esposo e os seus tres fillos adolescentes. Ama á súa familia, preocúpase por eles, pero ás veces case se sente como unha estraña na súa propia casa. Quen son estas persoas coas que vive? Mare atópase mirando os avións no alto, anhelando o cambio e o descoñecido. Cando un día un home se muda á casa ao carón da súa, ela pon a súa vida a proba.



Mércores 17, 17.30 | Multicines Compostela
Luns 22, 18.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## PLATZSPITZBABY / NEEDLE PARK BABY (2020)

**Pierre Monnard**
Suíza / 98 min / Drama / Alemán
**Ficha artística:**
Jerry Hoffmann, Michael Schertenleib, Luna Mwezi, Sarah Spale, Lea Whitcher, Jorik Wenger, Emilio Marchisella
**Ficha técnica:**
Guión: André Küttel
Fotografía: Darran Bragg
Edición: Sophie Blöchlinger
Produción: Peter Reichenbach
**Sinopse:**
Primavera de 1995: despois do peche de Needle Park e o espazo público de drogas en Zúric, Mia, de once anos, e a súa nai adicta á heroína, Sandrine, trasládanse ao campo. Mentres coida á súa nai, Mia pasa tempo coa súa amiga imaxinaria e un grupo de adolescentes inadaptados locais. Estas amizades finalmente danlle a forza que precisa para rebelarse e liberarse dunha nai abusiva.



Martes 16, 17.30 | Multicines Compostela
Venres 19, 20.45 | Multicines Compostela

## SAMI, JOE UND ICH / SAMI, JOE AND I (2020)

**Karin Heberlein**
Suíza / 94 min / Ficción / Alemán, español, serbo-croata
**Ficha artística:**
Astrit Alihajdaraj, Karim Daoud, Anja Gada, Rabea Lüthi, Jennifer Perez, Jana Sekulovska
**Ficha técnica:**
Guión: Karin Heberlein
Fotografía: Gabriel Lobos
Edición: Marion Tuor
Produción: Claudia Wick
**Sinopse:**
Sami, Joe e Leyla son un grupo inseparable de amigas. Charlando e rindo, deambulan polos suburbios de Zúric. Tras o final do curso debería comezar un verán emocionante, pero as tres mozas teñen outras preocupacións: Sami sofre cos seus pais demasiado estritos, Joe ten que coidar aos seus irmáns mentres que a súa nai solteira traballa horas extras, e Leyla comeza a súa aprendizaxe na cociña dun comedor. Para as adolescentes, as decisións difíciles eclipsan os seus soños. Neses días decisivos das súas vidas, a súa amizade parece ser a única constante. Pero a medida que os acontecementos toman un novo rumbo, mesmo a súa amizade se pon a proba.



Domingo 14, 17.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Martes 16, 19.30 | Multicines Compostela

## SCHWESTERLEIN / MY LITTLE SISTER (2020)

**Stéphanie Chuat, Véronique Reymond**
Suíza / 99 min / Ficción / Alemán, francés, inglés
**Ficha artística:**
Nina Hoss, Lars Eidinger, Marthe Keller, Jens Albinus, Thomas Ostermeier, Isabelle Caillat, Paulo Dos Santos
**Ficha técnica:**
Guión: Stéphanie Chuat, Véronique Reymond
Fotografía: Filip Zumbrunn
Edición: Myriam Rachmuth
Produción: Ruth Waldburger
**Sinopse:**
A brillante dramaturga Lisa xa non escribe. Vive en Suíza coa súa familia, pero o seu corazón quedouse en Berlín, latexando ao ritmo do corazón do seu irmán. Os lazos entre os xemelgos fortalecéronse desde que a Sven lle diagnosticaron un tipo agresivo de leucemia. É un actor de teatro famoso e Lisa négase a aceptar o seu destino, movendo ceo e terra para que volva ao escenario. Ela dáo todo pola súa alma xemelga, descoidando todo o demais, mesmo arriscando o seu matrimonio. A relación co seu esposo comeza a esborrallar, pero Lisa só ten ollos para o seu irmán, o seu espello que a conecta coas súas aspiracións máis profundas e reaviva o seu desexo de crear, de se sentir viva.
Sección oficial no Festival de Berlín 2020
Candidata a mellor actriz nos Premios do Cinema Europeo





#CINEUROPA35 PAÍS CONVIDADO: SUÍZA

Martes 16, 17.00 | Salón Teatro
Domingo 14, 19.00 | NUMAX

## SPAGAT (2020)

**Christian Johannes Koch**
Suíza / 110 min / Ficción / Alemán, ruso
**Ficha artística:**
Rachel Braunschweig, Aleksey Serebryakov, Masha Demiri, Michael Neuenschwander, Nellie Hächler
**Ficha técnica:**
Guión: Christian Johannes Koch
Fotografía: Timon Schäppi
Edición: Jamin Benazzouz
Produción: Rajko Jazbec, Dario Schoch
**Sinopse:**
Inverno nunha rexión rural de Suíza. Marina, unha profesora de corenta e tantos anos, leva unha vida tranquila co seu marido e a súa filla. Pero as aparencias enganan; porque Marina mantén unha aventura segreda con Artem, o pai dunha das súas alumnas, Ulyana. Aínda que tanto Artem como a súa filla viviron nos arredores desta pequena cidade durante anos, ningún ten permiso de residencia. O seu segredo queda ao descuberto un día cando arrestan a Ulyana por roubar. O incidente relativamente menor ten consecuencias de gran alcance; non só se derruban as vidas de Artem e Ulyana, senón que tamén se revela a participación de Marina en toda a situación. Dividida entre mentiras, lealdade e paixón, a mestra decide que debe dar un paso radical.



Venres 12, 21.15 | Salón Teatro
Mércores 17, 22.00 | Multicines Compostela

## WET SAND (2021)

**Elene Naveriani**
Suíza, Xeorxia / 115 min / Ficción / Xeorxiano
**Ficha artística:**
Bebe Sesitashvili, Gia Agumava, Megi Kobaladze, Giorgi Tsereteli, Eka Chavleishvili, Zaal Goguadze, Kakha Kobaladze
**Ficha técnica:**
Guión: Sandro Naveriani, Elene Naveriani
Fotografía: Agnesh Pakozdi
Edición: Aurora Franco Vögeli
Produción: Cornelia Seitler, Brigitte Hofer, Daniela Ketje
**Sinopse:**
Os veciños dunha vila xeorxiana do Mar Negro cren realmente que se coñecen uns aos outros. Un día, atopan a Eliko colgado. A súa neta Moe acode a organizar o funeral, enfrontándose a unha rede de mentiras e ás tráxicas consecuencias da secreta vida amorosa de Eliko xunto a Amnon, unha relación que durou 22 anos. Con todo, a verdade libera a capacidade de amar de Moe e obriga aos aldeáns a tomar unha posición.
Mellor actor na sección Cineastas do Presente do Festival de Locarno 2021



Mércores 10, 17.45 | Salón Teatro
Luns 15, 17.00 | Salón Teatro

## ZAHORÍ (2021)

**Marí Alessandrini**
Suíza, Arxentina, Chile, Francia / 105 min / Ficción / Español, italiano

**Ficha artística:**
Lara Tortosa, Santos Curapil, Cirilo Wesley, Sabine Timoteo, Pablo Limarzi, Federico Luque, Colo Susini, Francisca Castillo

**Ficha técnica:**
Guión: Marí Alessandrini
Fotografía: Joakim Chardonnens
Edición: Myriam Rachmuth, Marí Alessandrini
Produción: Nadejda Magnenat, Juan Carlos Maristany, Linda Diaz Pernia, Matías Herrera Cordoba, Josemaría Naranjo, Dominga Sotomayor, Omar Zúñiga Hidalgo, Valentina Novati

**Sinopse:**
Un vento gris varre a estepa da Patagonia... Mora, de 13 anos, quere ser gaucho. Rebélase contra a escola e afírmase perante os seus pais, unha parella de ecoloxistas suízo-italianos cuxo soño de autonomía remata nun pesadelo. Mora penetrará nos meandros da estepa para axudar ao seu único amigo, Nazareno, un vello mapuche que perdeu ao seu cabalo, Zahorí.

W arts M





# CINEMA E TOTALITARISMO

#CINEUROPA35

SANTIAGO DE COMPOSTELA
8/24 NOVEMBRO 2021

REDE CULTURAL
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ACTIVIDADES EN 91 DOS 93 CONCELLOS

TEN UN ORZAMENTO DE 2,6M€ DOS QUE A DEPUTACIÓN ACHEGA 1.551.000€€

ESTE ANO OFÉRTANSE 1.453 ESPECTÁCULOS PROFESIONAIS

PROGRÁMANSE 1.409 PROPOSTAS ARTÍSTICAS POR TODO O TERITORIO:

299 CONCERTOS

524 ESPECTÁCULOS TEATRAIS E DE MONICREQUES

65 DE MÁXIA

38 DE DANZA

173 ESPECTÁCULOS QUE ANIMAN A USAR O GALEGO

198 PROXECCIÓNS

112 ESPECTÁCULOS DE CULTURA AMADORA

154 AGRUPACIÓNS INSCRITAS




A CULTURA É UN DEREITO DACORUNA.GAL

Deputación DA CORUÑA

Domingo 14, 21.30 | NUMAX

## CHARLES MORT OU VIF / CARLOS VIVO OU MORTO (1969)

**Alain Tanner**
Suíza / 94 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
François Simon, Marcel Robert, Marie-Claire Dufour, André Schmidt, Maya Simon, Michèle Martel
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Renato Berta
Edición: Sylvia Bachmann
Produción: Alain Tanner e o Groupe Cinq
**Sinopse:**
*Carlos vivo ou morto*, a primeira longametraxe de Alain Tanner e gran premio do Festival de Locarno en 1969, é unha película-manifesto que, xunto a outras como *La lune avec les dents e Haschich* de Michel Soutter, permitiu inscribir a Suíza no mapa do cinema mundial a fins dos anos '60. Hoxe, a enerxía dese primeiro filme permanece intacta, magnificada pola estatura e presenza excepcionais de François Simon e a fotografía sublime de Renato Berta. Tanner atopou o argumento da súa película no que viu do maio '68 en París como reporteiro da televisión suíza. Lonxe de impresionarse polas consignas ideolóxicas dos mozos manifestantes (o director tiña case 40 anos), Tanner quedou impresionado polas persoas maiores que marchaban ao seu carón. Así, o filme retrata a un ancián que decide deixar a súa cómoda vida burguesa para levar unha vida illada cunha parella de bohemios e así se reencontra coa súa liberdade de pensamento.
Como salienta Mireille Amiel en *Cinéma 70:* «*Carlos vivo ou morto* —que o autor mesmo insiste en definir como un ‹pequeno fresco histórico›—, é bastante representativo do que o cinema político mellor sabe facer nas nosas rexións desenvolvidas e occidentais». Podemos engadir este xuízo definitivo de Jean-Louis Bory en *Le Nouvel Observateur:* «É a película máis intelixente que inspirou o espírito de maio». Frédéric Bas.



Luns 15, 17.00 | NUMAX

## LA SALAMANDRE / A SALAMANDRA (1971)

**Alain Tanner**
Suíza / 128 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Bulle Ogier, Jean-Luc Bideau, Jacques Denis
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Sandro Bernardoni, Renato Berta
Edición: Brigitte Sousselier, Marc Blavet
Produción: Alain Tanner, Gabriel Auer
**Sinopse:**
Para Alain Tanner, *A salamandra* significou a sona internacional e o seu primeiro triunfo público. A película foi presentada no festival de Cannes en 1971, na sección Quincena dos Realizadores, e impuxo definitivamente no mundo o ton e o vigor corrosivo do novo cinema suízo, con Tanner como director emblemático. O guión do filme ten como punto de partida a experiencia do cineasta como xornalista da televisión suíza entre 1965 e 1968. *A salamandra* ábrese cunha sucesión de imaxes enigmáticas, como as que se utilizan nas reconstrucións televisadas de hoxe: un home limpa o seu fusil, sae o disparo; aparece furtivamente o rostro dunha muller. Que pasou? Esa apertura-misterio sérvelle de pretexto a Tanner para desenvolver un argumento metafórico: dous homes, un xornalista e un escritor, comezan unha investigación para descubrir a verdade sobre esa muller. Cada un emprega as súas propias armas: un, a investigación documental; o outro, a imaxinación sen límites. Pero aos poucos as xestións de ambos resultan vas. Efectivamente, o encontro co seu personaxe, Rosemonde, arruinará o seu esforzo por achar a verdade, e xorde un trío de personaxes libres e críticos que substitúe o exercicio frío e laborioso da verdade. A beleza da película radica na súa capacidade para dar un sentido sen subliñar a mensaxe: a realidade prevalece sobre o esforzo por aferrala, unha verdade de todo o cinema moderno desde *O cidadán*, e *A salamandra* é unha resposta suíza a ese filme. Interpretada por Bulle Ogier, Rosemonde é unha encarnación definitiva da liberdade de ser post-68. Frédéric Bas.





Venres 19, 18.30 | Multicines Compostela

## JONAS QUI AURA 25 ANS EN L'AN 2000 / JONAS QUE TERÁ 25 ANOS NO ANO 2000 (1976)

**Alain Tanner**
Suíza / 110 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Nicolas, Myriam Mézières, Jean-Luc Bideau, Myriam Boyer, Rufus
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner, John Berger
Fotografía: Renato Berta
Edición: Brigitte Sousselier
Produción: Citel Films, Action Films, SFP SSR
**Sinopse:**
Xunto con *A salamandra, Jonas que terá 25 anos no ano 2000* é a película máis coñecida de Alain Tanner, tamén é a que impuxo case definitivamente certa marca do cineasta para o público: mestura de seriedade e de humor coa crítica social como fondo, utopía agridoce de personaxes librados aos seus pensamentos e ás súas pantasmas nun mundo que non sempre está feito para eles. Pero esa opinión sobre o filme e o director pode levar a un malentendido, como lembra Serge Daney nun texto esencial sobre a película. *Jonas que terá 25 anos no ano 2000* non ten nada de «ficción unanimista» de esquerda, lugar de reabsorción das loitas sociais en nome da nostalxia. Se a película rexistra os estados da alma, os soños da xeración do '68 sen violencia nin odio non é para trazar un cadro tranquilizador ou para converter aos militantes de onte en personaxes simpáticos, senón máis ben para salientar a ferida secreta e pouco amosada dun conxunto de seres que desobedecen a orde social para non prestarse á regra sacrosanta do conflito aberto. Os «oito Ma» do filme (oito personaxes cuxos nomes empezan coa mesma sílaba, probablemente en alusión a Mao) loitan coas súas propias armas, que raramente son políticas pero que pertencen todas á súa infancia, espazos de xogo e de liberdade infinitos que o sistema non pode recuperar. Ese eloxio da infancia irredutible no seo da xeración do '68, é unha das ensinanzas da película: «*Jonas* é un filme didáctico sen leccións, un filme enciclopédico sen conclusión», un filme libre. Fréderic Bas.



Sábado 20, 17.30 | Multicines Compostela

## DANS LA VILLE BLANCHE / NA CIDADE BRANCA (1983)

**Alain Tanner**
Suíza / 107 min / Ficción / Francés, alemán, polaco
**Ficha artística:**
Bruno Ganz, Teresa Madruga, Julia Vonderlin
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Acácio de Almeida
Edición: Laurent Uhler
Produción: Filmograph SA, Metro-Film
**Sinopse:**
*Na cidade branca* é un punto de inflexión no cinema de Tanner. Renovando o éxito de público que lle faltaba despois de *Jonas que terá 25 anos no ano 2000*, a película marca ademais unha ruptura estética na súa obra. A fuga e o desexo de soidade eran os temas de Tanner, pero sempre se desenvolvían sobre un soporte proveniente do esquerdismo, feito de conversacións e de pantasmas lúdicas, un paraíso de palabras e de bromas extravagantes onde vivían os personaxes. Non hai nada diso nesta película que impresiona polo seu silencio, pola súa poesía desposuída e a súa escura melancolía. Semella que o director suízo lembrou a súa mocidade na mariña mercante para imaxinar este retrato de mariño (un sublime Bruno Ganz) que o deixa todo para fundirse en corpo e alma con Lisboa. No comezo da película, Ganz dille a unha camareira que o reloxo do seu bar non indica a hora correcta. Ela responde: «O reloxo funciona ben. É o mundo o que funciona ao revés». Baixo o signo deste desaxuste, o personaxe vive a súa soidade urbana, rexistrando coa súa cámara súper 8 os fragmentos de realidade que envía á súa muller, circulando ao azar coma se agardase ser tomado pola realidade, formar parte dela.
Con *Na cidade branca*, Tanner consolídase como un gran director do territorio. O mapa de Tendre (país imaxinario) do personaxe e a topografía da cidade terminan por confundirse aos poucos. Porque o soño tolo do mariño talvez sexa simplemente converterse en Lisboa. Frédéric Bas.



Luns 15, 22.15 | NUMAX

## NO MAN'S LAND / TERRA DE NINGUÉN (1985)

**Alain Tanner**
Suíza / 105 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Hugues Quester, Myriam Mézières, Jean-Philippe Ecoffey, Betty Berr, Marie-Luce Felber, André Steiger, Teco Celio
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Bernard Zitzermann
Edición: Laurent Uhler
Produción: Filmograph SA, MK2
**Sinopse:**
En *Terra de ninguén*, Alain Tanner elixiu situar a súa sétima longametraxe baixo o signo da aventura. Pero esta aventura non debe entenderse como un divertimento: é a historia de catro persoas que tratan de satisfacer as súas necesidades máis simples e básicas.
Para escapar das súas vidas miserables, un grupo de mozos atópase regularmente nun vello edificio da aduana convertido en club nocturno, na fronteira franco-suíza. *Terra de ninguén* é un filme ‹entre dous›. Entre partir e quedar, entre Paul e Jean, é unha historia de amizade. Entre Paul e Madeleine, Jean e Mali, Jean e Lucie, é unha historia de amor. Entre Paul e a súa fuxida, Jean e o seu territorio, Madeleine e a súa música, Mali e o seu exilio. Esta bela película, reducida ao mínimo estrito, é un cadro filosófico do vagabundear humano.
«Neste filme, Alain Tanner reorganiza os seus vellos temas, ese estado de flotación entre a patria, onde unha busca con forza a existencia, e a nostalxia da fuga; a tensión entre o desexo de partir e a incapacidade de subir a un tren; a necesidade de traballar e o anhelo de non ter que facelo; a atracción da distancia, do estranxeiro, do outro –que finalmente sempre se revela próximo ao coñecido-, e a anticipación desa realidade que sempre desemboca no retorno». Neue Zürcher Zeitung.



Martes 16, 16.00 | NUMAX

## UNE FLAMME DANS MON COEUR / UNHA CHAMA NO MEU CORAZÓN (1987)

**Alain Tanner**
Suíza / 110 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Myriam Mézières, Aziz Kabouche, Benoît Régent
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Acácio de Almeida
Edición: Laurent Uhler
Produción: Garance, Filmograph SA.
**Sinopse:**
Malia atravesar moitos dos seus filmes anteriores —traballando a identidade dos personaxes e a súa relación co mundo— a cuestión do desexo sexual nunca foi tratada frontalmente por Tanner. Ata *Unha chama no meu corazón* os seus personaxes manteñen todo tipo de relacións, pero a máis íntima sempre era suxerida. Iso explica a ausencia do corpo no acto sexual, un reflexo defensivo de Tanner perante un cinema de ‹puras entrañas› onde os directores, di el, «devóranse o fígado». «Eu necesito o mundo exterior, a realidade». Con *Unha chama no meu corazón* o cineasta demostra que un pode falar do mundo e do sexo sen perder nada. Tanner debe este novo horizonte físico do seu cinema a Myriam Mézières: logo dunha relación tempestuosa cun amante tiránico, Mercedes entrégase a unha nova paixón cun xornalista, pero o seu anhelo de absoluto choca contra a normalidade do seu compañeiro, demasiado ausente. O seu devir lembra o do mariño de *Na cidade branca.* Retrospectivamente, *Unha chama no meu corazón* aparece case como unha película simétrica *d'A Salamandra*: o mesmo retrato de muller libre, case salvaxe, máquina de desexar nun mundo que non desexa, a mesma soidade final. A diferenza entre os dous personaxes, á parte da presenza xenial do corpo espido de Myriam Mézières, é que Rosemonde encarnaba unha liberdade xubilosa e triunfante (ver o seu sorriso final), mentres que Mercedes é unha resistente nun mundo desesperado. «Non ter máis esperanzas é iso, ser lixeira, estar tranquila», di ela no filme. Frédéric Bas.



Xoves 18, 16.30 | NUMAX

## LA VALLÉE FANTÔME / O VAL PANTASMA (1987)

**Alain Tanner**
Suíza / 105 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Jean-Louis Trintignant, Laura Morante, Jacob Berger
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Patrick Blossier
Edición: Laurent Uhler
Produción: Filmograph SA, MK2
**Sinopse:**
Paul, duns 50 anos, é director de cinema. Escribe un guión coma se fose a súa profesión e comeza a buscar unha actriz para o rol principal. O feito de que non a atope ten que deberse forzosamente a algo: talvez haxa demasiadas historias e imaxes, demasiadas actrices e moi pouca tranquilidade. Quizá tamén sexa unha necesidade. Espontaneamente, Paul tira o seu guión. Jean acaba de rematar a escola de cinema e é contratada por Paul como asistente. Un día, Paul atopa unha vella foto de Dara, unha actriz italiana que algunha vez coñeceu e admirou, e que desapareceu da pantalla hai tempo. Paul pídelle a Jean que a busque. Tanto el como ela fan todo o posible para que Dara volva á pantalla. Para realizar ese proxecto embárcanse nun mundo de sentimentos, confrontacións e soños.
«...un ensaio cinematográfico, sen pesadez didáctica, sobre a dúbida respecto a un mesmo e a forma de vivir con esa dúbida, e sobre o perigo e o rexeitamento ao fracaso. Imposible non admirar o xeito suxestivo e impregnado dun ambiente tan particular no que Alain Tanner utiliza o cinema para criticar os seus aspectos máis superfluos. El arrisca o seu alter ego para a súa supervivencia artística». Hans-Dieter Seidel, Frankfurter Allgemeine Zeitung, 1987.





Mércores 17, 16.00 | NUMAX

## L'HOMME QUI A PERDU SON OMBRE / O HOME QUE PERDEU A SÚA SOMBRA (1991)

**Alain Tanner**
Suíza, Francia, España / 100 min / Ficción / Francés, español
**Ficha artística:**
Francisco Rabal, Ángela Molina, Dominic Gould, Valeria Bruni Tedeschi
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: José Luis López-Linares
Edición: Monica Goux
Produción: Filmograph SA, Tornasol Films SA, Gemini Films
**Sinopse:**
Na película, Antonio explícalle a Paul que cando a un lle faltan ideas e xa non sabe por que actúa, é como alguén que perdeu a súa sombra. Segundo el, iso foi o que lle pasou a Paul. Antonio, excomunista, volve a Andalucía logo dun longo exilio en Francia, e recibe a Paul, que fuxiu da súa casa despois de ser despedido no xornal onde traballaba. Paul pensa que todo se arranxa, explica Antonio; todo o que pasa mentalmente, igual que a vida cos demais. Parte nunha viaxe mental e déixase atrapar pola vida. E polas mulleres: Anne, a súa amiga actual, e Marie, a súa ex, quen comeza a buscalo. Unha situación tráxica ou cómica? Nin unha nin outra, responde Paul. A historia non necesitaba un cadáver e, con todo, termina cunha morte. Con Antonio desaparece toda unha parte da historia e das utopías sociais. Paul perdeu a súa sombra. Pero esa sombra non era a que Antonio imaxinaba. A súa sombra era el mesmo.
«Un cineasta tan físico como Alain Tanner non pode aceptar sen anoxo o que Jean Baudrillard describe n'O *intercambio simbólico e a morte*: a existencia da morte calculada, neutralizada, e con ela a obsesión e ilusión de inmortalidade, características da nosa época. Tanner trata de achegar unha presenza ao ser humano, porque el mesmo sofre por unha carencia. O tema do home que perdeu a súa sombra é unha sorte de obsesión que vai unida á sensación da viaxe e do exilio. Non hai nada máis belo que observar como a súa cámara acariña o corpo humano; o mar e o tempo que pasa, levados polo movemento cuxo son asolaga as rúas, acompañados do vento polvoroso que leva a Antonio. A elevación dese canto fai deste filme unha obra que xa non debe demostrar nada». Amina Danton, Cahiers du cinéma 1992, No. 451.

Venres 19, 16.00 | Multicines Compostela

## FOURBI (1995)

**Alain Tanner**
Suíza / 120 min / Ficción / Francés
**Ficha artística:**
Karin Viard, Cécile Tanner, Jean Quentin Châtelain, Antoine Basler
**Ficha técnica:**
Guión: Alain Tanner
Fotografía: Denis Jutzeler
Edición: Monika Goux
Produción: Filmograph SA, Noë Films
**Sinopse:**
Rosemonde vende a súa vida a unha gran cadea de televisión privada suíza, que compra ás vítimas de crimes os dereitos para a adaptación cinematográfica da súa historia. Oito anos antes, á idade de 20 anos, Rosemonde matou a un home que tratou de violala. Perante a falta de testemuñas, o xuízo fracasara. Kevin, o produtor, pídelle a Paul, un novo escritor, un guión sobre a vida de Rosemonde nesa época. Pero ela semella incapaz de lembrar o pasado e encérrase en si mesma cando Paul intenta interrogala. Entón Marie, unha actriz, visita a Rosemonde. Prometéronlle o papel de Rosemonde se consegue facela falar. Esta película conta a estraña relación entre dúas mulleres de distinto nivel social, e da amizade que se crea entre elas. Canto máis se achegan mutuamente, máis perciben que non poden xogar o xogo que lles esixen. É a historia dunha persoa que salva a outra e, á súa vez, a outra salva á primeira. «*Fourbi* retoma os motivos e personaxes d'*A salamandra* 25 anos despois, rozando a vitalidade das películas máis antigas con flema e ás veces ata con indolencia. Unha vez máis, Tanner apunta aos escarmentados porque el tamén o é. (...) *Fourbi* é unha balada estival que reúne a un grupo de mozos que en circunstancias normais nunca se coñecerían. (...) Xuntos, inventan unha cultura da resistencia». Martin Schaub, Filmbulletin 1996.









#CINEUROPA35

# RETROSPECTIVA ALBERTE PAGÁN

Bo e xeneroso, Alberte Pagán gusta de poñer a disposición de toda persoa interesada a súa filmografía, unha serie de traballos que convidan ao goce sensorial pero tamén —e sobre todo—, á reflexión, tanto sobre o mesmo cinema como sobre a sociedade que compartimos. Nesta edición fixemos unha pequena escolma de pezas imprescindibles para ver en pantalla grande, pero ningún mellor ca el para falarnos delas.

*PAGÁN POR ALBERTE*

Domingo 14, 17.30 | Museo das Peregrinacións | Proxección das 7 curtametraxes dirixidas polo cineasta a modo de pequena retrospectiva + Masterclass: Que é o cinema?

## FAUSTINO 1936 (2010)

**Alberte Pagán**

Galicia / 6 min / Experimental



Faustino nom está na fotografia, mas é a causa da fotografia. Faustino vive e trabalha em Argentina. Casará, terá filhos, ficará viúvo, será assassinado. Faustino pede-lhe à família umha fotografia, para tê-los na memória. A família caminha desde Cenlhe a Rivadávia para deixar-se retratar. Para tomar a única fotografia conservada, na Galiza ou na Argentina, na que aparece a família inteira. Agás Faustino. Que nom está na fotografía mas é a causa da fotografia.

## WALSED (2014)

**Alberte Pagán**

Galicia / 3 min / Experimental



*Walsed* é um estudo cinematográfico sobre o clássico experimental "Visión fantástica" de Eugène Deslaw. Onde Deslaw negativava, eu nego —entanto recupero as images positivas originais— reduzindo drasticamente os 60 minutos da película e invertendo as images no espaço e no tempo.
A banda sonora segue a ser a mesma, igualmente comprimida a 3 minutos e desglossada em dous canais: num, na direcçom original; no outro, invertido temporalmente.
Esta negaçom dumha negaçom dista de ser umha aceitaçom: negam-se as images e as cançons folclóricas dum país fascista que subjazem às tomas do NO-DO retocadas por Deslaw, entende-se a intençom do cineasta à hora de negativizá-las/negá-las, mas, percebendo que o esforço nom avonda, vai-se além da sua proposta caminho da destruçom total.

## PELÍCULA URGENTE POR PALESTINA (2012)

**Alberte Pagán**

Galicia / 14 min / Documental



Esta é umha película urgente
por Palestina,
desde Palestina.
Esta é umha película sem images
porque as images som incapaces de representar a
história.
O cinema é mentira.
Esta é a image dumha mentira.
Israel é mentira,
a história é mentira.
Estas som images da história,
images do presente,
história das images.
A política é a história em estado presente.
Que foi da revoluçom palestina?
Isto nom é a descriçom dum combate:
isto é o combate.
Isto é um panfleto sobre o sofrimento cotiá,
esta é história do sofrimento histórico,
sem images,
sem palavras.
Isto é um panfleto pola autodeterminaçom,
polos direitos dos povos,
polo direito ao retorno.
Devo aprender que o futuro é um mundo habitável.
Devo aprender que o futuro é um mundo habitável.
Isto nom é umha película.





## FLORA E FAUNA (2017)

**Alberte Pagán**

Galicia / 13 min / Experimental



"Em 1963, quando nacim, eu figurava entre a flora e a fauna, nom entre a cidadania deste país."
Estas palavras do jornalista aborigem Stan Grant dam-lhe um novo senso às images da fauna australiana, extinta ou invasora, assi como à história do rebelde Ned Kelly, conservada em nitrato decadente.

## 25 DE JULHO (MÁSCARA) (2020)

**Alberte Pagán**

Galicia / 3 min / Experimental




Manifestaçom em tempos de pandemia. Dia da pátria em Compostela 2020.

## BENPOSTA (PENEIRA) (2020)

**Alberte Pagán**

Galicia / 8 min / Experimental



Os "muchachos" (e "muchachas"), Fermín Muguruza e Manu Chao no Reperkusión 2014 (Benposta) projetados sobre peneira. Dedicada ao povo saharaui.

## DOLORES (2021)

**Alberte Pagán**

Galicia / 12 min / Experimental



Dolores é a quinta entrega dos meus Estudos Cinematográficos ("estudo" nom como investigaçom experimental senom como análise crítico). Seis décadas despois a *Lolita* de Stanley Kubrick (1962) madurou e converteu-se em *Dolores:* já nom podemos vê-la (personage e película) com os mesmos olhos. Os erros digitais (as figuras dum plano entram no plano anterior para metamorfoseá-lo) descobrem relaçons até agora ocultas das personages.
Ao mesmo tempo *Dolores* conforma umha trilogia com *A Fundamental Error e Noite de rodos*, com as que comparte a investigaçom sobre a materialidade do cinema digital, ainda que neste caso a manipulaçom do código hexadecimal nom foi realizada por mim senom que me véu dada. *Dolores* é material encontrado (nom buscado), um arquivo digital corrupto que o meu reprodutor nom foi quem de reproduzir fluidamente. Eu limitei-me a improvisar umha melodia em direto, como músico de jazz, movendo as images cara adiante e cara atrás entanto gravava o resultado na pantalha.

#CINEUROPA35

# RETROSPECTIVA FERNANDO FERNÁN GÓMEZ

Unha superficial mirada á inxente e multidisciplinar obra do descomunal Fernando Fernán Gómez a través de *El mundo sigue*, quizais a súa obra capital xunto a *El extraño viaje*. *El mundo sigue*, unha das súas películas que sufriu o masacre da censura e que hai uns anos foi restaurada e recomposta na súa versión íntegra. E igualmente da que é talvez a maior rareza da súa filmografía: *Bruja, más que bruja*, un musical entre opereta, zarzuela e Bertolt Brecht que tamén representa a importancia doutra creadora, Emma Cohen, na vida e obra de Fernán Gómez.

Xoves 11, 19.45 | NUMAX

## ¡BRUJA MÁS QUE BRUJA! (1977)

**Fernando Fernán Gómez**

España / 92 min / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Francisco Algora, Emma Cohen, Mary Santpere, Fernando Fernán Gómez, Estela Delgado, Fernando Sánchez Polack, José Luis Barceló, Manuel Ayuso, Jose Lifante, Carmen Martínez Sierra, Pedro Beltrán

**Ficha técnica:**

Guión: Fernando Fernán Gómez, Pedro Beltrán
Fotografía: Leopoldo Villaseñor
Música: Carmelo A. Bernaola
Produción: Laro Films

**Sinopse:**

Don Justino é o cacique dunha pequena poboación que ten sometidos a todos os seus habitantes. O home obriga a Mariana a casar con el, aproveitando que o seu sobriño Juan, o mozo de Mariana, está a cumprir o servizo militar. Cando Juan volve a casa, acode a unha bruxa para que lle axude a vingarse do seu tío e recuperar á súa moza.



Martes 16, 17.45 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

## EL MUNDO SIGUE (1963)

**Fernando Fernán Gómez**

España / 115 min / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Lina Canalejas, Fernando Fernán Gómez, Gemma Cuervo, Milagros Leal, Francisco Pierrá, Agustín González, José Morales, José Calvo, Fernando Guillén, María Luisa Ponte, Jacinto San Emeterio, Pilar Bardem, José María Caffarel

**Ficha técnica:**

Guión: Fernando Fernán Gómez.
Baseado na novela de Juan Antonio Zunzunegui
Fotografía: Emilio Foriscot
Música: Daniel White
Produción: Ada Films

**Sinopse:**

